




HOMENAJE A ANTÓN ALONSO RÍOS E RAMÓN DE VALENZUELA



XUNTA DE GALICIA

**HOMENAXE A
ANTÓN ALONSO RÍOS E
RAMÓN DE VALENZUELA**

27, 28 e 29 de outubro e 5 de novembro de 2005

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Cultura e Deporte
2006

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

Luís Bará Torres
Director xeral de Creación e Difusión Cultural

Francisco X. Fernández Naval
Subdirector xeral de Creación e Difusión Cultural

Coordinación: Charo Ferreiro e Inmaculada Pena

Deseño de cuberta: Antonio Castro Ferreiro

Revisión do texto: Reverso SL

© Xunta de Galicia
Santiago de Compostela, 2006
ISBN: 84-453-4311-4
Dep. Legal: C-2633-06

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Cultura e Deporte
Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural

Imprime: Grafinova, S.A.

ÍNDICE

	Páxina
Presentación	7
RELATORIOS	
Manuel Igrexas	
Apuntamentos sobre a biografía de Ramón de Valenzuela	9
Mario Pereira	
Algunhas suxestións sobre a obra literaria de Valenzuela.....	17
Bieito Alonso Fernández	
A vixencia dunha vida	27
Xoán Carlos Garrido	
A Estrada, descabezada económica e culturalmente	37
Dionísio Pereira	
Os mortos esquecidos: Radiografía da represión franquista nun pequeno concello rural. O caso de Cerdedo (Pontevedra)	43
Manuel Igrexas	
A represión franquista en Silleda.....	63
Marcos Seixo Pastor	
Dous intelectuais cunteses asasinados: Xoán Xesús e Blanco Torres. Algunhas repercusións da represión franquista na actualidade.....	75
Avelino Pousa Antelo	
As miñas coincidencias con Ramón Valenzuela.....	85
Xosé Neira Vilas	
Homenaxe a Alonso Ríos e Ramón Valenzuela. Silleda, 5/11/05	87

Herminio Barreiro	
Ramón Valenzuela sempre na memoria.....	93
Celestino García Braña	
Homenaxe a Ramón de Valenzuela Otero, Silleda 5/10/2005.....	97
Xosé Manuel Malheiro	
Antón Alonso Ríos, política e pedagogía para un pobo.....	101
Matías Rodríguez da Torre	
Intervención acto de homenaxe no XXV cabodano de Antón Alonso Ríos e Ramón de Valenzuela	111
Alberte Maceira	
A Guerrilla na Comarca do Deza. Os acontecementos do 18 de xullo de 1936 en Silleda, Pontevedra	117

PRESENTACIÓN

O Ano da Memoria de Galicia pon á luz o río inmenso e sabido da nosa historia ocultada. Nomes, situacións, lugares, traxectorias vitais conmocionadas polo Golpe de Estado fascista de 1936; persoas esgazadas non soamente nos seus dereitos, senón nos seus vencellos afectivos, nas súas raíces, nas perspectivas trazadas desde a honradez e das posibilidades acadadas a partir duns alicerces marcados pola autenticidade e o respecto a unha sociedade sacudida por unha serie de circunstancias históricas imposíbeis de predicir.

Quedan tamén aqueles que tomaron o fusil e dispararon contra inocentes, pezas de máquinas da morte e mortas, individuos que, vencidos polo medo, pola cobiza ou pola aceptación submisiva dun poder espurio, se converteron en cadáveres andantes, en seres que xa para sempre se viron na obriga de tapar cara ao exterior os seus propios actos, sen aceptaren nunca que quedaban gravados indelebelmente nunha conciencia que perdía o dereito a respirar.

Dun lado e do outro, dun xeito ou doutro, a morte apoderouse daquela Galicia traumatizada; no entanto, houbo mentes dispostas á acción e á construción, persoas dotadas da capacidade de transformación en calquera circunstancia, que mantiveron a evolución do país ben coa acción rebelde nos montes e na clandestinidade –con figuras de enorme calidade intelectual e humana a viviren nas matogueiras– ou no exilio, onde o crisol reuniu pensadores, artistas e políticos de talle fóra do común, que pensaron Galicia desde a distancia imposta, para lle dar un novo sentido e unha proxección ao futuro, ao lugar onde se esgotase o inconsistente sistema montado co apoio da Luftwafe e a pasividade duns países democráticos que non imaxinaban o que para eles mesmos representaba aquela guerra.

Daquela, esta homenaxe vai máis aló de Antón Alonso Ríos e Ramón de Valenzuela: esténdese ás persoas represaliadas polo fascismo nas terras arredor do Deza, coa súa achega por unha Galicia en liberdade. Os dous nomes escollidos teñen unha indubidábel calidade intelectual e de dinamización, antes e despois da traxedia; malia iso, coidamos que a súa alma se sentiría ferida de non lembrarmos canda eles os que os acompañaron, as mulleres e os homes que, á súa beira, lle deron sentido e solidez á súa propia obra.

APUNTAMENTOS SOBRE A BIOGRAFÍA DE RAMÓN DE VALENZUELA

MANUEL IGREXAS

Pretendemos facer unha aproximación á figura do político e escritor Ramón de Valenzuela, centrándonos sobre todo nos primeiros anos da súa vida, cando desenvolve o seu labor na comarca de Deza.

Nace Ramón de Valenzuela Otero no Pazo da Viña, na parroquia silledense de Abades, o 3 de outubro de 1914. De familia fidalga, é fillo de José Valenzuela Ulloa, e neto por liña paterna de Gerardo Valenzuela Baamonde e Mauricia Ulloa Villar, dos Ulloa de Lalín. A súa nai, Dolores Otero García, era filla de Gumersindo Otero, quen fora presidente da Deputación de Pontevedra e gobernador civil de Ourense.

O pai, o popular médico José Valenzuela, foi un dos iniciadores do movemento agrarista en Silleda nos primeiros anos da década de 1920 e chegou a ser proclamado candidato para as eleccións a deputados provinciais de 1921, aínda que non saíu elixido.

Ramón estuda o bacharelato en Compostela para matricularse no curso 1931/1932 en Dereito. Ao ano seguinte farao en Filosofía e Letras. En 1933 marcha a Pontevedra para ingresar na Escola Normal, aínda que continúa como alumno libre das facultades de Dereito e Filosofía e Letras. Rematados os tres cursos de Maxisterio, destínano a Vigo como mestre, cargo que non chegou a exercer polo comezo da Guerra.

Aínda sen rematar o bacharelato, desenvolve unha intensa actividade de difusión cultural na súa parroquia de Abades: en 1930, crea, nunha casa do pai, unha escola para adultos na que dá clases en galego. No verán de 1933 forma con outros mozos un cadro teatral que chamaron Alborada, co ánimo de recadar fondos para a difusión cultural, chegando a representar algunhas obras na Bandeira e Silleda.

De 1933 datan os seus primeiros escritos. Trátase dunha serie de *Cartas a Alfonso d'Outeiro*, asinadas como Ramón da Viña e aparecidas no periódico lalinense *Razón*, dirixido polo agrarista Xesús Iglesias Surribas. Nelas trata de convencer o seu correspondente (en realidade o seu curmán Alfonso, daquela estudante en León) da necesidade da autonomía para avanzar na liberación de Galicia:

Non sentes derrota, porque sabes que, se non é hoxe é mañá; o noso pobo ha despertar dese soño en que parece sumido; porque co traballo dos que estudiamos para darlle unha organización forte e potente hanse decatar de quen son, onde viven, dos seus deberes, pero tamén dos seus dereitos.

Convécete, o único camiño é aquela cativa autonomía estatutista, porque nela é posible que podamos cimentar a idea de LIBERDADE.

Tamén en *Razón*, aparece a súa primeira obra literaria, trátase do conto *O billete de ida e volta*, un relato de traza popular no que un mozo labrego debe coller o tren en Santiago: a súa ignorancia do que é o ferrocarril dá lugar a situacións chocalleiras. Semellantes a este eran probablemente os contos que, co pseudónimo de Pepe dos Cestos, narraba nos anos 1934 e 1935 en Radio Pontevedra, en teatros e festivais (como o de música galega celebrado en Pontevedra en outubro de 1935) e nalgunha feira da Bandeira. Tamén actuou no teatro do Casino de Lalín en novembro de 1934, acompañando o coro Airiños da Ulla. Valenzuela abandonaría finalmente esta actividade por considerar que non contribuía a formar unha conciencia galega e podía dar unha visión ridícula do labrego.

Temos novas da súa actividade política desde marzo de 1932, cando participa no primeiro mitin do Partido Galeguista na Bandeira. Valenzuela, a quen a prensa cualifica como un dos máis activos organizadores do galeguismo na comarca, presenta os oradores: Fernández del Riego, López Durán e Antón Alonso Ríos. Froito deste labor créase o Grupo Galeguista de Abades que, baixo a dirección de Ramón Amigo Quintela, agrupa xentes das parroquias de Abades, Manduas, Moalde e Lamela. Os galeguistas de Abades tiñan a súa sede no edificio da escola fundada pola Sociedad Pro-Escuelas da Bandeira de Bos Aires, coa que mantiñan estreita relación. De feito, cando a sociedade bonaerense decide pechar a escola da Bandeira no verán de 1934, deixa en mans do Grupo de Abades a xestión do local e da súa biblioteca para “que sirvan como de casas do pobo, donde se poidan realizar xuntanzas, conferencias e canto se relazoe co melloramento de Galiza”.

Os galeguistas de Abades inician unha campaña de propaganda, coa organización de actos nas parroquias de Cira e Camanzo, onde volve tomar a palabra Valenzuela xunto a Fernández del Riego:

Valenzuela, entusiasta traballador pola causa autonomista, dixo que o grupo de Abades, ao contribuír coa súa aportación á intensa campaña que o Partido Galeguista está realizando en Galicia, faino coas miras postas tanto na liberación política como na mellora económica e dignificación espiritual do labrego galego. Rebate algúns dos tópicos que se esgrimen contra a autonomía e propugna a organización agraria, posto que os labregos asociados son os únicos que poden conseguir a súa propia liberdade.

O grupo de Abades, que non parou de medrar desde a súa creación, chegou a contar con oitenta militantes en 1936, na súa maioría labregos, incorporando mesmo algunhas mulleres.

Valenzuela intervén tamén na festa escolar do primeiro de maio de 1933 na escola do Marco da parroquia de Siador con Suárez Picallo e Alonso Ríos. A celebración fora instituída polos emigrados da sociedade Hijos de Silleda en 1924 (en plena ditadura de Primo de Rivera) como un xeito de reunir os alumnos das tres escolas fundadas por eles e conmemorar esa emblemática data.

O 15 de agosto de 1933 participa na Pelegrinaxe ao Candán, un acto de afirmación galeguista que se desenvolve na cima deste monte, en homenaxe ao vinte e cinco aniversario da Sociedad Hijos de Silleda. No programa de actos figuraban Otero Pedrayo, Vicente Risco, Suárez Picallo, Blanco-Amor e Alonso Ríos. Así nos describe Blanco-Amor a súa intervención:

Valenzuela Otero, case un neno, canta á mocidade, e o penacho celta do seu pelame, arde como unha chama vermella.

Intervén na campaña electoral das eleccións de novembro de 1933 e no acto que se organiza na Bandeira faino por primeira vez xunto a Castelao.

A súa vinculación co Partido Galeguista formalízase en 1934, ao incorporarse ás Mocidades Galeguistas. Na IV Asemblea do Partido, celebrada en Santiago en 1935, elíxeno conselleiro en representación da zona Lalín-A Estrada. Emprende entón o labor de organizar os galeguistas na comarca: visita os grupos xa constituídos e promove unha campaña de propaganda para crear novos. O seu proxecto de reorganización (que apareceu n'*A Nosa Terra*) consistía en crear unha estrutura baseada en células parroquiais de cinco membros, que enviarían un representante á Asemblea Comarcal:

Nas comarcas de Deza, Trasdeza e Ulla débense constituir células parroquiaes. Cada célula comporase de cinco membros ou irmáns e cada unha d-elas terá un voto nas asambleas ou conferencias periódicas que se teñan que celebrar.

En cada parroquia poden constituirse varias ou de ser unha soia total, terán voto igualmente cada agrupamento ou fraición de cinco irmáns.

As células de cada unha das tres comarcas formarán agrupacións que serán dirixidas por un segretario e un presidente. Cada tres meses celebrarán reunións xeraes as que asistirá un representante de cada célula. En todas as reunións xeraes renovaranse ou reelixiranse os cargos directivos ou sexan o presidente e secretario citados.

Durante os tres meses que dura a función nos cargos dos indicados directivos, os das tres comarcas constituirán un Consello superior que estará presidido polo Conselleiro ou suprente da zona e reunirse todos os meses.

O Conselleiro ou suprente son os encargados de representar a totalidade das agrupacións comarcaes no seo do Partido.

Viñan funcionando na comarca algúns grupos como o xa mencionado de Abades e o grupo galeguista de Botos (Lalín), animado polo mestre de Soutolongo Manuel González. O 23 de xaneiro de 1934 constitúese o Grupo Lalín, no que se inscriben Xosé María Calviño Mariño, carteiro e correspondente de *El Pueblo Gallego*, o mesmo Xesús Iglesias Surribas, Fernando Goyanes, o impresor e periodista Celso Carrón e Xosé Otero (Laxeiro), que actuaba como bibliotecario.

A principios de 1935 incorpóranse o mestre Xesús Golmar Rodríguez (que será elixido presidente e, a partir de abril de 1936, designado alcalde de Lalín), Enrique Vidal Abascal e Fernando Calviño.

Créanse tamén grupos noutras dúas parroquias lalinenses: Moneixas, arredor dos gaiteiros Os Dezas, que acaban converténdose nos animadores dos mitins do partido grazas ao empeño doutro militante das Mocidades Galeguistas, o periodista Xesús Froiz; e outro en Santiso, arredor tamén doutro grupo de gaiteiros: Os Cántigas.

En resumo, no Partido Galeguista, xunto a Ramón de Valenzuela, está a elite intelectual do Lalín da época e os principais promotores e colaboradores da prensa.

Con este labor non é de estrañar o éxito dos mitins do Partido Galeguista que se celebran a finais de 1935 e principios do 36 (nas vésperas das transcendentais eleccións de febreiro): no de Lalín, en setembro de 1935, volve intervir Valenzuela con Castelao (a primeira aparición deste, logo do exilio en Badaxoz) e no da Estrada, en xaneiro de 1936, con Víctor Casas e Castelao.

Ramón era moi apreciado como orador, pola súa amenidade e simpatía, e o carácter alegre e humorístico dos seus discursos, do que unha boa mostra son os cualificativos que lles aplica ás Juventudes de Acción Popular, teoricamente a rama xuvenil do dereitista e antiautonomista partido de Gil Robles, no que a maioría dos militantes pasaban dos 25 anos:

O nome auténtico que debían levar era este: Senectudes de Reacción Antipopular.

Logo da vitoria da Frente Popular en febreiro, os galeguistas lánzanse á preparación do plebiscito para o Estatuto de autonomía. Valenzuela participa activamente na campaña, levando as propostas do PG:

Facerlles ver aos campesiños e traballadores das vilas non quen somos senón que son eles e onde viven; ensinarlles que a súa terra rica e fartureta serve para os facer escravos cando puidera servir para lles dar unha vida con ilusións, con poesía e con pan. Levar a súa conciencia ao noso programa que non é inventado de hoxe para mañá senón ergueito na ciencia da Economía e da Política e cimentado na realidade de Galicia.

Que non imos verificar unha experiencia senón seguir un camiño que outras nacionalidades europeas remataron con éxito e sobre todo meterlles no corazón o convencemento de que en todas as horas e máis aínda nas presentes, Galicia a súa nai chama por todos os fillos porque se olla aldraxada pois un goberno de fóra quere doarlle a fame en troques da súa personalidade.

Pero o labor de Valenzuela non está só na comarca de Deza. Mentres segue os estudos de Maxisterio en Pontevedra convértese en profesor do Instituto Kosmos da capital, dirixido polo republicano Gonzalo Martín March. Intégrase na Federación de Juventudes Culturales Recreativas e dá algunhas conferencias sobre temas históricos nas parroquias pontevedresas como a de Mourente o 27 de outubro de 1935 sobre *Os celtas en Galicia*, acompañando a Martín March que falaba sobre *A orixe da humanidade*.

En maio de 1936 convértese en presidente da Federación de Juventudes Culturales de Pontevedra propoñendo un ambicioso programa de extensión cultural, para facerlles chegar ás parroquias rurais do concello o teatro, conferencias, bailes, excursións...

Cústanos traballo facer espertar á aldea, non o dubidamos, non contamos con grandes fondos materiais para acometer o que queremos; pero en cambio posuímos un almacén de cariño á nosa Terra e un espírito de sacrificio, que nos permitirá chegar ata onde sexa necesario.

Valenzuela colabora tamén co Seminario de Estudos Galegos na sección de Etnografía e Folclore, de onde lle naceu o seu interese pola historia de Galicia e a conciencia da necesidade do seu coñecemento e divulgación para sermos un pobo libre:

O pobo galego foi creador de moitas máis cousas das que hoxe están á vista e que andan en todas as artes, en todas as ciencias políticas e sociais. Ás veces foi un pobo submisivo, pero tamén se soubo erguer. Soubo domearse ao señor pero tamén lle soubo queimar a casa cando este abusou.

En 1928 os membros do Seminario iniciaron as súas “xeiras” ou campañas de investigación na Terra do Deza, que rematarían en 1935. O obxectivo era facer un estudo integral da comarca, máis completo ca o da Terra de Melide, e ía ser publicado en 1936. Pouco dese traballo puido ser salvado da destrución das hordas falanxistas que asaltaron a imprenta de Casal en Compostela. Valenzuela publicaría en 1945, na revista *Galicia Emigrante*, un artigo co título de “Lalín” que constitúe unha fer-

mosa descrición literaria de Deza, o escenario no que se desenvolve a maior parte da súa obra literaria, que reflicte o seu profundo coñecemento histórico e antropolóxico da comarca.

Toda esta actividade de Ramón de Valenzuela é bruscamente cortada polo Golpe de Estado do xeneral Franco. O 27 de xullo detéñeno na Bandeira canda o seu curmán José Carnero Valenzuela (que era a quen viña prender a patrulla militar enviada desde Compostela) e encérrano na prisión de Silleda. Conducido á de Compostela, sae o 1 de agosto logo de prestar declaración ante o xuíz militar, e queda como detido gubernativo. Con todo e ante a inseguridade de andar fuxido, ingresa como voluntario no exército franquista, no Quince Regimiento Ligero de Artillería, xa coa intención de cambiar de bando á menor oportunidade. Destinado en Cáceres, o 8 de decembro de 1937, pasa a territorio da República e incorpórase ao cuartel xeral da división que manda Enrique Líster.

En Barcelona, onde están instaladas as institucións políticas republicanas, colabora cos galegos da zona leal uníndose á Solidariedade Galega Antifascista, da que é nomeado secretario de Información e Prensa. Intégrase tamén na Dirección do Partido Galeguista, desempeñando os cargos de secretario xeral e secretario de organización.

Escribe na revista *Nova Galiza. Boletín Quincenal dos Escritores Galegos Antifascistas*, onde publica algúns artigos en galego (“Os enemigos d’o pobo son os enemigos das liberdades rexionais” e “Xente que naceu cansada”). Aparecen tamén en *Nova Galiza* outros textos en castelán asinados cos pseudónimos Tras-Deza e Ramón Trasdeza de Abades que corresponden evidentemente a Ramón de Valenzuela.

En 1939, trala conquista de Cataluña polos franquistas, pasa a Francia cos restos do exército republicano. Intérnase no campo de concentración de Argelès-sur-Mer. Logo pasa ao de Saint-Cyprien, onde recibe axuda da Sociedad Pro Escuelas na Bandeira de Bos Aires. Xa en liberdade, colabora co 2º *Boureau* do exército francés como oficial republicano. Alí coñece a que había ser a súa muller, María Victoria, filla do deputado Elpidio Villaverde. O estoupido da Segunda Guerra Mundial levou a familia Villaverde a marchar á Arxentina, pero Valenzuela permanece en Francia, para continuar a loita contra o fascismo.

Cando os alemáns ocupan Francia, a Gestapo prénde e entrégallo á policía política franquista. Xúlgano en Ávila e condénano a vinte anos e un día, que empeza a cumprir na mesma prisión de Ávila.

En 1944, sae do cárcere en liberdade vixiada e con inhabilitación para a docencia. Instálase en Vilagarcía, onde traballa como axente comercial e dirixe unha explotación de arxila.

Casa con María Victoria Villaverde en xaneiro de 1945. Nese ano retoma os estudos universitarios e no 47 licénciase en Filosofía e Letras, sección de Historia.

En 1949, despois de conseguir o indulto que o libera do réxime de prisión atenuada, marcha a Bos Aires coa súa familia.

Na capital bonaerense traballa en actividades comerciais e entrégase ao labor político e cultural. Colabora como secretario de Castelao e participa con el na Irmandade Galega. Pronuncia múltiples conferencias en institucións galegas da Arxentina e Uruguai. É membro da Agrupación Galega de Universitarios e Artistas (AGUEA) onde dá clases de xeografía galega.

Non esquece o seu papel de publicista e, ao pouco de chegar á Arxentina, en 1951, xa aparecen colaboracións súas n' *A Nosa Terra*. Anos despois, en xuño de 1955, inicia, no mesmo xornal, unha serie baixo o título de “Estampas” na que vai narrando diversos episodios da historia de Galicia, en relación moi probablemente coas clases que ofrece na AGUEA: *As inquedanzas de Idacio. Godos e mouros, Don Diego Xelmirez*.

A súa primeira novela *Non agardei por ninguén* publícase en 1957, na editorial Citania. Nela relata os acontecementos de 1936 ata o seu paso á zona republicana.

Exerce a crítica literaria no periódico *La Gaceta de Tucumán*, onde publica tamén algúns contos ilustrados por Laxeiro. Colabora en *Galicia Emigrante*, a revista de Luís Seoane e na audición de igual nome en *Radio Libertad*. Os relatos publicados en *Galicia Emigrante* e as versións galegas dos que aparecen en *La Gaceta* serían despois recuperados por Ramón para incluílos no libro *O Naranxo*.

Dirixe o Ateneo Curros Enríquez, da Federación de Sociedades Galegas, no derradeiro esforzo por conseguir unha escola de teatro estábel que continúe as directrices do Teatro Popular Galego de Blanco-Amor. Ademais de participar como actor, traduce ao galego *A camisa* de Lauro Olmo e *O casamento do latoeiro* de John M. Synge. A súa única peza teatral, *As bágoas do demo*, estréase en agosto de 1964 no Teatro Castelao do Centro Galego de Bos Aires, dirixida por Blanco-Amor.

Tamén en 1960, cos integrantes da Compañía Maruxa Villanueva, que representaran *Os vellos non deben de namorarse*, participa nunha lectura da obra de Castelao, no décimo cabodano do seu pasamento.

Parece que é sobre 1962 cando decide ingresar no Partido Comunista, aínda que sen abandonar o ideal galeguista que sempre impulsou a súa práctica política.

Retorna en 1966 para instalarse en Madrid, onde traballa como mestre no Colexio Cisneros e ensina Xeografía e Historia de Galicia no Círculo de Estudos Gallegos que funciona no Club de Amigos da UNESCO.

En 1974 aparece o libro de relatos *O Naranxo* editado polo grupo Brais Pinto.

Nestes anos pronuncia numerosas conferencias sobre temas galegos; nunha delas, celebrada en 1976 na Facultade de Económicas de Compostela, desata unha forte polémica. Logo sería publicada por Akal co título “Historia do Galeguismo Político”.

En 1978 é rehabilitado como mestre e incorpórase á Escuela Nacional Jovellanos de Madrid, para trasladarse ao ano seguinte ao Colegio Nacional Piloto Virgen del Cerro.

Preséntase como candidato polo PCG nas eleccións xerais da primavera de 1979.

No ano 1980 publícase a súa segunda novela, *Era tempo de apandar*, tamén autobiográfica, na que narra os acontecementos posteriores da Guerra Civil.

Nese ano descóbreselle o cancro de pulmón que lle había segar a vida en Portonovo, o 27 de outubro.

BIBLIOGRAFÍA DE RAMÓN DE VALENZUELA

- *Non agardei por ninguén*. Citania, 1957. Bos Aires; Akal, 1976; Xerais, 1989 (edición de Modesto Hermida).
- *O Naranxo*. Brais Pinto, 1974 (con ilustracións de Xaquín Marín); Asociación Cultural O Naranxo, 1998 (edición de Manuel Igrexas e Mario Pereira).
- *Historia do galeguismo político: Conferencia na Facultade de Económicas de Santiago*. Akal, 1976.
- *Era tempo de apandar*. Akal, 1980; A Nosa Terra, 1997.
- *As bágoas do demo*. Do Castro, 1996 (edición de Luís Pérez Rodríguez).

BIBLIOGRAFÍA

PRENSA:

La Gaceta de Tucumán
Galicia Emigrante. Bos Aires
A Nosa Terra. Compostela
Nueva Galicia. Barcelona
El País. Pontevedra
El Pueblo Gallego. Vigo
El Emigrado. A Estrada
Razón. Lalín

ALGUNHAS SUXESTIÓNS SOBRE A OBRA LITERARIA DE VALENZUELA

MARIO PEREIRA

Boa tarde:

Reúnenos aquí a Asociación Cultural Adellís para reivindicarmos a traxectoria de dous trasdezaos que, ben lonxe das súas intencións, se converteron en heroes de resistencia á barbarie que no 36 arramplou coas súas ilusións e coas ilusións de todo un país. Valenzuela e Alonso Ríos deixáronnos as súas cativadoras peripecias vitais que, malia non nos poderen seducir como “novelescas” aventuras de supervivencia personal, non deben ocultarnos que a marcha dos tempos as converteu nun exemplo de fidelidade e compromiso cuns ideais e cunhas ideas –democracia, xustiza social, galeguismo...– que non só os puxeron aos pés dos cabalos nos tempos máis tenebrosos da nosa historia recente, senón que aínda hoxe levantan ronchas entre determinados círculos ideolóxicos. Se iso non fose así, se hoxe vivísemos en plena normalidade democrática e cultural, este acto, como acto reivindicativo, non tería lugar.

Correspondeume falarvos de Valenzuela desde un punto de vista literario e, a risco de que me chamedes “fungón”, voume seguir queixando desa falta de normalidade: a estas alturas a figura literaria de Valenzuela xa debería estar perfectamente cifrada e consolidada no noso sistema literario e, polo tanto, a miña presenza aquí non debería servir para reivindicar o excelente narrador que é Valenzuela, senón para expor os elementos centrais da obra de Ramón, resumindo, compartindo ou disintindo, aclarando ou matizando... os estudos que terían que estar feitos sobre a súa narrativa. Pero tales estudos son tan escasos como o son a difusión da súa obra e o

recoñecemento literario que lle reservan as nosas historias e manuais. As razóns diso son múltiples e non as vou debullar agora. Lamentaría que, de facelo, tivésemos que chegar á conclusión de que algunhas delas radicasen en feitos e circunstancias tan pouco literarias coma a súa opción ideolóxica en relación cos conflitos internos que atravesou o nacionalismo durante a Ditadura e a Transición.

COMPROMISO SOCIAL E ARTÍSTICO

A cita de Camus que Blanco-Amor, tan amigo de Ramón e director d’*As bágoas do demo*¹, a súa única peza teatral, inclúe ao inicio de *Xente ao lonxe* resume perfectamente o dobre compromiso (ideolóxico e artístico) do que informan a vida e a obra de Valenzuela: “No máis segredo do meu corazón non sinto homildade sinón fronte ás vidas máis probes ou ás máis grandes aventuras do espírito. Entre ises dous extremos atópase hoxe unha sociedade que dá risa”.

Ese dobre compromiso maniféstase, por unha banda, na súa tripla militancia –non me atrevería a cualificala de sucesiva–: agrarista, galeguista e comunista e, por outra, na súa expresión literaria; pero tamén na súa actitude: humildade. Unhas e outra son imprescindíbeis para comprendermos os perfís do Valenzuela escritor.

Cando os de 2º de BAC chegedes ao tema da literatura galega do exilio (aos de 1º fáltavos algo máis) veredes que Valenzuela é despachado coa afirmación de que é el, con *Non agardei por ninguén*², quen inaugura, na nosa literatura, a novela autobiográfica ambientada na Guerra Civil. Pouco máis que a ampliación desta idea atopades na maior parte dos manuais de literatura. Non sei: é coma se o exilio fose unha anomalía –en vez dunha realidade– e a literatura producida no exilio (excepción feita de Blanco-Amor) se reducise a ser testemuña ou expresión cívico-política dun feito estraño ao noso sistema literario. A circunstancia convértese en categoría e o substantivo –literatura– subordínase ao modificador –do exilio–.

Ao mesmo tempo, o percorrido vital (tal e como volo acaba de expor o profesor Igrexas) é tan rico e “novelesco” que a propia historia do autor parece anular os méritos da obra. Ora ben, se queremos valorar debidamente a obra de Valenzuela debemos tratar de diferenciar a historia da literatura e a persoa histórica do personaxe literario. Valenzuela non fai autobiografía, escribe literatura. Ese deslinde que vos proponho non é fácil, cando menos por dúas razóns:

1 VALENZUELA, Ramón de: *As bágoas do demo*. Edición do Castro, 1996. O Castro-Sada. Edición de Luís Pérez Rodríguez.

2 VALENZUELA, Ramón de: *Era tempo de apandar*. Akal, 1980. Madrid. / *Era tempo de apandar*. A Nosa Terra, 1997. Vigo. Sempre citarei pola máis recente.

a) O eu narrador, protagonista das dúas novelas e en varios dos relatos breves (*O Naranxo*³, *O carballo grande* e *O Ciclón*) recollen experiencias da vida de Valenzuela. Ou dito doutro xeito, Valenzuela utiliza as súas peripecias biográficas como materia literaria.

b) O noso autor escribe desde unha comprensión da existencia e desde unha ideoloxía ben definidas. A súa literatura faise desde o compromiso e desde a análise da realidade. Pero, de igual modo que non fai autobiografía, tampouco fai ensaio ou análise política.

Adóitase dicir que os protagonistas das súas novelas son unha transposición do propio autor. Con todo, ninguén afirma que o Naranxo, personaxe presente en todas as súas obras, é unha transposición de Manuel González Ferradás, o máis famoso dos tolos de Lalín, nado en Santiso en 1879 e finado na Xesta en 1945; nin que o Ciclón do relato que leva ese título sexa unha biografía do cabalo, tamén chamado Ciclón, propiedade da casa e co que o pai realizaba as súas visitas médicas polas terras de Trasdeza.

Deixádeme parar un momentíño neste conto. Se cadra así vou conseguindo explicar que a historia e a literatura son dúas realidades paralelas e non confundíbeis, aínda que, por veces, poida parecer que se encontran ou que unha é espello da outra.

O CICLÓN

O Ciclón narra a historia dunha amizade entre un cabalo e o narrador protagonista. Este comparte experiencias con Valenzuela (vai á escola a Manduas, estuda en Santiago, vive unha tempada no estranxeiro, está no cárcere de Ávila...). Pola súa banda, o cabalo ten o mesmo nome ca o do pai, aquel Ciclón co que Valenzuela paseaba diante do cárcere de Silleda para darlles ánimos aos republicanos presos, nos primeiros momentos do Alzamento e mentres non foi encarcerado el mesmo. Ora ben, do mesmo xeito que no relato se omite este feito (que sen dúbida sería relevante se Ramón quixese facer autobiografía) hai outro que non se corresponde co Ciclón “histórico” e que é fundamental no relato: o Ciclón “literario” é “grande, vermello e cunha estrela branca na testa”. No relato esta información atrásase todo o posible porque é a clave da interpretación simbólica de todo o conto e tamén da súa interpretación ideolóxica: o Ciclón é a “parábola” dunha xeración, dun país condenado ao desterro que precisa da permanencia na memoria para existir, e que debe “morrer” na

³ VALENZUELA, Ramón de: *O Naranxo*. Brais Pinto, 1974. Con ilustracións de Xaquín Marín / *O Naranxo*. Asociación Cultural O Naranxo, 2002. Lalín. Edición de Manuel Igrexas e Mario Pereira.

casa para seguir vivindo e alimentando os valores que o unen ao protagonista: amizade, fidelidade, liberdade simbolizada na estrela vermella e compromiso coas ideoloxías liberadoras expresadas na súa color vermella. O escritor seleccionou elementos da realidade empírica, asociounos entre si e con outros “inventados” e, así, construíu un conto, no que uns e outros se relacionan para construír un relato de espléndida arquitectura.

O narrador protagonista d’*O Naranxo* e d’*O carballo grande* e os narradores testemuñas d’*O meu tío Queitano* e d’*A esperanza de Resende* tamén conteñen notas confundíbeis coa vida de Valenzuela. Ese “biografismo” non é máis ca unha estratexia narrativa á procura da verosimilitude ante uns feitos contados que, cando menos, poderían semellar estraños e pouco críbeis.

O NARANXO DA NARRATIVA ORAL

Mencionei antes o Naranxo, díxenvos o seu nome e as datas que enmarcaron a súa vida. Non vos dixen que, desde que gardo memoria, o Naranxo está presente na miña vida. Coma calquera lalinense, utilizo as expresións “cousas do Naranxo” ou “contas do Naranxo” para indicarlle a alguén que está esaxerando máis do que a miña medida das cousas é quen de aceptar. Tamén levo escoitado moitas historias do Naranxo; tantas que durante moito tempo pensei que o tal das botas non existira nunca, que era un personaxe dos contos. (Así de rica é a relación entre literatura e realidade!)

Non me resultaba críbel que puidese existir alguén coma o Naranxo, a quen sempre se lle apuña ser un pobre de pedir que, na súa tolemia, se consideraba multimillonario e andaba por aí repartindo millóns e “trillóns” (polo visto eran retallos de xornais). Tampouco cría parte das historias que se lle atribuían. A ver:

Unha vez o Naranxo comezou a correr e correr en Bergazos, seguiu correndo, correndo, e cruzou Santiso, pasou a toda mecha por Ois Pequeno sen atender a ninguén, chegou ao Vento e colleu cara a Bermés, sen responder a ningunha pregunta nin chamada. Por fin en Bermés, alasando, respondeulle a unha velliña. -Pero que apuro tes, Naranxo? A onde vas?, -Cale, muller, cale, cale e non me enrede. Hai aí unha bala que me vén perseguindo desde Bergazos e, como eu pare, ela píllame.

A que non credes que sucedese? Eu tampouco. Pero o importante, pois falamos de literatura, é que as historias do Naranxo se foron transmitindo, modificando e ampliando de boca en boca para acabaren sendo literatura de transmisión oral. Anécdotas reais convertéronse en contos. Contos que inicialmente non tiñan nada que ver co Naranxo acabáronselle atribuindo a el: o Naranxo, non tanto por tolo, senón como por tolo consolidado no sistema literario de transmisión oral, xa era quen de manter e darlle credibilidade a calquera feito incríbel. O “meu” Naranxo dos contos podía

correr (ou, mellor dito, pensar que corría) quilómetros e quilómetros, diante dunha bala e iso si que era perfectamente aceptábel por min. Eu era neno, pero entendía, coma calquera, eses códigos da literatura distintos aos da “realidade”.

Podería contarvos máis historias destas, pero é mellor que o faga Valenzuela. En *Non agardei por ninguén* inclúese un episodio ao que lle poderíamos chamar “a voda do Naranxo”.

EU.- ¿Ti choraches algunha vez, Naranxo?

NARANXO.- Chorei e mais ben. Chorei soamente unha soia vez, pero foi longa, foi aceda... chorei deica que me recompuxen.

TODOS.- ¿Cómo foi, Naranxo?

NARANXO.- Foi en Lalín, hai tres ou catro anos. Un día ordenei de casar coa filla do Notario. Era un paso moi serio, porque a nena tiña dezaoito anos, e resultaba noviña para min. Penseino ben todo o día. Metinme no medio dunha leira de millo onde ninguén me vira, cavilando, cavilando, cavilando. A eso das dúas da mañá achegueime á igrexa de Donramiro, pegueille un afincón á porta pequena e rubín ó campanario. Agarrei os dous badalos e comecei a mallar nos sinos a canto máis podía. Toda a noite de Deza parecía un trono. Eu repenicaba arreo. Tiña preparado un foguete de lucería que me dera o fogueteiro de Bazar e logo boteime novamente ás campás. De alí a pouco empezou a chegar xente con lanternas e fáchicos de palla, por todos os camiños que daban á igrexa. Eran os meus labregos que sabían que eu non os fá deixar sen convidar á voda. Cando coidei que xa non cabía máis xente no adro, deixei de tocar. Dende o alto da torre, díxenlle:

—Meus queridos amigos, homes das miñas labranzas; xente da terra de Deza e de todas as terras do mundo que me pertencen. Quíxenvos chamar para vos dicir eu mesmo que mañá caso coa filla do Notario.

Agarrei o outro foguete de lucería que me quedaba, prendinlle lume e espáreseuse nunha brillante luzada sobre daquel mundo de xente.

Baixei da torre para lle dar unha aperta a todos os meus veciños. Cando cheguei á porta estaban alí dous Gardas Civís en tricornio mouro. Un agarroume por atrás polos ombreiros e outro empezou comigo ás mascadas diante de todos. A xente toda deu volta para a casa, eu quedei sangrando pola boca e polas ventas.

DÍAZ.- Doeuche moito?

NARANXO.-Dor do corpo non tiven ningún. Doeume a ofensa, doeume o xeito, doeume a vergoña que tal pasei. Xa nin sequera lle fun dicir á rapaza que quería casar con ela. Fuxín de Deza e andei polos camiños, entre xente estraña, chorando como un meniño. Tardei preto de seis meses en me recompoñer, en sosegar o meu ánimo.

DÍAZ.- Agora terás ocasión de tomar vinga dos Gardas que che pegaron.

NARANXO.- Xa tomei vinga ben tomada. Tomeina sen querer, veu soa. Resulta que unha tarde, en que toda a xente estaba na rúa, aparecín por Lalín. Axiña se correu a voz de que eu voltara cando todos xa coidaran que morrera, e comezaron a me dar apertas e cartos e a me querer convidar. A filla do Notario xa casara con outro, e viñeron ela e mais o home para me convidar.

DÍAZ.- ¿E a vinga?

NARANXO.- Diante daquel recibimento eu estaba recomposto, sen xenreira, sen noxo, fuxira o motivo da miña vergoña. Se os gardas eran homes tiña que lles remoer o pesadume.

DÍAZ.- Os Gardas Civís teñen o espírito curtido. As emocións regulamentadas.

NARANXO.- Probe xente logo.¿Aínda lle queres facer máis dano? (pp.75-76)

A min contáronmo ducias de veces e teño a certeza de que, este si, está baseado nunha anécdota real: unha noite o Naranxo espertou a toda a parroquia de Donramiro, batendo as campás da igrexa; os veciños acudiron á chamada das badaladas e alí atoparon o Naranxo que os informou de que decidira casar coa filla do notario e, malia que ela aínda non sabía nada, a noticia ben merecía un par de foguetes. Iso foi o que ocorreu. A partir de aí, Valenzuela constrúe un relato que pon en boca do propio protagonista (estratexia narrativa, arte e non vida) e engade a intervención violenta da Garda Civil, as lágrimas do Naranxo e a súa rehabilitación persoal e social. Todo iso sobraría se non estivese no contexto concreto que é *Non agardei por ningún*. Se non estivese enmarcado pola discusión ideolóxica que o agrarista, o galeguista e o comunista (sóavos isto a algo que dixen antes) teñen na casa de Soutullo de Reboreda, un espazo no que se acolle a todo o mundo, nun tempo en que todo o mundo anda en retesía, cos falanxistas perseguindo os tres fuxidos. A bondade violentada, a inxustiza e a altura moral do tolo adquiren significación na rede de elementos que conforman a novela e, por extensión, toda a literatura de Valenzuela.

Xa vos comentei que o Naranxo é un personaxe presente en todas as obras do noso autor. Iso é un feito singular e debe ter algunha significación, non si?

O NARANXO, REI DO MUNDO: UTOPIÍA E SÁTIRA

Poderíamos pensar que Valenzuela se sentiu tan cativado polo tolo que non deu evitado incluílo en todas as súas obras. Tamén poderíamos pensar que o mesmo lle sucedeu a Laxeiro –compañeiro de pensión de Ramón, cando estudantes en Pontevedra, e amigo de por vida– para pintalo polo menos tres veces, unha delas nesa obra mestra titulada *O Naranxo, rei do mundo*. Pero non sería unha explicación satisfactoria.

Sabemos que Valenzuela tomou anacos da súa propia vida para compor os protagonistas da súas novelas. Tamén poderíamos dicir que tomou anacos do seu ideario para compor o Naranxo da súa obra. Quen afirma que Gonzalo Ozores, por exemplo, é unha transposición de Ramón de Valenzuela á literatura, o mesmo podería afirmar do “seu” Naranxo. Se collemos a idea e o idealismo con que Valenzuela contempla o mundo e os conducimos –literariamente– á utopía, obtemos o Naranxo. Non sería,

pois, un disparate afirmarmos que hai máis de Valenzuela no “seu” Naranxo ca nos seus protagonistas: naquel está a cerna do autor, nestes algunhas das súas peripecias.

Antes destacaba a humildade como actitude, a humildade e, engado, a xenerosidade. Coma noutros moitos, a ferocidade fascista cebouse en Valenzuela. A súa actividade pedagóxica e o seu activismo político a favor dos marxizados víronse esfarelados pola sublevación do 36. Aquel mozo emprendedor e activo pasou media vida escapándolles á represión e á morte. Non obstante, nas súas novelas non hai rancor, nin palabras especialmente amargas. Eu non creo que fose un santo e que non tivese momentos para a acritude, nin que sempre estivese seguro de que a súa vinganza (reparación da xustiza, debemos dicir) había ser coma a do Naranxo no fragmento que acabamos de ler (ou si?).

Ramón préstalles anacos de vida aos seus heroes, pero non os dota de amargura, nin rancor. Os seus heroes son carrexados pola corrente dos acontecementos coma unha casca de noz na enchente do río. Sobreviven pola súa firme vontade de facelo e porque teñen un horizonte nítido –a loita na que teñen fe, velaí unha expresión favorita de Valenzuela– que os mantén. E igual que carecen de resentimento, tamén evitan a exposición doutrinaria e a diferenciación maniquea entre bos e malos. Ata nos personaxes máis negativos, o heroe –ao tratalos de cerca– atopa algún trazo positivo ou algunha xustificación última.

Ora ben, ten Valenzuela unha visión tan inxenua e bondadosa do mundo? Estando, como están, a maior parte das súas páxinas ambientadas nos momentos máis brutais do século XX, poden evitar a condena da represión, a cadea e a morte? Poden evitar a condena da guerra e da explotación do home polo home?

Por suposto que non. Non poden e non o fan, e aí hai unha boa mostra do talento literario (ese que tantas veces se subordina á súa biografía) de Valenzuela. E aí intervén o Naranxo.

N’*O Naranxo*, relato que lle dá título ao libro enteiro e que xa aparecera en 1955, na Arxentina (*Galicia Emigrante*, nº 15), o narrador atópase co tolo e manteñen unha conversa sobre os límites da loucura. O Naranxo suscita o tema, pero a resposta élle indiferente (“A min non che me importa moito saber se estou ou non estou tolo. Impórtame soamente facer ben coas miñas riquezas”). E é que no mundo no que el é rei e cidadán soberano as cousas son ben diferentes e o sistema de valores non ten nada que ver co do mundo que coñecemos. Alí, en Utopía, o Naranxo é propietario de todas as terras, de todos os bancos e, mesmo, dunha estrela que don Ramón Aller atopa para el. El, o dono e soberano, distribúe esa riqueza e a cambio só pide o máis elemental sustento. Vexamos como nolo di:

Cando chegamos ó Pontillón inviteino cun aceno a que se sentara e sentámonos. Logo dixo:

—Ti xa sabes que eu son o home máis rico do mundo.

—Sei o que me dixeron, pero véxote sempre co mesmo pantalón, coa mesma chaqueta remendada, co mesmo pucho de hai dez anos. ¿Que fas de tanta riqueza?

O Naranxo púxose a mirar para ningures un anaco de tempo. Un tempo que sobrava. Naquela deshora da noite non importa o reloxo. Mainamente falou:

—Tanto o Banco da Coruña como o Pastor son meus. Teño dous trillóns de pesos en cada un..., xa ves, coma se non tivera nada. Nos bancos non hai máis que números. ¿Ou pensas ti que andan decote a contar os cartos? Se cadra alí non hai máis que retratos de cartos. Teño medo de lle ir pedir un día cartos e que non teñan máis que firmas de que os teñen, e se hai xente por alí arredor poden perder a sona... e despois, se perden a sona, ¡cataplún!, alá se vai o banco. Un banco, que ten o creto do outro banco... e tamén se vai o outro banco e quedo sen eles.

—Xa falei o outro día cos xerentes —continuou medio enfadado—; os dous me dixeron que dos bancos terei todo canto precise, menos cartos, porque se lles quito os cartos, é coma se a un labrego lle quitan o arado e mais as sachas, que non pode rabuñar a terra cos dedos... e teñen razón. Sei que teñen razón, porque son boa xente. Nos dous bancos teño boa xente e non lles quero dar traballo.

—¿Tamén tes casas? —pregunteille.

—E casas ricas —contestoume—. Non vaias pensar que son calquera cousa. As casas de Lalín son todas miñas. Tamén son miñas as casas de Trasdeza e as da Ulla e as de Rodeiro... Teño dous trillóns de casas. Estouche falando das casas que vexo, porque as que non vexo non as conto. Para cousas que son e que se non ven xa teño dabondo cos bancos.

—¿E logo ti onde vives?

—En todas e en ningunha —respondeume rañando na cabeza coma se estivera meditando—. As casas traen moitos gastos e teño feito trato cos que viven nelas: eles pagan tódalas contribucións e tódolos gastos e eu non lles cobro nada. Nestas casas de Lalín teño boa xente; moi boa xente; moi boa xente.

—¿E labranza?

—Moita, teño moitísima. Teño as terras de Donramiro, Donfreán e Donsión, xuntamente con tódalas terras que se ven e as que se adiviñan, pero ti xa sabes que eu coas que se adiviñan non conto. Se fora día verías que cheadélsimas de leiras eu teño. Ese si que é un mundo —despois dunha pausa de meditación seguiu—: A verdade é que de todas cantas riquezas teño, o que máis estimo son as terras. Cada casa de cada labrador ten obriga de me dar unha cunca de caldo sempre que lla pida, aínda que sexa tódolos días, e cada vez que eu aparezo nunha casa, non soamente me dan caldo, senón que me porfían co compango e co viño... Teño xente moi boa nas miñas labranzas. É xente moi boa..., pero vive mal; case que lle non chega para pagar as contribucións. Traballan de sol a sol..., por eso foxe das terras e vaise para traballar noutros sitios. Os que quedan aquí envellecen novos. (pp.30-31)

Vistes algunha crítica mellor á inxusta distribución da terra e dos bens? Vistes algunha crítica tan eficaz do edificio do capitalismo financeiro?

Cada intervención do Naranxo nas obras de Valenzuela vai no mesmo sentido: da contraposición entre a utopía (a tolemia do personaxe) e a hostil e inxusta realida-

de social; é esta a que sae perdendo, a que resulta cuestionada e descualificada. Velaí o procedemento do autor satírico. Valenzuela non vilipendia, non degrada o mundo que lle tocou vivir; non o quere destruír, só o quere cambiar coa educación ou coa acción política. Por iso non o maltrata con procedementos de sarcasmo bruto. Crítica e condena as estruturas da opresión, pero faino con sutileza e humor; ese humor que resulta do enfrontamento entre dous universos (o da cordura e o da tolemia) tan distintos e do noso sorriso cómplice co tolo (co parvo, co inxenuo...).

Porque á fin e ao cabo, onde está a loucura e onde a cordura? No mundo que describen as guerras (a do 36 e a II Guerra Mundial), residencia da represión, do cárcere e da morte? Nese mundo onde se persegue os ensinantes e os intelectuais comprometidos e se explota as masas agrarias e proletarias? É ese o mundo dos cordos? É un tolo o Naranxo? En que mundo é inconcibíbel un “amo” que distribúe a riqueza? En que mundo é inconcibíbel unha sociedade sen marxínados? Só na tolemia do Naranxo? Só nos soños galeguistas e igualitarios de Ramón de Valenzuela?

DE GONZALO DE OZORES AO AGRIMENSOR K

As *chiscadelas* literarias son frecuentes na obra do noso autor. Deixádeme que me fixe en dúas:

Gonzalo Ozores, o nome do protagonista de *Non agardei por ningún*⁴, está tomado da novela de López Ferreiro, *O castelo de Pambre*. No segundo capítulo de *Era tempo de apandar*, o protagonista, preso en Ávila, fai un exercicio de autoironía declamando o Sexismundo de Calderón e imprecando a Kafka, ao que o autor segue homenaxeando no xogo que mantén con dúas cascudas (*A metamorfose*, ao fondo) e ao que utiliza para pór en evidencia a groseira formación e o talante túzaro do oficial da prisión.

Eses pontóns trázanos a variedade de lecturas de Valenzuela e a súa densa formación literaria. Se a iso lle sumamos a magnífica competencia lingüística que ten tanto no galego literario como no galego popular, e lle engadimos a extraordinaria experiencia vital, non debe estrañarnos que o resultado sexa unha obra tan breve como excelente.

Cómenos o tempo –a vós polas orellas e a min pola boca– e debo rematar un tanto precipitadamente:

4 VALENZUELA, Ramón de: *Era tempo de apandar*. Citania, 1957. Bos Aires / *Era tempo de apandar*. Akal, 1976. Madrid / *Era tempo de apandar*. Xerais, 1989. Vigo. Edición de Modesto Hermida.

Ramón de Valenzuela é un autor que sabe como contar (dispón dunha rica bagaxe literaria), ten instrumento con que contala (unha lingua que lle flúe rica e variada) e ten que contar (esas súas “novelescas” experiencias).

Os doce relatos d’*O Naranxo* son mostras da súa habelencia como construtor de arquitecturas narrativas perfectas, tanto se os consideramos un e un, coma se –e iso é máis difícil– contemplamos o conxunto. Constitúen, ademais, o “elo perdido” entre a narrativa da Xeración Nós e a Nova Narrativa. Se a nosa crítica os analizase así, buscaríalle un mellor encaixe ao relato breve de Valenzuela no noso sistema literario.

Non agardei por ninguén, de igualmente perfecta arquitectura –esta vez de novela de aventuras– é moito máis ca unha novela inaugural. É unha novela con tal equilibrio de forma, contido e estilo que debería ser obxecto de análise demorada nas nosas escolas.

Sospeito que *Era tempo de apandar* é unha novela inconclusa. A miña sospeita baséase nunha circunstancia externa: sae en 1980, ano en que un cancro de pulmón leva o noso autor; podo pois imaxinar a Ramón rematándoa e dándoa ao prelo precipitadamente mentres as follas do calendario se apresuraban a caer. Pero é unha análise interna –que non podo facer aquí– a que mo confirma. Aínda que a estrutura de cada capítulo e de cada unidade narrativa en si está perfectamente articulada e calquera deles, individualmente, mantén un excelente ritmo narrativo, o conxunto total dá a sensación de non ser máis ca o preludio dunha gran novela. Aquela morte que con tanta insistencia o perseguira non lle permitiu redondear a novela na que Ramón ía confirmar o seu dominio –tamén– das novas técnicas narrativas.

As bágoas do demo é, en palabras de Luís Pérez Rodríguez, o seu editor, “unha peza significativa do teatro da emigración”. Eu engadiría que é unha síntese entre o teatro innovador de Blanco-Amor e o máis tradicional de Varela Buxán. Como tal, pódese considerar a obra que lle pon o ramo a esa época de ouro e ferro que durante un cuarto de século vive o teatro galego na Arxentina.

Finalmente deixádeme citar de novo o Naranxo, cando, nesta última obra lle responde ao Pirulé, un tolo conformista:

Eu estou certo de que teño unha estrela. E se ti estiveras dentro de min, como eu estou..., verías como non hai cousa que se vexa que eu non teña poder sobor dela. (pp.82-83)

Que a estrela do Naranxo, a estrela do Ciclón, a estrela de Valenzuela non deixe de escintilar! Grazas.

A VIXENCIA DUNHA VIDA

BIEITO ALONSO FERNÁNDEZ

Hai anos, neste mesmo lugar (a Casa da Cultura de Silleda) celebrouse unha homenaxe a Antón Alonso Ríos. Daquela, aínda semellaba unha utopía que fose o propio Goberno galego quen convocase á Memoria, quen chuzase pola recuperación da lembranza colectiva e mais dos persoeiros que a encheron. Hoxe, neste mesmo lugar e neste mesmo concello, é a xente máis nova a que escoita falar dun home que foi leal á súa Nación, ao seu pobo e á súa estirpe. Estirpe de caldeireiros e comerciantes, de labregos e emigrantes; estirpe de galegos.

En realidade, a lembranza de Antón non é outra cousa que o recordo de Nós. A vida apaixonada e apaixonante dun mestre de escola que emigrou á Arxentina, clandestino coma tantos outros, para encher un baleiro vital e que se debrozou cunha terra ríspeta na que aprendeu o valor da solidariedade. A emigración foi, verdadeiramente, a súa escola da vida. Nela orientou a súa vontade intuitiva de cooperación polos vieiros dun socialismo tan utópico coma o seu atrevemento. De panglossiano alcumouno Castelao e por aí andaba, tal que un predicador nas terras secas do Chaco arxentino, empeñado na lectura compulsiva de *Les misérables* de Victor Hugo e no afán paternal de atender case unha ducia de escolas para alfabetizar os que foran estigmatizados como miserables eternos polos donos porteños do Poder. Paradoxalmente, a experiencia no interior forxou en Antón a verdadeira vontade dun líder, o carisma dun condutor que procuraba –tal como se fora outro Jean Valjean– un pobo que redimir.

Con todo, a traxectoria de Alonso Ríos non se afastou moito da que seguiron outros veciños. Achegouse, co tempo, á capital, e alí, en Bos Aires, ese ton cosmo-

polita e universalista, de socialista utópico de manual, foise amolecendo conforme topou coa dura realidade da colectividade emigrada. A Galiza que abandonara anos atrás presentouse con toda a virulencia entre parentes que ambicionaban a prosperidade económica e se relaxaban nas festas das sociedades de emigrantes. A imaxe dunha colectividade que se axeitaba, maioritariamente, ao estereotipo que recollían os “benefactores” da emigración americana (navieiras, prensa, propagandistas e outros) axudou moito máis ca calquera análise previa á aposta pola intervención directa no mundo societario. Era preciso dotar o enxame de sociedades de emigrantes que existían en Bos Aires de perspectivas máis progresivas.

O paradoxo dunha Galiza desterritorializada que repetía certos acenos da Galiza caciqueada e eclesiástica serviu como alicerce básico para a súa galeguización. A vontade, aínda que paternalista, por “cultivar” os seus coterráneos, por facelos receptivos ás contradicións sociais que se vivían no interior, por evidenciar as miserias daquel sistema da Restauración que tiña máis de trangallada pactada ca de democracia estabilizada, fortificou a súa vinculación con Galiza. Como moitos dos emigrantes, foi o desterro o que rematou por galeguizar a Alonso Ríos.

A través da sociedade de Hijos de Silleda, Alonso Ríos iniciou o camiño da intervención societaria. Del, canda outros como Pedro Campos Couceiro, naceu a iniciativa de establecer, e financiar, unha rede de escolas (de preferencia laicas) por toda Galiza, a conta das sociedades de emigrantes, e deles tamén foi a proposta de vincular o tecido societario, ata entón disperso e minifundista, nunha única entidade federal que garantise a eficacia das iniciativas e servise como instrumento de participación política da comunidade galega emigrada. A fundación, en setembro de 1921, da Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales representou o chanzo definitivo nese vieiro.

Despois da fundación da Federación, os sectores máis dinámicos da emigración na Arxentina pasaron a contar cun instrumento moi efectivo na pretensión de colaborar coa transformación da Galiza interior, dende bases republicanas, autonomistas e agraristas. Porque o agrarismo era, por suposto, un dos sinais de identidade de calquera intervención no País. Aínda que hoxe sexa un movemento escasamente coñecido, ou máis ben, recoñecido, o Agrarismo foi o verdadeiro movemento de masas que se desenvolveu en Galiza durante os últimos anos do século XIX e, sobre todo, no primeiro terzo do século XX. Un movemento heteroxéneo e complexo que, malia todas as súas fraquezas, foi quen de organizar a milleiros de campesiños e campesiñas ao redor da loita pola plena propiedade da terra pero que tamén foi chave no proceso de modernización da agricultura e da gandería que eclosionou durante a década dos anos vinte.

Centos de sociedades agrarias, logo sindicatos, estendéronse por case toda Galiza, por parroquias, concellos, partidos xudiciais e mesmo provincias, aínda que foi sempre

a realidade parroquial a máis vizosa porque tamén era, sen dúbida, a máis pegada á realidade social. Ademais, esa mesta rede societaria cumpría outro papel en absoluto menor: a substitución do propio Estado na articulación de servizos básicos como eran a educación e a posta en valor das potencialidades económicas do mundo rural.

Ese era, pois, un espazo privilexiado de colaboración entre a Galiza territorial e a Galiza da emigración. Da atención ás innovacións económicas era previsible que se habían dedicar os do interior, pero no tocante á educación, a cooperación dos emigrados facíase imprescindible. O enfiado entre emigración e agrarismo é claramente perceptible dende a década de 1910, conforme se incorporaron á emigración antigos dirixentes agraristas que pasaron a ocupar un papel relevante nas sociedades microterritoriais asentadas en Bos Aires, como eran as do Condado ou algunha de Deza, caso de Lalín. En boa lóxica, esa conexión tamén se fixo ver na propia Federación, máis aínda cando apareceron directivos vinculados aos grupos políticos marxidados pola Restauración, como era o caso dos socialistas e dos republicanos.

Durante os primeiros tempos da Federación, a presenza e mais a influencia de Alonso Ríos xa son claramente perceptibles. O control do periódico federal, *El Despertar Gallego*, garantiulle unha plataforma privilexiada para condensar a nebulosa ideolóxica na que se instalara dende a súa chegada á Arxentina. Os debates que se suceden neses meses cos sectores máis identificados co socialismo sobre a funcionalidade da Federación afástanos da identificación da FSG como un apéndice dunha vaga política anticaciquil e progresista e establéceno na idea de que a nova organización debe desempeñar un papel central –e aglutinador– no seo da colectividade. Aparece, pois, un discurso ideolóxico de cerna republicana e federalista, nidiamente democrático, pero tamén receptivo ás influencias da póla máis liberal e avanzada do nacionalismo galego, a que representa Ramón Suárez Picallo.

Para Alonso Ríos, a identificación co asociacionismo microterritorial –que tanto gabou, por certo– é un xeito de comprender a realidade interna do propio País, un foco de luz na vertebración oculta da sociedade galega, unha razón final para a galeguización do seu discurso e para o recoñecemento explícito de que a diferenza lonxe de ser unha eiva desprezable é a garantía dunha expresión democrática máis profunda.

Máis alá dos episodios puntuais derivados dos seus enfrontamentos internos coas sociedades de orientación socialista –que levaron á ruptura temporal da FSG en dous grupos, ás liortas polo control do *Despertar* ou ás disputas coa Ditadura de Primo de Rivera–, o que ten verdadeira importancia é o proceso de depuración do seu galeguismo. Os faladoiros con Picallo, Blanco-Amor e o grupo director de *Céltiga*, no café Armonía, van deixando o seu pouso de comprensión da cultura nacional, como se pode deducir da campaña que inicia a Federación (e con ela *Hijos de Sille-*

da) a prol da compra e nacionalización da casa de Rosalía de Castro, ou de vinculación ao republicanismo autonomista que, daquela, representaba a recentemente constituída ORGA.

Devagar, Alonso Ríos foi abandonando parte das súas responsabilidades na Federación, absorbido polos seus recentemente adquiridos compromisos político-partidarios. Moito máis agora que se albiscaba no horizonte a proximidade dunha república. Namentres, Antón seguiu a atender unha das súas preocupacións máis vellas, o labor educativo das escolas dos emigrantes. Fronte a aqueles que defendían, sen máis, a escolarización, o silledense propuña de xeito inequívoco a necesidade de que as escolas estivesen integradas no contorno económico e social e que se convertesen en elementos necesarios na recuperación económica do mundo rural.

Porén, a vertixe política que vivía o Estado español axiña reclamou a súa atención. De feito, a República chegou case que sen contar con ela, polo menos por como veu. Para moitos emigrados, a caída da Monarquía foi unha sorpresa malia que o vello sentimento republicano que fora gardado con agarimo remaneceu con estrondo. Dende o 14 de abril de 1931, a colectividade viuse sacudida por unha ladaña de manifestacións, mitins e todo tipo de actos públicos. Alonso Ríos participou en moitos deles, á beira dos demais dirixentes federais, e contribuíu á difusión da ilusión republicana. Pero o seu prestixio axiña o levou por outros camiños.

O 3 de maio embarcou no porto de Montevideo, no Conde Rosso, camiño de Barcelona para representar a FSG e mais a Hijos de Silleda –que pagaron a viaxe– nos inmediatos debates que habían comezar para discutir o texto constitucional republicano. E dentro del, un elemento transcendental tiña que ser a futura organización territorial do Estado. O mandato colectivo que traía Antón era moi preciso:

Soster a máxima autonomía para Galiza e participar na campaña electoral a prol do grupo político que fixera cuestión principal do seu programa a autonomía rexional e traballar para termer da unidade das forzas republicanas e galeguistas nun partido político rexional que comezara e rematara en Galiza.

O feito de que ademais fosen Alonso Ríos e Suárez Picallo os dous representantes elixidos pola FSG deu pé a toda clase de especulacións, sobre todo por parte dos sectores socialistas da organización federal, que chegaron a acusalos publicamente de apropiación fraudulenta dos fondos entregados.

EN GALIZA

Cando Alonso Ríos pousou o pé en Barcelona, a mediados do mes de maio, a capital catalá era un fervedoiro de actividade. Só ficaban rescaldos da proclamación

do Estat catalá por parte de Frances Maciá e, daquela, o catalanismo estaba ocupado na preparación dun proxecto estatutario que puidese ser aprobado polo Parlamento español. Quizais fose esa mestura entre pragmatismo e utopía a que engaiolou a Antón porque saíu de Barcelona cheo de optimismo e firmemente convencido da capacidade política dos nacionalismos alternativos para transformar o vello Estado unitario e centralista. E diso pensaba falar con Casares Quiroga, o seu inmediato interlocutor na xeira de contactos que emprendera como representante “institucional” da emigración galega na Arxentina.

Porén, a reunión con Casares tivo un ton ben diferente. A entrevista foi fría e tensa, “(...) atopeino, como era, escéptico e sen disposición a facer nada urxente e efectivo a prol da Terra. Xa rompín con il e díxenlle que non se extrañara se na Galiza facíamos algo fóra do común. O que pasou dempois é ben coñecido”.

As “circunstancias” posteriores ás que se refería Antón teñen moito que ver coa súa exclusión das listas electorais da ORGA-FRG nas eleccións de xuño de 1931; unha marxinação que sempre vinculou a aquela entrevista fanada.

O tempo non faría senón extremar a mutua antipatía profesada por ambos os dous dirixentes pero, de momento, as discrepancias quedaron acaladas polas urxencias asociadas ao cambio de réxime, como eran aquelas que tiñan que ver coa aprobación dun texto estatutario para Galiza e a posta en marcha da campaña política a prol da súa aprobación.

Con ese obxectivo, a FRG –ou mellor dito, os galeguistas da FRG– convocaron unha asemblea “pro Estatuto” para o 4 de xuño, na cidade da Coruña, na que ían discutir os catro anteproxectos presentados. Alonso Ríos foi elixido presidente desa xuntanza, sen dúbida polo enorme valor simbólico que lle outorgaba a representación da Galiza emigrada e, contra o que é estilado nese tipo de cargos, mantivo unha intensa participación nos debates, na defensa das posicións máis vinculadas ao nacionalismo: control das competencias educativas polo futuro Goberno galego, cooficialidade do idioma e definición de Galiza como un Estado autónomo, nunha hipotética República federal.

Despois do proceso traumático que rodeou a súa hipotética presenza nas listas electorais da ORGA, nas eleccións de xuño do 31, Alonso Ríos recuperou axiña a súa enerxía habitual. O seu achegamento ao nacionalismo foi rápido, desencantado como estaba co autonomismo taticista de Casares, e xa participou nas reunións preparatorias do Congreso fundacional do Partido Galeguista (PG) que se había celebrar no mes de decembro dese mesmo ano. Instalado en Tomiño como mestre-director da escola sostida pola sociedade da Aurora del Porvenir, centrou un pequeno grupo de

antigos republicanos e agrarios, entre os que estaban Daniel Calzado e Francisco Rodríguez Otero, cos que constituíu un grupo galeguista.

Durante o Congreso do PG, Antón adscribiuse ás posicións defendidas polo sector máis progresista e fixo especial fincapé no posicionamento oficial do partido a prol da abolición total dos foros así como na definición non confesional. No recentemente estreado organigrama político, pasou a converterse nunha peza importante e incorporouse como membro de pleno dereito ao Consello Permanente. Dende entón, educación e agrarismo enguedelláronse sen remisión no seu labor político. Porén, a actividade fundamental sempre foi a agraria. Insertado nun ámbito xeográfico (o Baixo Miño) que coñecera un desenvolvemento temperán do societarismo agrario, non pareceu atopar demasiadas dificultades para converterse nun polo de referencia na súa reconstrución, sumido como estaba o agrarismo baixomiñoto nas consecuencias que trouxera a Ditadura de Primo de Rivera. Ademais, o seu papel era aínda máis relevante porque cumpría como persoeiro de enlace entre agrarismo e galeguismo; unha liña de continuidade que resultaba fundamental no proceso de asentamento e consolidación do PG.

No seo dun movemento tan heteroxéneo como foi o agrario, a figura de Alonso Ríos serviu para centrar o seu discurso, para establecer un consenso básico, ao redor do republicanismo, do autogoberno e do recoñecemento das especificidades do tecido social do campo galego. Durante todo o ano 1932 colaborou activamente na (re)construción da Federación Agraria Provincial de Pontevedra (FAP), alentando a difusión do modelo cooperativista, a organización parroquial e a unificación do movemento agrarista.

DO AUTOGOBERNO E DA LOITA PARLAMENTARIA

No mes de decembro de 1932 celebrouse unha asemblea de concellos na cidade de Santiago de Compostela na que se aprobou un proxecto de Estatuto que contaba co apoio de boa parte das organizacións políticas e sociais que actuaban en Galiza, e a organización dun plebiscito durante o mes de setembro de 1933. Ademais, nesta reunión acordouse iniciar unha –seica– intensa campaña de propaganda da que, ao cabo, tan só se ocuparon os nacionalistas do PG e os achegados agrarios, como era o caso do sector agrupado ao redor de Alonso Ríos.

A desidia que amosou boa parte do republicanismo moderado e mais a esquerda frearon momentaneamente o esforzo plebiscitario aínda que o golpe de graza para o proceso chegou coa crise do goberno de coalición republicano-socialista e, sobre todo, co cambio de maioría parlamentaria logo das eleccións de novembro de 1933.

Pola contra, o movemento agrarista pareceu recuperar boa parte da vizosa vitalidade dunha década atrás. As mobilizacións contra os tratados comerciais asinados coa Arxentina e co Uruguai, nas que tivo un papel moi sobranceiro Antón, puxeron enriba da mesa unha idea agarimada dende tempo atrás por un sector do agrarismo: a constitución dun partido político agrario, que recollese as aspiracións e os intereses do campesiñado galego.

A deterioración acelerada da situación política, moi visible a partir do mes de setembro, fixo necesaria unha intervención de urxencia por parte da dirección da FAP –núcleo central do novo partido– e aprobar a toda velocidade un programa político e uns estatutos que, entre outras consideracións, impedían a dobre militancia. Alonso Ríos, de común acordo co Consello Nacional do PG, solicitou a baixa na organización nacionalista e deixou a representación da FSG nas mans de Picallo. Por outra banda, el mesmo foi o encargado de establecer os contactos previos cos galeguistas e cos republicanos para a constitución dunha candidatura electoral unitaria.

Tal e como recollía unha entrevista publicada poucos días antes das eleccións, Alonso Ríos defendía o porvir do agrarismo na medida en que se orientase exclusivamente dentro da política galega e que, xa que logo, contribuíse á elaboración dunha política económica “específica” para Galiza. Malia todo, os resultados electorais non se corresponderon coas expectativas agardadas e, na enxurrada de desprestixio e apatía que rodeou a todo o que cheirase a bienio reformista, as candidaturas dereitistas e radicais obtiveron boa parte dos escanos en xogo nas circunscricións galegas. Con todo, a reacción de Antón foi moi moderada. Asumiu a “decepción” amosada pola dirección da FAP e avaliou moi positivamente a mobilización de moitos milleiros de campesiños, dispostos á ruptura co modelo de relación caciquil. Dende entón afañouse, xunto coa maioría da organización, no reforzamento da vertente profesional da Federación –que levaba aparelado o abandono das difusas veleidades partidarias de poucos meses atrás, da súa vontade galeguizadora e do achegamento á esquerda na que se presumía como unha dura loita contra a fascistización imperante.

Ese cambio de alianzas, por certo moi semellante ao que promovera o sector máis progresista do propio PG, formalizouse en novembro de 1935 coa sinatura formal do acordo de incorporación á Fronte Popular. Alonso Ríos foi escollido como representante agrario na lista electoral polas minorías, en Pontevedra, por máis de mil votos de diferenza sobre o candidato alternativo, o republicano portelista Ramón Alonso. Logo dunha campaña tan tensa como intensa, conseguiu case 90.000 sufraxios que lle permitiron obter a primeira acta de deputado nas Cortes españolas que acadaba un representante directo e exclusivo do campesiñado galego.

Homenaxeado e enzalzado polos seus compañeiros agrarios e mais polos antigos compañeiros da emigración, Alonso Ríos non tardou en transformar a enorme ilusión coa que chegou a Madrid pola decepción, e mesmo pola carraxe, que lle produciron o descoñecemento e o desdén cara a Galiza e ás súas demandas. Aínda así, en colaboración cos seus correligionarios galeguistas, proclamou a necesidade de corraxir de vez a inxustiza que supoñía a permanencia dos foros de orixe señorial e a urxencia dunha lei de reforma agraria específica para o minifundio que se asentase nos principios cooperativos.

Pero en Galiza, o seu verdadeiro deveso foi a consecución dun Estatuto de autonomía. Para Antón, o Estatuto era un mecanismo imprescindible de cara ao rexurdimento económico e político do País porque permitiría atallar o desmantelamento económico que padecía e desmontar a armazón caciquil que se consolidara durante os tempos da Restauración, vivificando a democracia real. Aprobado de xeito masivo o documento estatutario no plebiscito do 28 de xuño de 1936, un grupo de dirixentes políticos e sociais, entre os que se atopaba el mesmo, entregoulle oficialmente o Estatuto ao presidente das Cortes o día 16 de xullo, escasamente un día antes do golpe militar que dirixiu Franco dende África.

REPRESIÓN E EXILIO

Tanto durante a súa breve estada en Madrid como cando chegou a Tomiño, Antón escoitou e participou da infinidade de rumores que presaxiaban o levantamento golpista. Logo de que os rumores se confirmaron cos feitos, asumiu de xeito moi activo a defensa da legalidade democrática non só en Tomiño senón en toda a comarca do Baixo Miño. Como autoridade política de maior relevo, presidiu o Comité de Defensa da República que dende Tui procurou impedir a entrada das tropas rebeldes e tivo que fuxir logo da caída da cidade episcopal cara ao monte Aloia. Alí, a casualidade impediu que fora executado xunto coa maior parte dos que resistiron nas barricadas. Grazas á súa fortuna vital e á súa decisión, soubo emprender unha viaxe contra a morte anunciada baixo a faciana do pobre portugués Afranio de Amaral que lle permitiu embarcar clandestinamente, tres anos despois do comezo da odisea, cara a Casablanca e, dende alí, ata Bos Aires.

Esa experiencia, tráxica e fértil a un tempo, contouna anos despois no seu libro de referencia, *O señor Afranio*, e afórranos a suma de circunloquios e de metáforas que abundan naqueles que falamos da vida, imaxinada, dos outros. Porén, con 52 anos ás costas e moitas situacións vividas, Antón comezaba a derradeira etapa da súa vida. No exilio, con Galiza máis próxima do que xamais estivera e coa emigración ao seu carón.

En Bos Aires, ocupouse en dúas cuestións fundamentais: na axuda aos refuxiados galegos no exterior, a través da Central Gallega de Ayuda a la República e, logo da chegada de Castelao en xullo de 1940, na reconstrución do esfañado nacionalismo galego.

Aínda inmerso no desconcerto e no *batifundio* que se derivou da derrota militar da República –que levou a certos axustes de contas, dialécticos, sobre a responsabilidade última da desfeita–, o galeguismo comezou a reaccionar da man de Castelao a mediados de 1941, cando se iniciou o proceso de constitución da Irmandade Galega. Como presidente do recentemente fundado organismo, Antón pasou a desenvolver un papel de primeira orde no seo do nacionalismo. As súas intervencións públicas e os seus artigos adoitaban arredondar as liñas de actuación expostas por Castelao, cun ar entre pedagóxico e axitativo. Aínda que, en ocasións, era el mesmo o encargado de transmitir as consignas. Isto aconteceu na homenaxe que lle dedicou a colectividade á figura de Pardo de Cela, o 17 de decembro de 1941. No seu discurso, estableceu con toda claridade a liña de separación estratéxica que habería de establecerse entre o nacionalismo galego e “hespañolismo” de cara ao futuro, plasmada na posta en vigor dunha nova política de alianzas (a aposta por Galeuzca) e na reivindicación dunha república federal, alternativa á que se deseñara na Constitución de 1931. Pero ademais, e como paso previo, para o nacionalismo galego do exilio era de vital importancia acadar a unificación da maior parte da colectividade ao redor dun persoeiro e/ou dunha institución de cara a acadar o estatuto de parceiro igualitario no mundo republicano exiliado.

O primeiro paso era reforzar o liderado indiscutible e indiscutido de Castelao. A ocasión axeitada foi a presentación do *Sempre en Galiza* nunha cerimonia pública que se celebrou o 2 de xullo de 1944, no hotel Príncipe George de Bos Aires. Respecto da institución, houbo que agardar ata decembro de 1944 para ollar a constitución real, que non oficial, en Montevideo, do Consello de Galiza, como fideicomisariado dos dereitos políticos do pobo galego e integrado por todos aqueles deputados que así o considerasen. O labor do Consello e as vicisitudes que atravesou o nacionalismo galego, tanto do exilio como do interior, escapan obviamente a un acto destas características, pero abonda dicir que un resultado directo do esforzo desta xeira foi a toma de estado parlamentario, o Estatuto aprobado en referendo en xuño de 1936, nas Cortes da República que se reuniron en México durante o mes de outubro de 1945.

Dende entón, foi moi perceptible a sensación de que o franquismo era un réxime consolidado e que a oposición republicana e nacionalista habería de agardar tempos mellores para o seu triunfo. A morte de Castelao en xaneiro de 1950 agravou esa sensación de soidade, deixou orfos, politicamente, os nacionalistas que como Alonso Ríos teimaban no recoñecemento da realidade institucional da Galiza exiliada. O

devalo foi inexorable, aínda que Antón seguiu espreitando cos ollos do Jean Valjean que ansiaban a redención. Farto de agardar e cheo de padecer desleixos e abandonos, morreu en outubro de 1980, con 93 anos. Galiza non o lembrou co agarimo debido e poucos recoñeceron a súa lealdade infinda ao País. Agora chega o tempo da lembranza demorada. Con orgullo e con sentimento de pertenza. Non reneguedes del porque el xamais renegou de vós.

A ESTRADA, DESCABEZADA ECONÓMICA E CULTURALMENTE

XOÁN CARLOS GARRIDO

O 18 de xullo, A Estrada amañecía sen a presenza do alcalde, Jesús Ignacio Puente Fontanes –de viaxe do 14 ao 20 xunto con outros edís galegos a Madrid para entregar o Estatuto de Galiza nas Cortes– e con noticias confusas sobre o que estaba a ocorrer no norte de África. De feito, o Goberno da República anunciaba nesa xornada que o golpe fora frustrado e até días despois non autorizaba a entrega de armas ao pobo, o único que permitiu realmente abortar o devandito golpe militar, se ben, por reaccionar tan tarde, territorios como Galiza xa estaban baixo o dominio dos sublevados, desembocando esta acción nunha guerra que duraría tres anos. Máis lonxe dos campos de batalla, nun espazo que os militares chamaban a “retagarda”, librábase unha brutal represión que se prolongaría durante décadas.

Pero polo de agora, na Estrada, aínda rexían as autoridades lexítimas encabezadas polo tenente de alcalde, Ramón Fernández Rico. Era sábado e os xornais, como *El Pueblo Gallego*, só daban conta de que as noticias que poñían eran as que posuían até a unha do mediodía, porque ás 9 da noite deixaron de recibir teletipos desde Madrid.

Con todo, as autoridades municipais xunto cos representantes dos sindicatos obreiros e agrarios e os dirixentes dos partidos democráticos na Estrada comezaron a organizar a resistencia e a coordinarse co Goberno civil para defender a República.

O día 19 a prensa anunciaba un levantamento circunscrito a Melilla e Ceuta e advertíase que “toda tentativa de proclamar o estado de guerra será considerada facciosa e declararase a folga xeral”.

O día 20 ás 8 da mañá faise cargo da alcaldía Jesús Ignacio Puente Fontanes e procédese á detención preventiva e requisa de armas aos membros da Falanxe na Estrada, así como a outros sospeitosos de estar implicados na conspiración.

O 21 de xullo chámalo o alférez da Garda Civil para comunicarlle a declaración do estado de guerra, e polo tanto indícalle que ordene a entrega de armas. Cousa que fixo, recolleu no Concello trinta escopetas e un revólver que foron entregados no cuartel da Garda Civil e marchou para a casa.

Nese día chegan os republicanos da zona da Ulla a auxiliar o Concello que xa estaba en mans dos golpistas. Foron detidos o concelleiro José Gómez Rivas, o mestre José Cortés Fernández, Manuel Bugallo Pereiras e Ramiro Buján Gómez.

O día 22 a Garda Civil non lle deixa entrar no Concello ao alcalde e infórmao de que é destituído. Foi xantar xunto con outros compañeiros da corporación en fronte ao cuartel da Garda Civil, onde lle comunican os gardas que ao rematar pasen polo cuartel, cousa que fan e alí mesmo son detidos e conducidos á prisión.

Moitos outros optan por fuxiren e acubillarse nos montes. Por exemplo, da parroquia de Guimarei –á cal pertence o alcalde– podemos computar os seguintes fuxidos:

Alfredo Varela Vilas

Francisco Vilas Segade

Gumersindo Valiñas Segade

Manuel Puente Puente

José Pérez Riveira

Serafín Pérez Riveira

Florentino Puente Puente

José Silva Rey

Benigno Louzao Rivas

Laurentino Nogueira Touceda

Serafín Goldar Souto

Manuel Puente Vilas

Alfonso Castro Dono

Manuel Ferro Puente

Entre estes atopamos algúns fuxidos que participaron activamente na resistencia contra o réxime. Mesmo despois de rematada a guerra os irmáns Puente Puente foron quen de encher de propaganda os postes da Estrada por onde ían desfilan os militares que estaban acuartelados na vila. Tamén vemos un fuxido de sona, Alfonso Ramiro Castro Dono, poeta e mestre da Guarda, secretario do Partido Galeguista nese concello, acochado en varias casas, mesmo na do escritor galeguista Manuel García Barros.

Mais pouco a pouco van ser detidos ducias de estradenses que primeiro irán parar á prisión local, logo á prisión provincial e, cando esta se encheu, á de San Simón, e logo a campos de traballo por todo o Estado. No camiño van quedar moitos. Algún mesmo no cuartel da Garda Civil. Este é o caso de Clementino Louzao Maceira, que foi interrogado e torturado nel, e nunca máis se soubo. Tampouco se volveu saber do paradiro de José Figueiras Cabaleiro, das Covas, Paradela, de 36 anos, que o 24 de agosto ás 2 da tarde recibiu a visita dun garda civil (que o coñecía) e falanxistas. As fillas que tentaron volver por seu pai foron golpeadas polos cívicos e xa nunca máis volverían ter noticias súas.

Mais a represión informal deixaríalle paso pronto á que se pretendía “legal” poñendo en marcha a maquinaria dos xuízos sumarísimos nos que moitos acabarían condenados a morte: Jesús Ignacio Puente Fontanes (alcalde, xastre, Guimarei), Cándido Tafalla Froiz (concelleiro, propietario do hotel La Estrella), Ramón Fernández Rico (torneiro), José Rodríguez Sangiao (concelleiro, ferreiro de Guimarei), José María Pena López (concesionario de Campsa na praza principal), Manuel Vázquez Cruz (mecánico), Manolo Gaitas, José Gómez Rivas (concelleiro e veciño de Oca), José Gabriel Cespón (Ouzande), José Cortes Fernández (mestre de San Miguel de Castro), José Vidal Puga (zapateiro, Callobre), José Graciano García (O Foxo, de nacionalidade portuguesa), Manuel Nogueira González, José Rico Gaiteiro, Manuel Puente Porto, Fermiño de Guimarei...

O caso máis sonoro de represión foi a caza e captura de Higinio Carracedo Ruzo (garda municipal, A Somoza) asasinado por unha partida de gardas e falanxistas.

Mais os asasinatos por malleiras e por enfermidades consecuencia dos malos tratos e as condicións inhumanas das prisións elevarían as cifras de vítimas mortais da represión neste concello de xeito incalculábel.

Cabe sinalar neste sentido dous exemplos emblemáticos, o do intelectual e mestre Bernardo Mato Castro, que morreu como consecuencia dunha agresión dos falanxistas ou o caso de Manuel Coto Chan, que morre con 47 anos logo de pasar 3 anos acochado no monte e o resto preso até o ano 1944 que colle unha pulmonía que o deixará moi afectado até que morre o 12 de febreiro do 1946.

A represión cebarase co maxisterio. O caso máis sinalado está na persoa de Cortés Fernández de San Miguel de Castro, que será fusilado, acusado de perverter as mentes dos nenos na súa escola de Goián. Mais a depuración de mestres será fundamental para domesticar o ensino. Como mostra citemos os casos de separación definitiva do servizo e baixa na escala respectiva:

- Manuel Ameijeiras Picallo de Souto
- José Magariños Granda de Berres
- Eduardo Pazo Álvarez de Somoza
- José Torres González de Ouzande
- David Vence Guerra de San Xurxo de Veá
- José García Casalderrey de Veá

Suspensión de emprego e soldo, traslado fóra de Galiza por tres anos:

- Vicente Otero Ulloa
- Francisco Rivas Besteiro de Meavía (natural de Codeseda)
- Ramón Puente Barcala de Arnois (natural de Tabeirós)
- José García Nodar de Rivela
- Hortensio Fernández Otero de Sta. Marina de Barcala

Traslado fóra da provincia:

- Sebastián Pena López de Tabeirós
- Manuel Ameijeiras Cerviño de Arca

Suspensión de emprego e soldo, traslado dentro da provincia:

- Benito Carballo Carballo de Santeles
- Eugenio Rodríguez Rodríguez de Santeles

No caso do escritor Manuel García Barros, mestre tamén, supuxo a perda da praza e tamén o seu silenciamento como xornalista. Foi encarcerado por última vez en 1954, cando xa tiña 80 anos. Mais moitos dos colaboradores dos moitos xornais que había entón na Estrada tiveron que fuxir cara ao exilio ou suspender a súa vocación literaria. Este é o caso de Sánchez Brea, director do xornal *La Vanguardia*, que tamén estará acochado algún tempo na casa de García Barros. Outros optarán por escribir de temas “apolíticos” como Otero Abelleira, que a pesar de seguir colaborando co xornal que el fundara con traballos sobre os labores do campo tamén acabaría visitando a prisión.

A perda de empresarios como algún dos asasinados ou outros que optaron por fuxir tería un impacto directo na economía local, desviándose as iniciativas produtivas cara a outro xeito de facer fortuna: as incautacións e o favor oficial.

Manuel Porto Verdura, o máis dinámico empresario local, de ideas liberais, marchará para Cuba, onde morre ao pouco –dise que de depresión– e outros acordan emigrar para facer fortuna noutros lugares máis seguros.

Con isto, A Estrada quedaba descabezada desde o punto de vista intelectual e económico durante moitos anos. O obxectivo da represión foi cumprido ao encoller o ánimo e as esperanzas dun pobo que vivía ilusionado o proceso republicano no que á fin parecía que ía verse realizado o soño democrático polo que se viña combatendo desde había décadas fronte ao caciquismo, a arbitrariedade e a incultura.

OS MORTOS ESQUECIDOS: RADIOGRAFÍA DA REPRESIÓN FRANQUISTA NUN PEQUENO CONCELLO RURAL. O CASO DE CERDEDO (PONTEVEDRA)

DIONÍSIO PEREIRA

ANTECEDENTES

Cerdedo garda unha rica historia de movementos agraristas dende comezos do século XX. Alá por 1902, dun xeito moi temperán, artéllase a primeira sociedade de agricultores do Concello: a de Cerdedo, con 50 socios iniciais. Xa dende aquela, os socialistas van ter un papel moi importante no desenvolvemento societario; de feito, o seu primeiro presidente será un labrego dos Castros (Quireza) militante do PSOE, chamado Jesús Garrido. Logo, en febreiro de 1907, cando xa estaban artelladas as sociedades de agricultores e oficios varios de Bugarín (afiliada á UGT dende 1906), Deán e Castro, así como a de canteiros da capital cerdedense, vaise inaugurar en Deán un local social propiedade da primixenia sociedade de agricultores, construído coas achegas de numerosos emigrantes no Brasil. Por aquel tempo, os agrarios xa acadaran unha importante representación no Concello (6 concelleiros) e andábase a conformar en torno a 1920 a Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo, de longa traxectoria. Ata a II República, as sociedades devanditas terán unha

indubidable influencia republicana e socialista, debido á presenza dos canteiros, carpinteiros ou albaneis, que adoitaban traballar a maior parte do ano en Madrid, Asturias ou o País Vasco, onde tomaban contacto co obreirismo socialista e, retornados no inverno a Cerdedo, integraban as sociedades locais na UGT. Máis tarde, a comezos dos anos 20, o pulo do canteiro socialista oriúndo de Alfonsín (Forcarei), Alfredo Iglesias, acadou a unión de todo o agrarismo da Terra de Montes nun congreso celebrado en Presqueiras, onde se decidiu editar un periódico mensual denominado *Acción Social*, prohibido pouco despois pola Ditadura de Primo de Rivera.

ALGÚNS DATOS ESPIDOS NO DEVALO DA II REPÚBLICA

- Habitantes: 5.211 no ano 1940.
- Partidos presentes na Corporación Municipal na Fronte Popular: Izquierda Republicana (antes Partido Radical Socialista) e Partido Socialista Obrero Español.
- Alcalde en 1936: Luciano García Ventín, carpinteiro natural da Feira de Fondós e concelleiro dende 1922; foi alcalde accidental tras a vitoria da Fronte Popular. PSOE.
- Outras forzas políticas e sociais:
 - Juventudes de Acción Popular (JAP), activas na capital municipal máis que nada e reconvertidas na Falange nos primeiros tempos da Guerra Civil. Membros destacados: Manuel Gutiérrez Torres (logo xefe de Falange), a súa tía Carmen Díaz Gutiérrez (logo dirixente da Falange feminina), Francisco Nieto (logo falanxista destacado). Houbo tamén algún falanxista de primeira hora. Foi o caso de Nilo Sieiro Sieiro, natural de Castro, que xa quixera atentar durante a II República contra a Casa do Pobo da súa localidade.
 - Carlistas: José Caramés (alcalde nos anos 20), Manuel López Vizcaíno (párroco de San Martiño).
 - Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo, entidade agraria e obreira composta por dez sociedades situadas en Pedre, Tomonde, Lourido, Figueiroa, Castro, Deán, Quireza, Folgoso, Cerdedo e Bugarín. Tiña antecedentes republicanos e socialistas, pero no mes de xaneiro de 1933 vaise integrar na CNT con máis de 200 afiliados, aínda que a UGT seguiu a ter moitas simpatías tanto individuais como nalgúns colectivos, como os de Castro, Pedre e Tomonde. A

razón da mudanza veu dada polos canteiros e albaneis de Cerdedo que traballaban en Madrid dende marzo a nadal, e pouco a pouco fóronse afiliando ao potente Sindicato Único del Ramo de la Construcción (CNT) da capital republicana. Logo, ao volver ás súas parroquias no inverno, aproveitaron para integrar a Federación cerdedense na CNT galaica.

- FETE-UGT: con afiliados en Cerdedo e Quireza.
 - Houbo, asemade, un feixe de simpatizantes do PCE, e a propia Pasionaria deu un mitin en Pedre, na casa de Ramona “do Salgueiro”, andando a Fronte Popular.
- Mortos cerdedenses durante a Guerra Civil en ambos os bandos e na posguerra inmediata: 76.
 - Mortos no Exército Nacional: 36 (17 non figuran na lápida da Igrexa parroquial, xa que se consideraron desaparecidos posto que os seus restos nunca se atoparon; neste caso, as familias non cobraron ningunha pensión de viuvez ou compensación por parte dos vencedores).
 - Mortos no Exército Republicano: 22. Filiacións coñecidas: 13 CNT, 1 PSOE, 1 PCE?, 7 non consta.
 - Asasinados ou fusilados polos franquistas: 18. Filiacións coñecidas: 7 PSOE e UGT, 7 CNT, 1 Izquierda Republicana, 1 PCE?, 2 non consta.
 - Forzas represivas: Falange, Cívicos de Víctor Lis Quibén, Falange feminina, Garda Civil.
 - Persoas sinaladas pola súa participación nos asasinatos e malos tratos ou como instigadores destes: Ángel, Luis e Manuel Gutiérrez Torres (xefe da Falange, inspector farmacéutico e boticario de Soutelo de Montes; alcalde de Cerdedo nos anos 40 e 50), Francisco Nieto (transportista; falanxista), Enrique, Jesús e Antonio Troitiño (comerciantes e transportistas; cívicos), Bernardino Torres “O Ferrador”, Antonio e José Sieiro Giadás, Secundino Antelo Hortas “O Lapote” (marxinal), Secundino Jorge (mestre nacional; delegado gubernativo a comezos dos anos 40; acusado de *blando* por Carmen Díaz), Totó e Manuel Peleteiro, comandante Ríos (mando da Garda Civil destinado en Cerdedo), Constantino Alonso (de Castro), Ramón Bao (de Quireza, xornaleiro), Figueroa (canteiro de Serrapio), “Chan da Vela” (xornaleiro de Santo Isidro), José Barros (canteiro de Pedre), Laurentino Barros (sen oficio, fillo do anterior), Paulina e Rogelio (matrimonio que levaba a taberna-tenda do Outeiro, en Quireza), Manuel López Vizcaino

(párroco de San Martiño de Figueiroa; instigador; requeté), Jesús Rodríguez Anllo (párroco de Castro; instigador), Carmen Díaz Gutiérrez (instigadora; Falange feminina), Carolina Bugallo (falaxista), Ramón Lois Cabano (capataz do camiño de ferro na Gudiña e xefe local da Falange da Gudiña a partir do 01/09/1936). Os falaxistas cerdedenses, unha vez liberados da cadea municipal onde estaban presos preventivos no intre do golpe militar, puxéronse a disposición da Comandancia da Garda Civil de Pontevedra, cuxo xefe era o tenente coronel Tomás Pérez Rogina. Este destacounos en Tui, onde actuaron até fins do mes de xullo; logo, retornaron a Cerdedo e dende alí mantiveron estreitos vencellos con Víctor Lis Quibén.

- Escenarios de paseos ou de torturas e malos tratos: A Ponte do Barco e A Abeleira, ambos os dous lugares na antiga estrada Pontevedra – O Carballiño, entre Pedre e Dorna. A Ponte do Cando, na vía que une Castro con Quireza. A Abeleira foi un lugar utilizado decote polos cívicos de Víctor Lis Quibén, e alí producíronse asasinatos de persoas de diversos concellos. Cuartel da Garda Civil de Cerdedo. Asilo de Cerdedo. Taberna-tenda do Outeiro (Quireza), utilizada como *checa* polos falaxistas da zona (Alonso, Bao, Rogelio e Paulina).

A LISTA MOURA

A) Falecidos polas represalias durante a guerra ou na inmediata posguerra:

- **Francisco Arca Valiñas** (Figueiroa). Paseado na Ponte do Barco. Dirixente da Sociedad El Trabajo de Figueiroa, integrada na Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo (CNT). 13 de agosto de 1936.
- **Secundino Bugallo Iglesias** (Figueiroa). Paseado na Ponte do Barco. Dirixente da Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo (CNT). 13 de agosto de 1936.
- **Gerardo Bugallo Lois**, fillo do anterior (Figueiroa), mobilizado no Exército Nacional e pasado polas armas en Teruel polos mesmos que asasinaron o seu pai. Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo (CNT). 1938.
- **José Torres Paz** (Cerdedo). Paseado na estrada Pontevedra-Santiago. Carpinteiro e cadro sinalado do PSOE. 11 de agosto de 1936.
- **José Cortizo González** (Barro-Arén). Paseado na estrada Pontevedra-Santiago. PSOE. 11 de agosto de 1936.

- **Martín Ferreiro Álvarez** (A Botica-Quireza). Concelleiro de Obras do Concello da Coruña. Escondido en Quireza ao comezo da guerra, pasou a Portugal e logo a Francia e á zona republicana, onde loitou. Foi internado no campo de Argelès, no Mediodía francés, ao rematar a Guerra Civil. Apresado polos alemáns que o internan no campo de concentración de Mauthausen, onde morre en setembro de 1941. Izquierda Republicana.
- **Manuel Tato Cadórniga** (Loureiro). Tenente do Exército Republicano na zona de Madrid, falecido polos malos tratos na cadea de Lugo ao finalizar a guerra. Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Nadal de 1939.
- **Darío Tato Fernández** (Loureiro). Primo do anterior. Finalizada a guerra na que participou no bando republicano en Madrid, foi detido en Cerdedo, enviado a Madrid e alí fusilado. Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Cerdedo (CNT). 1939.
- **Plata** (das Quintas-Codeseda-A Estrada, pero casado en Laxoso-Cerdedo). Loitou no Exército Republicano. Fusilado tras a Guerra Civil. 1939.
- **Perfecto Ventín Barreiro** (Tresaldeas). Paseado na canteira do Suspiro, no Padornelo, cerca da Gudiña. Traballador do camiño de ferro Zamora-Ourense. PSOE e UGT da Gudiña. Nadal de 1936.
- **Manuel Ventín Rivas**, sobriño de Perfecto, (Tresaldeas-As Quintas). Paseado na canteira do Suspiro, no Padornelo, cerca da Gudiña. Traballador do camiño de ferro Zamora-Ourense. PSOE e UGT da Gudiña. Nadal de 1936.
- **Olegario Ventín Rivas**, sobriño de Perfecto, (Tresaldeas-As Quintas). Paseado na canteira do Suspiro, no Padornelo, cerca da Gudiña. Traballador do camiño de ferro Zamora-Ourense. PSOE e UGT da Gudiña. Nadal de 1936.
- **Erundino Ventín Rivas**, sobriño de Perfecto, (Tresaldeas-As Quintas). Paseado na canteira do Suspiro, no Padornelo, cerca da Gudiña. Traballador do camiño de ferro Zamora-Ourense. PSOE e UGT da Gudiña. Nadal de 1936.
- **Ramiro Lois Ventín**, primo dos anteriores (Piñeiro). Paseado na canteira do Suspiro, Padornelo, cerca da Gudiña. Nadal de 1936.
- **Francisco Varela Garrido**, “Pancho”, (Cerdedo), secretario do Concello de Cerdedo. PSOE. Fusilado en Monte Porreiro (Pontevedra) o 27 de xullo de 1937.

- **José Paz Cachafeiro.** Secretario no ano 1933 da Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo (CNT). Fusilado en Santiago no ano 1936. Traballaba na construción dun pantano no Tambre.
- **Benjamín Troitiño Beiro.** Fusilado en Santiago o 4 de xuño de 1937. Traballaba como canteiro na construción dun pantano no Tambre e residía en Liñaio (Negreira). Estaba afiliado á Sociedad de Oficios y Profesionas Varias de Negreira e A Baña (CNT).
- **Eulogio Mosquera Vázquez** (Limeres). Residía fóra de Cerdedo. Detido por “comunistaide”, foi ingresado na cadea de Burgos, dende onde mantivo correspondencia coa familia de Limeres ata 1939. Logo, deixou de enviála e, seica, morreu de enfermidade ou malos tratos na cadea.
- **Manuel Garrido** (Fondós), “O Negro” ou “O Resucitado”, foi dado por morto cun tiro no peito na noite do 11 de agosto de 1936, cando en compañía de José Torres Paz, José Cortizo González, José M^a Taberneiro (antigo concelleiro do PCE en Forcarei, de alcume “O Rolo” de Vilapouca) e Jesús González (de Soutelo de Montes) foi trasladado á estrada Pontevedra-Santiago para ser asasinado. Puido zafar grazas á axuda da súa muller, que lle curou as feridas. Debeu andar agachado nunha cova do monte Candas (entre Vilar e Figueiroa) un tempo e logo entobado baixo o forno da súa casa ata o remate da Guerra Civil, para que non remataran a faena os franquistas. Nese período, a súa muller recibiu malleiras para que o delatara. Era militante destacado do PSOE.

B) Falecidos formando parte do Exército Republicano durante a Guerra Civil:

- **José Simal Penelas** (Figueiroa). Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo (CNT).
- **Eladio Simal Penelas** (Figueiroa). Ídem.
- **Agustín Simal Penelas** (Figueiroa). Ídem.
- **José García Bugallo** (Figueiroa). Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Cerdedo (CNT).
- **Manuel Arca Gamallo** (Figueiroa).

- **Secundino Obelleiro Costa** (Figueiroa). Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Fillo de Aniceto Obelleiro.
- **Manuel Otero Pardo?** (Castro). Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e Federación de Cerdedo (CNT).
- **Julio Espiñeira Iglesias** (Castro do Medio). Membro destacado do PSOE.
- **Antonio Quibén Simal** (Loureiro). Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Cerdedo (CNT).
- **Perpetuo Sieiro Torres** (Loureiro).
- **Benigno Tato Cadórniga** (Loureiro). Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Cerdedo (CNT).
- **Jesús Corral** (Loureiro).
- **Higinio Portela** (Loureiro). Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e cadro sinalado da Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Cerdedo (CNT).
- **Raimundo Pereira Fuentes** (Laxoso). Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e Federación de Cerdedo (CNT).
- **José Pose Pérez** (Laxoso).
- **Francisco Álvarez Rodríguez** (Laxoso). Foi comisario político PCE.
- **José Otero Peleteiro** (Piñeiro). Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e Sociedad La Alianza de Quireza, integrada na Federación de Cerdedo (CNT).
- **Manuel Varela Piñeiro** (Vilarchán).
- **Ramiro Umia** (Serrapio).

Falecidos a maioría deles na defensa de Madrid. Outros nas fronteiras de Estremadura, Talavera, Guadalaxara ou en Asturias.

C) Falecidos do bando republicano na inmediata posguerra a causa das feridas de guerra ou das mutilacións:

- **Manuel Simal Penelas** (Figueiroa), Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Preso ao rematar a guerra, morreu aos poucos días na súa localidade natal debido ás feridas de guerra.
- **Agustín Obelleiro Gamallo** (Figueiroa), Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e cadro sinalado da Sociedad El Trabajo, integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Suicidouse na súa localidade natal, desesperado debido á minusvalía provocada polas mutilacións que o imposibilitaban para o traballo sen recibir ningunha pensión.
- **Severo Rodríguez** (Vilar), preso ao finalizar a contenda e liberado por estar en estado terminal, morreu na súa localidade natal.

D) Algúns asasinados doutros concellos na Abeleira durante a Guerra Civil:

- Un pintor, posiblemente José González Valeiras de Señorín (O Carballiño), que traballaba no Gran Taller de Mecánico de Carrocerías Avelino Piñeiro do Carballiño. Asasinado pola Falanxe do Carballiño (“Narizán”, “Colón”...), 1936.

E) Asasinados na posguerra vencellados á guerrilla:

- 2 homes novos, asasinados no inverno de 1949 pola Gardia Civil ao mando do comandante Ríos entre a Granxa (Loureiro) e o monte de Porriñeiras (Figueiroa), logo de apresalos na zona da Baiuca e a Portela (fronteira entre a Estrada e Forcarei), lugar de paso dos guerrilleiros. Viñan fuxindo dende Vigo, seica que coa intención de integrarse na guerrilla antifranquista na provincia de Ourense.
- Outros feitos relacionados coa guerrilla: Don Lisardino, crego de Castro a fins dos anos 40 e tío de Ramiro Lois Ventín, foi considerado sospeitoso de axudarlle á guerrilla e recibir os guerrilleiros na súa reitoral, de maneira que esta foi rexistrada pola Garda Civil en varias ocasións naqueles anos.

ENCADEADOS, PERSEGUIDOS E EXILIADOS: NOTAS PARA UNHA PRIMEIRA ACHEGA

- **Francisco Varela Buesa**, “don Paco”, mestre nacional en Cerdedo e o militante máis destacado do PSOE cerdedense, da FETE-UGT. Condenado a morte en 1936, logo conmutada por trinta anos. Expulsado do seu emprego en 1940, puxo escola en 1944 para os fillos dos *carrilanos* en Campobeceiros (A Gudiña).
- **Benigno Simal Penelas**, cadro sinalado da Sociedad de Agricultores y Obreros El Trabajo, de Figueiroa, integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Detido con Francisco Arca Valiñas e Secundino Bugallo Iglesias nun primeiro intre. Logrou fuxir e salvouse dunha morte segura. Exiliado no Río da Prata, Arxentina, onde morreu.
- **Luciano García Ventín**, PSOE, fuxido nos primeiros meses da contenda, cando era un dos máis buscados polos falanxistas para asasinalo. Logo, estivo preso varios meses e sufriu, segundo Antonio Rodríguez Fraiz, “moitas persecucións e aldraxes” por parte dos elementos franquistas.
- **Aniceto Obelleiro Cadavid**. Dirixente da Sociedad El Trabajo de Figueiroa, integrada na Federación de Cerdedo (CNT). Preso nun primeiro intre en Cerdedo, salvouse dunha morte segura por un parente falanxista que conseguiu que o desterraran a Burgos.
- **Severino Bugallo Valiñas**, Cerdedo, tesoureiro do Concello, secretario de Izquierda Republicana en Cerdedo. Preso no cuartel de Cerdedo nun primeiro intre, foi conducido, por mandato do tenente coronel da Garda Civil, Tomás Pérez Rogina, aos falanxistas de Cerdedo, á Comandancia de Pontevedra, xunto con Torres, Taberneiro, Cortizo, Garrido e González, para seren asasinados o 11 de agosto de 1936. Salvouse polo seu irmán Vicente “O da Carteira”, xefe de Falange en Soutelo, que fixo que alguén o reclamase pouco antes de darlles o paseo; meteuno nunha fonda e aconselloulle non saír para evitar que o asasinaran. Logo dun tempo fuxido na Chamadoira e no monte do Seixo, consegue embarcarse co seu irmán Sabino a Cuba por Vilagarcía, pasando logo aos EUA. Volveu á zona republicana coas Brigadas Internacionais e estivo destinado en Salou (Tarragona). Rematada a guerra, foi internado no campo de Argelès, en Francia, de onde foxe a Bordeos e participa na resistencia contra os alemáns. Preso e deportado a España, sálvase do fusilamento outra volta mercé ao seu irmán falanxista. Pasa varios anos en diversos internados, entre eles San Simón.

- **Sabino Bugallo Valiñas**, de Castro, comerciante, do PSOE. Dirixente da Sociedad de Agricultores y Canteros de Castro. Fuxido no monte dende o primeiro intre. Foxe co seu irmán a Cuba dende o porto de Vilagarcía. Logo trasládase a Bos Aires, onde morreu.
- **Amancio Simal Sieiro** (Castro do Cabo). Tenente do Exército Republicano. Ferido nunha perna e prisioneiro ao rematar a guerra, zafou por pouco da morte xa que, despois de prisioneiro, querían botar por un barranco. Salvado por un veciño, Nilo Sieiro Sieiro, de Castro, que era falanxista e alférez provisional.
- **Laudelino Bugallo**, (Os Castros-Quireza), canteiro, Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid e membro sinalado da Federación de Cerdedo (CNT). Preso logo de rematar a guerra que fixo no Exército Republicano en Madrid, perseguido e maltratado polo falanxista Ramón Bao cando volveu a Cerdedo.
- **Rogelio Arca Rivas**, fillo de Francisco Arca Valiñas, afiliado ao Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT) e á Sociedad El Trabajo de Figueiroa, integrada na Federación de Cerdedo (CNT). O golpe militar colleuno en Madrid, onde traballaba no empedrado de rúas. Fixo a guerra voluntario no Exército Republicano; ao rematar estivo varios meses preso nun campo de concentración en Teruel e nunha compañía de revisión. Logo, obtivo a liberdade condicional e debeu presentarse a diario no cuartel da Garda Civil. Daquela, segundo as súas lembranzas, aos que loitaran no bando republicano “non se lles tiña en conta para nada, non eran ninguén...”.
- **Francisco Bugallo**, de Loureiro, ídem.
- **José Diz**, de Figueiroa, ídem.
- **Manuel Diz**, de Figueiroa, ídem.
- **José M^a Vilas**, de Figueiroa, ídem.
- **Xosé Otero Espasandín**, de Castro. Profesor e escritor, residente durante a II República en Madrid, onde dirixiu a revista *P.A.N.* Simpatizante do PCE. Participou na guerra no bando republicano e formou parte da Alianza de Intelectuales Antifascistas. Pasou polo campo de concentración de Argelès, no Mediodía francés, e logo estivo exiliado en Gran Bretaña, Arxentina e EUA, onde faleceu tras realizar un meritorio labor cultural.
- **Manuel Espasandín**, de Quireza?, exiliado en Francia logo de loitar no Exército Republicano. Estivo no campo de concentración de Argelès e foi internado polos alemáns en Mauthausen, onde logrou sobrevivir. Morre no exilio.

- **Jesús Bugallo Merza**, de Deán, tío de Francisco Bugallo, membro sinalado da Sociedad El Trabajo de Figueiroa, exiliado en Arxentina.
- **Manuel Bugallo Merza**, de Deán, irmán do anterior, dono dun serradoiro na Barciela (Castrelo-Forcarei) que se lle incautou. A súa muller foi maltratada polos falanxistas. Tivo que se exiliar á Arxentina.
- **Francisco Obelleiro**, Os Castros-Quireza, entobado na súa casa durante a Guerra Civil durante moito tempo. Constantes malleiras á súa muller para que o delatara.
- **Constantino Simal Simal**, mestre nacional na Botica-Quireza, membro destacado da Sociedad de Agricultores y Obreros La Alianza de Quireza. Foi perseguido, vareado en Sabucedo e a piques estiveron de darlle o paseo os irmáns Castro Pena, falanxistas da Estrada. Salvárono o primeiro alcalde franquista, Gerardo Lorenzo, de Quireza, e o párroco. Seu pai, José Simal, tivo que se agachar nunha palleira e nun muíño en Castro do Medio, logo dunha tentativa de asalto por parte dos falanxistas Alonso, Bao e outros á súa casa de Castro.
- **José Carballo Quintillán**, mestre nacional en Tomonde e dirixente da Sociedad de Trabajadores y Oficios Varios. Depurado do seu cargo e internado varios anos no penal da illa de San Simón. Negouse a recuperar a súa escola cando, anos despois, llo ofertaron.
- **Daniel Obelleiro**, mestre nacional, depurado do seu cargo?
- **José Alonso Arenas**, mestre nacional en Folgoso, suspendido e expulsado do seu cargo en 1940.
- **Carolina Camiña**, mestra nacional en Barro, suspendida do seu cargo en setembro de 1936.
- **David Fernández**, mestre nacional en Serrapio, suspendido do seu cargo en setembro de 1936.
- **Ángel Lino Rodríguez**, mestre nacional en Bugarín, suspendido do seu cargo en setembro de 1936.
- **Claudino Vidal**, mestre nacional en Pedre, de ideoloxía republicana e socialista. Foi suspendido do seu cargo en setembro de 1936. Un irmán seu, tamén mestre, sufriu torturas nas que lle cortaron os dedos da man dereita.
- **Luis Toimil**, mestre en Cerdedo, perseguido e exiliado.
- **Manuel Sueiro Iglesias**, de Limeres, carpinteiro e logo mestre asentado dende 1919 en Verín e, máis tarde, en Ourense, onde dirixiu un centro pri-

vado de ensino, a coñecida Academia General. Militante do Partido Radical Socialista e colaborador da progresista Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense (ATEO). Tivo que se esconder en Limeres tras o alzamento militar para evitar o seu asasinato; aínda así, o día 12 de agosto de 1936 varios falanxistas ourensáns desprazáronse a Cerdedo para reclamar a súa entrega por parte da Garda Civil, ao que se negou o sarxento Anselmo Sánchez, sabedor do seu paradiro. Sufriu a incautación da súa academia e da súa conta bancaria en Ourense. Logo de dous anos protexido polos veciños, entregouse e pasou algúns meses na cadea de Ourense; foi sometido posteriormente a expediente de depuración e inhabilitado para a docencia.

- **José Regueiro Otero**, de Tomonde, xastre, do PSOE. Condenado a morte por desertar do Exército Nacional. Salvou a vida por intermediación do crego Antonio Rodríguez Fraíz.
- **Moreiras**, de Tomonde, sufriu numerosas malleiras logo do 18 de xullo.
- **Teófilo Otero Valiñas**, de Castro, onde posuía unha fábrica de gaseosas. Foi concelleiro na Fronte Popular, polo que foi condenado a 20 anos de reclusión por axuda á rebelión. Estivo preso maiormente na illa de San Simón entre o 30 de setembro de 1936 e o 18 de xullo de 1940, data na que saíu en liberdade provisional. Foi obxecto de expediente de responsabilidades políticas no ano 1940.
- **Severino Simal Iglesias**, de Filgueira, obxecto de responsabilidades políticas en 1940.
- **Manuel García Fondós**, de Vilalén, foi obxecto de responsabilidades políticas en 1940. Tras o golpe militar, pasou á zona republicana por Portugal dende o tramo do camiño de ferro de Lubián (Zamora), onde traballaba. Foi oficial do Exército Republicano e sufriu a incautación do seu patrimonio.
- **José Rodríguez Quintillán**, de Tomonde, internado un ano na illa de San Simón.
- **Antonio Ferreiro Álvarez**: da Botica-Quireza. Irmán de Martín Ferreiro, exerceu de contratista no ramo da edificación coruñesa durante a República. Refuxiado en Quireza, alí foi detido e internado por un tempo en San Simón.
- **¿? García**, de Quireza, cuñado de Martín Ferreiro, axudouno a fuxir a Portugal, polo que foi detido e internado un tempo no penal da illa de San Simón.
- **Julio López Fondós**, canteiro, dirixente da Sociedad de Agricultores y Canteros de Castro e membro do PSOE. Fixo a guerra no exército republicano.

Internado nun campo de concentración en Francia, volveu a España voluntariamente, e pasou a outro campo de internamento (Miranda de Ebro?). Os familiares intentaron sacalo mediante unha carta do crego de Castro, que, en realidade, o presentaba como un orador e activista político destacado. Saíu do campo mercé un aval do alcalde franquista, Gerardo Lorenzo.

- **Manuel Nieto Castro**, dirixente da Sociedad La Luz de Bugarín, andou fuxido moito tempo no monte. Moi perseguido por Bao e Alonso, confiscáronlle o automóvil.
- **Avelino Fraga Alonso**, directivo da Sociedad Agraria y Obrera La Alianza de Quireza, antigo concelleiro, andou fuxido moito tempo.
- **Avelino Alonso Rivas**, da Devesa, estivo varios anos na cadea.
- **Cesáreo Álvarez Fortes**, albanel de Cerdedo, PSOE, emigrado en Asturias durante a II República. Condenado a 20 anos de prisión e internado no campo de concentración de Camposancos.
- **Antonio Mariño**, A Insua, canteiro, participou na Guerra Civil no Exército Republicano, foi preso ao remate da contenda na cadea de Lugo.
- **Julio Otero**, de Tomonde, estivo no Exército Republicano na zona de Castellón. Logo da contenda, pasou un tempo nun batallón disciplinario.
- **Laureano Troitíño**, de Cerdedo, ídem.
- **O ferreiro de Carballás**, mallado polos falanxistas de Cerdedo.
- **Andrés do Rato ¿?:** Mallado polos falanxistas de Cerdedo.
- **Manuel Sieiro Sieiro**, de Deán, mallado por Bernardino Torres “O Ferrador”.
- **Antonio e Agustín Carballal**, irmáns, de Serrapio, enroláronse no Exército Republicano en Madrid e despois da derrota estiveron presos na cadea de Lugo, de onde fuxiron. Logo, estiveron moi perseguidos.
- **“O Gaiteiro”** de Abelaíndo (José da Gaiteira?), queimáronlle a casa.
- **Armando Barros Barros**, de Pedre, canteiro, de ideas espiritistas e concelleiro en 1936. Perseguido.
- **Fernando Gandos**, de Pedre, ferreiro, recibiu a visita dos falanxistas para ser paseado, pero escapou ao monte pola zona de Santo Isidro e alí botou tempo agachado coidando rabaños de cabras. A súa fragua foi rexistrada pola Garda Civil na procura de armas. Logo, amañou algunha pistola para os que estaban fuxidos no monte.

- **Os da Carne de Gomallal**, pai e fillo, de Pedre. Seica eran masóns, foron perseguidos e o fillo tivo que fuxir ao Brasil con papeis falsificados.
- **Isolino Raposeiras**, de Vilalén, canteiro, fundador da Soc. de Trabaxadores y O.V. de Tomonde, concelleiro entre 1931 e 1936, perseguido.
- **Manuel Monteagudo**, de Castro, procesado en Ferrol (onde facía a mili pola Mariña). Causa 207/36, por facer garda no Concello de Fene. Logo agachouse en Castro ata que o alcalde Gerardo Lorenzo lle deu un certificado de boa conduta, polo que se reincorpora ao Exército.
- **Delmiro Ferrón**, secretario da UGT de Pedre, tivo que marchar á América. A súa familia, que residía en Castro, foi ameazada de morte polos falanxistas co beneplácito do crego Rodríguez Anllo.
- **Manuel Gamallo Lois**, de Cerdedo. Internado en San Simón no mes de novembro de 1936. Estivo preso posteriormente en Pontevedra e no Forte de San Cristóbal (Navarra). Saíu en liberdade no ano 1943.

OS LOCAIS DAS SOCIEDADES AGRARIAS E OBREIRAS

- **Casa do Pobo de Deán:** xa dixemos que a Sociedade de Agricultores de Cerdedo viu a luz o 2 de febreiro de 1902. Presidindo daquela o colectivo Jesús Garrido, un canteiro e labrego socialista dos Castros (Quireza). Logo do éxito da Sociedade nas eleccións municipais de 1905, un concelleiro agrario ocupou o cargo de tenente de alcalde e alguén tivo a idea de construír un local propio. Postos á obra, Garrido como presidente e Avelino Fraga, tamén veciño de Quireza, como secretario, encabezaron unha colecta popular para recadar fondos, na que non faltaron axudas procedentes dos emigrados na América. Daquela, un contratista membro da Sociedade colleu a obra en pública poxa e un tipo moi baixo, facendo as melloras pola súa conta; deste xeito e para conmemorar o V aniversario do agrarismo cerdedense, o 2 de febreiro de 1907 abría as portas a Casa do Pobo de Deán, diante de 1.500 persoas chegadas de todo o Concello entre a ledicia das gaitas e o balbordo dos foguetes. Posuía a Casa botica e médico para casos de necesidade, así como unha cooperativa de seguros; tiña tamén unha placa de mármore onde figuraba a data de inauguración e a súa pertenza á Sociedade de Agricultores del Ayuntamiento de Cerdedo. Os veciños residentes no Brasil tamén colaboraron desta volta e xuntaron 363.400 reais para adquirir “un estandarte obrero y una bandera agrícola”, tal e como escribían dende o país carioca os cerdedenses José Bouzas Cortizo e Manuel Gama-

llo Sieiro. Cando estoupa a Guerra Civil en 1936, a Casa do Pobo de Deán era domicilio social da Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo (CNT). Coa barbarie desatada, aquel local onde resoaron vibrantes discursos nos primeiros de maio e onde, segundo conta Antonio Rodríguez Fraíz, falou o apóstolo do socialismo Pablo Iglesias nunha das súas viaxes a Galicia, foi espoliado e incendiado polos falanxistas. Incautado polo réxime franquista para a CNS, no ano 1968 o edificio de 106 m² era unha ruína valorada en 58.000 PTA e a placa de mármore andaba perdida polo faiado do Concello. Nos anos 80, o edificio pasou á propiedade da Xunta de Galicia que, á súa vez, llo cedeu ao Concello, ata que o local foi restaurado no ano 2002 para uso dos veciños do lugar.

- **Casa do Pobo de Bugarín:** pertencía á Sociedad de Agricultores La Luz de Bugarín, unha casa de planta baixa de 63 m². Incautada polos falanxistas, pasou á propiedade da CNS. Hoxe destruída.
- **Casa do Pobo de Pedre:** pertencía á Sociedad de Agricultores y Obreros La Guía, unha casa de planta baixa de 96,75 m². Foi construída mediante o traballo voluntario de todos os veciños, que achegan cada un o seu quiñón de pedra traballada. Incautada pola Falange, en 1968 o inmovible estaba valorado en algo máis de 18.000 pts. O edificio foi traspasado nos anos 80 á Xunta e logo ao Concello, que llela cedeu en uso aos veciños da localidade.
- **Casa do Pobo de Castro:** construída a comezos da II República, pertencía á Sociedad de Agricultores y Canteros do lugar. Incautada polos falanxistas, pasou á propiedade da CNS; nos anos 80 foi traspasada á Xunta e logo ao Concello, que llela cedeu en uso aos veciños do lugar.
- **Casa do Pobo de Vilalén:** ídem. anterior.
- Á Sociedad de Agricultores y Obreros El Trabajo de Figueiroa e á súa homónima La Alianza de Quireza, respectivamente, fóronlles incautados polos falanxistas os seus automóviles no transcurso do ano 1936.

A MODO DE CONCLUSIÓNS

1º) Pouco se ten dito, até agora, do custo humano sufrido en determinadas zonas de Galiza (aquelas onde boa parte da poboación masculina desenvolvía oficios itinerantes, de maneira que o comezo da guerra colleu estas capas en territorio leal á República¹), respecto dos veciños falecidos tras participar na Guerra Civil no bando republicano. A importancia numérica das defuncións e as rabexadas represivas posteriores á Guerra Civil, fican ben ás claras nos apuntamentos anteriores, e ben puidera aplicarse o “modelo cerdedense” a outras zonas do país nas que coincidiron unhas circunstancias semellantes.

2º) A represión mortal, fóra de casos singularizados, foi selectiva e acadou a súa máxima brutalidade nos cidadáns máis comprometidos e conscientes: os dirixentes das sociedades agrarias e obreiras integradas na cenetista Federación de Agricultores y Obreros del Ayuntamiento de Cerdedo, os combatentes máis destacados no bando republicano procedentes da devandita Federación, as autoridades republicanas pertencentes aos grupos municipais presentes na Corporación e os militantes máis activos e capacitados do PSOE. Como caso singular, cabe subliñar o cruel episodio da familia Ventín, cuxo asasinato foi xustificado pola súa hipotética e destacada participación nos enfrontamentos acontecidos na Gudiña entre os traballadores da vía férrea coa Garda Civil e o Exército faccioso². Cos asasinatos e persecucións, os novos detentadores do poder procuraron reducir á categoría de súbditos a cidadanía máis consciente, e que ese carácter exemplarizador da represión perdurase (como así aconteceu) no futuro. Nas lembranzas dos habitantes de Pedre e Figueiroa, transmitidas ás agachadas de pais a fillos, aínda aboia o terror que causaron os berros de Francisco Arca e Secundino Bugallo, cando eran barbaramente torturados na Ponte do Barco antes de morrer³. E se as mortes non foron máis, non se debeu a outra cousa que a “disfuncións” na eficacia letal das partidas de asasinos.

1 É o caso dos canteiros e albaneis da Terra de Montes (Cerdedo, Forcarei, Beariz), Cuntis, A Estrada e Cotobade; dos afiadores e paraugueiros da bisbarra ourensá de Esgos e Nogueira de Ramuín; dos pescadores establecidos de xeito temporal no País Vasco e Asturias; dos mariñeiros dos barcos de cabotaxe, maiormente de Noia, San Cibrao ou Corme; dos xornaleiros e seitureiros do interior de Lugo e Ourense... Tamén, aínda que non eran un oficio itinerante, cabe lembrar as colonias de mineiros procedentes do Leste das provincias devanditas, empregados nas minas de León e Asturias.

2 En concreto, aos Ventín acusábanos de participar na voadura dunha ponte entre A Gudiña e As Vendas da Barreira e de ter sacado os santos dunha igrexa, para logo realizar alí xuntanzas. A propia Falanxe de Cerdedo tivo protagonismo no axuste de contas, pois prenderon aqueles militantes socialistas na capital municipal e logo trasladáronos primeiro a Ourense e logo a Zamora en Nadal de 1936. Non se pode descartar, tampouco, a responsabilidade no caso de Ramón Lois Cabano, cerdedense, capataz nas obras da vía e, daquela, xefe local da Falanxe na Gudiña.

3 Estes dous dirixentes da cenetista Sociedad de Agricultores y Obreros El Trabajo representaban unha comunidade especialmente rebelde, a de Figueiroa (chamada significativamente “A Rusia pequena”),

3º) No nivel territorial, houbo unha zona especialmente castigada, os lugares de Figueiroa e Loureiro, moi próximos entre si e pertencentes á parroquia de Figueiroa. As razóns fican expostas na Nota 3; non obstante, debemos salientar encol da importancia que sobre a maior ou menor intensidade e brutalidade da represión exerceu o posicionamento dos cregos. Alí onde asumiron un papel comprometido coa barbarie, caso de Castro e Figueiroa, esta resultou dunha intensidade aterradora. Non obstante, onde empregaron a súa autoridade moral para impedir as represalias, caso dos párrocos de Pedre, D. José Paramé Ferro, e o de Quireza⁴, estas tiveron un cariz máis livián.

4º) Aínda que a represión se cebou na poboación masculina⁵ por ser a monopolizadora do activismo sociopolítico no concello, non podemos dicir o mesmo respecto do papel dalgunhas falanxistas da vila de Cerdedo, máis tamén de Quireza, moi activas no seu papel de instigadoras dos abusos e represalias⁶.

5º) Cumpriría botar máis luz sobre o acontecido no sinistro lugar da Abeleira, onde, segundo certos indicios, pode haber fosas comúns onde fican represaliados dados por desaparecidos, xa que todo apunta a que alí tiveron lugar asasinatos de persoas provenientes doutros concellos pontevedreses e ourensáns. Polo que sabemos, as partidas do sanguinario Víctor Lis Quibén frecuentaron a Abeleira, xa que era unha zona que ben puideramos denominar “terra de ninguén”, onde nin a Garda Civil dos postos de Cerdedo e de San Xurxo querían saber nada do que alí acontecía.

debido á súas experiencias de participación na loita de clases desenvolvida no ramo da construción madeiraleña, onde moitos dos homes en idade laboral traballaban todos os anos dende o mes de marzo até Nadal. En concreto, esta rebeldía tiña reflexo nas tensas relacións coa Igrexa católica, rexentada naquela parroquia por un crego especialmente reaccionario que, segundo os testemuños dalgúns dos nosos informantes, non deixou de xogar un rol de instigador na paixón e morte daqueles traballadores conscientes dos seus dereitos. Algo semellante aconteceu en Castro, onde o párroco Rodríguez Anllo se distinguiu pola saña que empregou contra os veciños contrarios ás súas ideas reaccionarias: deste crego coñécese un arrepiante documento, redactado no ano 1938, onde incita ao asasinato de máis de 50 veciños daquela parroquia; entre eles ao do mestre e escritor Xosé Otero Espasandín, Teófilo Otero Valiñas, Constantino e José Simal, Julio López Fondós, Manuel Nieto Castro, Manuel García Fondós, etc. No seu delirio, mesmo chegou a acusar de “roxo” o sarxento da Garda Civil destacado en Cerdedo, Anselmo Sánchez, por avisar a persoas que estaban fuxidas no monte das mouras intencións dos falanxistas.

4 Temos tamén información de que o crego de Montes (Campo Lameiro) era de ideario republicano e nada tivo que ver coas falcatruadas que os falanxistas “Chan da Vela” e Laurentino Barros levaron a cabo naquela contorna. Algo semellante aconteceu nas parroquias de Millerada e Meabia (Forcarei), onde os cregos impediron os paseos. Polo contrario, o abade da Magdalena (Soutelo de Montes), chamado Aquilino Picón, era dos popularmente coñecidos como “de pistola”.

5 Coñecemos, non obstante, as represalias sufridas por algunha mestra (caso, por exemplo, dunha veciña de Castro chamada Teresa, que foi multada polo falanxista Bao con 250 pesetas, sen motivo aparente) e temos testemuñas de malos tratos e aldraxes a algunhas das mulleres dos cidadáns que non tiveron outra saída máis ca escapar ao monte.

6 Sabemos, ademais, doutro caso significado na veciña localidade de Soutelo de Montes (Forcarei): Ramona Gutiérrez “A Ramona”, propietaria dunha taberna-tenda.

6º) Podemos enxergar a partir das cifras achegadas o custo que tivo a Guerra Civil, tanto no senso cuantitativo como no cualitativo, para un pequeno concello rural como era Cerdedo: máis de 70 mortos en ambos os bandos e unha morea de represaliados con penas de cadea, malos tratos, expulsión dos seus traballos (no caso significativo dos mestres), exilio, incautacións individuais ou colectivas de bens ou persecucións varias; aquí tan só desvelamos a punta do “iceberg”, posto que, de seguro, foron moitos máis. Ao cabo, debemos sinalar que tamén no bando nacional houbo xente inxustamente esquecida: os 17 soldados do exército franquista dados por desaparecidos e que non figuran na placa que aínda hoxe está pendurada da parroquia de Cerdedo; daquela, as súas familias non cobraron unha chica do novo Estado redentor.

FONTES

BIBLIOGRAFÍA

- Arca Rivas, R. *Año 1936-1939. Guerra Civil Española*. Madrid. Diario. Manuscrito, Figueiroa-Cerdedo.
- Dasairas, X. “Mestres ourensáns represaliados polo franquismo”, in revista *A Trabe de Ouro*, nº 14, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, abril-xuño 1993.
- Cid Fernández, X.M. *Educación e ideoloxía en Ourense na IIª República*, Universidade de Santiago de Compostela, 1989.
- De la Granja Fernández, P. *Represión durante la Guerra Civil y la posguerra en la provincia de Zamora*. Zamora, Instituto de Estudios Zamoranos Florián de Ocampo, 2002.
- Heine, H. *A guerrilla antifranquista en Galicia*. Vigo, Edicións Xerais, 1980.
- Lamela, L. *A Coruña, 1936: Memoria convulsa de una represión*. Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 2002.
- Liñares Giraut, X.A. *Negreira na Guerra do 36*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1993.
- Monteagudo Ruzo, M. *Unha mancha de contos*. Pontevedra, Ediciones R.S., 2005.
- Pereira, D. “O agrarismo en Cerdedo: unha fe de vida” in boletín *Verbo Xido*, Soutelo de Montes, nº 2, setembro 2002.

- Pereira, D. “Forcarei visto a través do periódico Acción Social” in boletín “*Verbo Xido*”, Soutelo de Montes, nº 3, decembro 2002.
- Pereira, D. “Os represaliados na Guerra Civil en Cerdedo” in boletín *Verbo Xido*, Soutelo de Montes, nº 4, maio 2003.
- Pereira, D. “A Casa do Pobo de Deán (Cerdedo)” in boletín *Verbo Xido*, Soutelo de Montes, nº 5, agosto 2003.
- Pereira, D. *Xosé Otero Espasandín: Vida e pensamento dun cerdedense desterrado*, *Verbo Xido*, Soutelo de Montes, 2004.
- Porto Ucha, A. S. *O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo*. Alén Miño Edicións, Ponteareas, 2003.
- Prada Rodríguez, J. *Ourense, 1936-1939. Alzamento, Guerra e Represión*, Ed. do Castro, Sada-A Coruña, 2004.
- Rodríguez Fraiz, A. *Canteiros e artistas de Terra de Montes e Ribeiras do Lérez*. Pontevedra: Comisión de Cultura da Deputación de Pontevedra e concellos de Cerdedo e Forcarei, 1982.
- Silva Ferreiro, M. *Galicia y el Movimiento Nacional*. Santiago: Seminario Conciliar, 1938.

Xornais

- *Galicia Libre*, voceiro da Federación de Agrupaciones de Gallegos Libertarios, Madrid-Valencia, 1937-39.
- *Faro de Vigo*, ano 1940.

Entrevistas

- D. Rogelio Arca, Figueiroa.
- D. Agustín Domínguez, Tresaldeas.
- D. José Bugallo, Os Castros-Quireza.
- D. Manuel Monteagudo, Castro.
- D. Severino Rascado, Mámoa Alba.
- D. Lino Lema Bouzas, Santiago.

- Da. Remigia Moa, Piñeiro.
- D. José Cadavid, Cerdedo.
- D. Julio López, Castro.
- D. Vicente Bugallo, Cerdedo.
- Da. M^a del Carmen Obelleiro, Figueiroa.
- D. Adolfo Regueiro, Tomonde.
- D. Miguel Pose, Pedre.
- D. Manuel Ricoy, Limeres.
- D. Bonifacio Ferrón, Castro/Pedre.
- D. José Sueiro, Ourense/Limeres.
- D. Xaime López, O Cachafeiro, Forcarei.

Outras

- Inventario CNS, ano 1978.
- *Gran Enciclopedia Gallega*.

A REPRESIÓN FRANQUISTA EN SILLEDA

MANUEL IGREXAS

O desenvolvemento da represión na comarca de Deza ten características semellantes ás de moitas comarcas rurais do interior de Galicia; con todo, se facemos unha análise por concellos, resulta máis brutal e mortífera nos tres maiores (Lalín, Silleda e Carbia). A razón non é simplemente a súa maior entidade en canto á poboación, senón un maior desenvolvemento da actividade política e sobre todo do movemento obreiro: polos concellos de Lalín e Silleda estíbese a construír, desde 1929, a liña ferroviaria Santiago-Ourense, o que creou ao redor destas obras un grande número de sociedades obreiras (practicamente existiu unha en cada unha das parroquias polas que atravesaba a liña, sendo as máis importantes e activas a de Ponte-Nova de Donación, Lalín, e a Sociedade de Ponte, en Silleda). Tamén en Silleda, pero sobre todo en Carbia, a influencia do movemento obreiro deixouse notar coa presenza do *Sindicato Mineiro de Fontao*, que agrupaba os traballadores das minas da Brea cunha longa tradición de loitas desde principios do século XX. Como veremos, a maioría das vítimas da represión van ser os dirixentes ou membros destacados destas organizacións obreiras, ou ben aqueles que os apoiaban e defendían.

Coa análise dos paseados ou fusilados, poderemos desfacer un dos tópicos máis estendidos sobre a represión: aquel que afirma que foi indiscriminada e que lle puido tocar a calquera ser vítima sen que tivese culpa ningunha. Efectivamente, non eran culpables de ningún delito conforme á legalidade republicana, porque eran cargos democraticamente elixidos e que se destacaran precisamente na defensa dos dereitos dos

traballadores e das clases máis desfavorecidas. Pero para os militares sublevados eran “inimigos”, “subversivos”, “anti-España”. Simplemente “rojos” e iso era xa un delito.

Para empezar hai que facer unha análise das diversas tipoloxías do terror fascista: mediante o procedemento da execución sen xuízo, o que se coñecía como o paseo (na maior parte cando estaban detidos e os sacaban da prisión os falanxistas e gardas civís coa desculpa do traslado), ou ben logo dun simulacro de xuízo en consello de guerra sumarísimo, nos que os acusados non tiñan a máis mínima oportunidade de defensa, xa que as sentenzas estaban previamente ditadas e o que se pretendía era conseguir castigos exemplarizantes dos que toda a poboación fose coñecedora –isto é o que lles agarda aos que se opoñen ao novo Estado– de aí que as execucións fosen públicas e se publicitara na prensa o cumprimento das sentenzas.

As primeiras vítimas foron os dirixentes políticos máis importantes: O alcalde de Silleda, Emilio Alonso Paz, a quen as forzas máis reaccionarias consideraban como o seu maior inimigo, pois xa se distinguira como líder nas loitas agraristas de principios dos anos 20, polo que sufriu malleiras e denuncias, chegou a pasar varias tempadas en prisión e logo converteuse no dirixente dos republicanos silledenses.

Emilio Alonso é curmán de Antón Alonso Ríos, o deputado silledense que estivo varios anos agochado disfrazado de mendigo como *ñor Afranio* polas aldeas de Pontevedra e Ourense, ata que logrou pasar a Portugal. Emilio, coma Antón, viviu unha peripecia semellante (aínda que máis curta no tempo, non menos dramática) que inicia en Compostela o 21 de xullo. Pasa por Pontevedra, Acibeiro, Grobas, Ameixendo, Zobra, Barcia, Pesqueiras, Ourense, Verín, para pasar a fronteira portuguesa en Tamaguelos, seguir a Pedras Salgadas e Vila Real, onde finalmente o detén a policía portuguesa o 8 de setembro de 1936 e llelo entrega aos militares sublevados. Emilio Alonso permanece na prisión de Tui ata o 30 de setembro, xúlgano en Pontevedra o 16 de febreiro e condénano á pena de morte que se cumpre un mes despois, o 16 marzo de 1937.

Esta é a carta que lles escribe aos seus compañeiros días antes da execución da sentenza:

Srs. D.

Daniel Sánchez Mallo y Antonio Costoyas Ares.

Mis queridos compañeros, en estos momentos preparado para el sacrificio, escribo esta nota a fin de recalcaros vuestras obligaciones contraídas; sabéis mis secretos los hareis públicos en su día y al mismo tiempo recordaos del notario Bregon, tu Daniel recuerda lo que me dijo en Tuy. Fijaos en los enemigos, no los dejesis engañar diciendo que hicieron algo por nosotros, no creais que la culpa la tubo el cabo, fue obligado a ello, me entendeis ahora se justifica las luchas entre el y brañas, fijaos que el informe lo dio el que está hoy.

Ahora quiero manifestaros que estoy muy animado, considero mi fin como una cosa natural tenía que terminar así asesinado por los señoritos que sabeis; mi muerte servirá para justificar la venganza así como mis compañeros ya juzgados, estoy tan entrañado ya con la muerte que duermo tranquilamente, esta noche aun dormí desde las once hasta las ocho de la mañana con un intervalo de una hora, el triunfo está cercano y nosotros ya el vuestras casas quiero haceros una súplica, proteged a mi familia en lo que podais, colmad de cariños y atenciones a mi querida esposa que tanto quiero, cuanto hagais por ella lo hareis en mi memoria, esta súplica la hago extensiva a todos los amigos que me quedan por medio de vosotros.

Espero lo cumpláis, os saluda, abraza y desea seáis felices vuestro mejor amigo

Emilio Alonso Paz

Cárcel de Pontevedra a once de marzo de 1937

E ao falar de Antón Alonso Ríos, e para dar unha idea de como se exerceu a represión non só contra el senón tamén contra toda a súa familia, baste este informe:

Informe del Delegado de Orden Público del Ayuntamiento de Silleda referente a las hermanas Doña Evangelina, Matilde y Dolores Alonso Ríos naturales de dicho municipio

27 de octubre de 1936

Las hermanas Evangelina, Matilde y Dolores Alonso Ríos son de marcado carácter izquierdista, las dos últimas Maestras de 1ª Enseñanza, la 1ª en un Grupo escolar de Villagarcía y la segunda en una escuela cercana a Santiago; todas convivían durante su permanencia en esta localidad con su madre y su hermano el ex-Diputado Antonio Alonso Ríos, cuando les visitaba, habiendo hecho una campaña electoral plenamente izquierdista, actitud que extrañaba por ser personas bien acomodadas e instruidas.

La Evangelina, que por su residencia continua y por hallarse al frente de la industria de que es propietaria su madre ejerció gran influencia en la propaganda tenazmente izquierdista, ha sido la que entregó dinamita y municiones existentes en el polvorín a los dirigentes del FP en los días anteriores a la declaración del Estado de Guerra, si bien alega como justificante de esta entrega un recibo de haberlo hecho a requerimientos del entonces Alcalde, cuyo recibo en cuanto a su fecha no ofrece toda la autenticidad que fuera menester.

La Matilde, manifestaba en esta Villa el día ocho de Agosto ante una telefonista de Pontevedra llamada Laura y el industrial de esta Amdo Taboada: "que los elementos del FP fracasaban por no haber sabido el gobierno armar bien al pueblo"¹

Tamén foron asasinados outros dirixentes políticos dos partidos da Frente Popular: o tenente-alcalde e dirixente de IR de Silleda, Antonio Costoyas Ares e o delegado de IR na Bandeira, Constantino Conde Penido, fusilado en xullo de 1937.

Pero o maior número de vítimas mortais está entre os líderes ou dirixentes do movemento obreiro: Ramón Muñón Lorenzo, presidente de Unión Obrera de Ponte. Antes de xulgalo e co pretexto dun traslado é asasinado preto da Estrada o 9 de outubro de 1936. O seu irmán Luis Muñón, que fora acusado en 1923 do asasinato do cac-

1 Tribunal Militar de Pontevedra. Causa 49/1937 contra Emilio Alonso Paz.

que Benito Rivas, non puido asistir ao seu consello de guerra; con el asaíáronse os falanxistas e gardas cívicos de Silleda, que o intentan asasinar o 16 de agosto:

Luis Muiños, que trabajaba como capataz en el ferrocarril de Silleda fue atacado cobardemente un día que regresaba a su casa por unos desconocidos, que ocultos tras un árbol, le hicieron fuego, aún que mal herido pudo llegar a su casa en donde con dificultad fue curándose de las heridas sufridas. Al comprobar sus enemigos que sus cobardes intenciones no habían surtido efecto, una noche sobre las dos de la madrugada se presentaron en su casa con un grupo de falangistas que con el pretexto de que tenía que prestar declaración en el ayuntamiento se lo llevaron, en el trayecto y sobre el monte Dos Olmos fue aniquilado cobardemente de 10 balazos.²

Isto acontece o 29 de agosto de 1936. Arturo Pérez Lázara, secretario da Unión Obrera de Ponte foi xulgado en consello de guerra sumarísimo, condenado a morte e fusilado o 5 de setembro. José Fares Fidalgo, secretario do Sindicato Mineiro de Fontao, que traballaba como garda do Mosteiro Carboeiro, onde tamén tiña a súa sede o Sindicato, foi detido e, á espera de xuízo en prisión, de novo co pretexto do traslado, un grupo de falanxistas e gardas civís aplícanlle a tristemente famosa Lei de fugas o 5 de setembro. Outros membros do Sindicato Mineiro de Carbía, coma os irmáns Jesús e Manuel Cea Asorey, Rogelio e Ramón Cajide Rodríguez e Rogelio Salgado Rey foron tamén vítimas do fascismo.

Antonio Vázquez García, ao que as autoridades conceptúan como axitador obreiro, foi condenado en consello de guerra á pena de morte e fusilado o 30 de xuño de 1937. O zapateiro e tamén líder obreiro orixinario de Silleda, Victor José Bugallo, que vivía en Pontevedra, foi tamén fusilado en maio de 1937.

O 16 de agosto de 1936 aparecera mutilado no monte Candán o corpo do militante galeguista de Abades José Rilo Buján.

Houbo tamén un bo número de vítimas que non foron directamente axustizadas, senón que atoparon a morte nas cadeas franquistas, polas condicións infrahumanas nas que os tiña o réxime (amoreamento, falla de alimentación, de hixiene, de coidado sanitario). Así os que morreron no Lazareto de San Simón (como Manuel Noya Gómez), ou os que caeron no Forte San Cristóbal de Pamplona, onde o franquismo trasladou en 1937 a maioría dos presos que tiñan unha condena longa, con propósito recoñecido de intensificar o seu padecemento ao afastalos das súas familias e amigos que lles poderían proporcionar unha mínima axuda do exterior para sobrevivir mellor na cadea. José Natividad Serpa Araque (venezolano, cuñado de José Fares Fidalgo) morre na prisión de Pamplona.

² Galicia, Buenos Aires, 529, 1-8-1937, páx. 5.

Por se o terror non fose suficiente, os cadáveres de represaliados de concellos limítrofes van aparecendo nos foxos das estradas da comarca nos primeiros meses tras o alzamento: a Manuel Pardo Corredoira de Santiago e outro sen identificar atópanos mortos en Ponte Sanxusto (Vila de Cruces) o 2 de setembro. Sergio González Paz, o alcalde de Cuntis e outro son recollidos en Pazos (Silleda) o 15 de setembro. Outros cadáveres xamais identificados aparecen nas Trabancas (Agolada).

O gran número de vítimas débese a que a maioría dos militantes máis destacados e os dirixentes políticos e de organizacións obreiras confían nunha solución “razoable” ao conflito, ou nun rápido esmagamento da sublevación (como anunciaban as noticias de Radio Madrid, segundo nos conta Ramón de Valenzuela na súa novela *Non agardei por ninguén*). Moitos, simplemente, agardaron no seu domicilio a chegada dos novos dirixentes, confiados na que para eles era a lembranza máis inmediata dunha actividade represiva dos militares: a Ditadura de Primo de Rivera, na que efectivamente non houbo máis ca unha leve represión que non chegou nunca á eliminación física dos adversarios políticos.

E se non houbo máis vítimas, foi porque algúns lograron agocharse ou fuxir por diversos medios:

José Moreira Espiño, o primeiro tenente alcalde de Silleda, que pasou catro anos nun pequeno pendello preto da súa casa, ou Manuel Gil Amigo, o que fora presidente da Unión Obrera de Ponte e membro de IR de Silleda, a quen finalmente descubren e deteñen en outubro de 1939.

Tamén Manuel Parga Díaz, mozo dirixente comunista de Silleda, escondido primeiro en Compostela e logo na Coruña, onde finalmente se presenta ás autoridades logo do anuncio dun indulto en 1945.

Outro xeito de escapar ás detencións foi o de presentarse “voluntarios” no Exército Nacional cando nos primeiros meses as necesidades de soldados para a guerra fixeron que o recrutamento militar non fose tan vixiado.

Pero os soldados eran tamén controlados, xa que os mandos pedían constantemente informes da súa conduta aos concellos e, segundo as respostas, eran destinados a postos de maior perigo, ou á primeira liña da fronte, como ben conta Ramón de Valenzuela na súa novela, na que ofrece un vívido relato das condicións nas que se atopaban os soldados na fronte de batalla.

Así pois, non é de estrañar que algúns dos nomes que figuran nese vergoñento monólito da Praza da Igrexa de Silleda baixo o epígrafe de “Caidos en la Cruzada por Dios y por España” non eran senón de soldados aos que o recrutamento forzoso e o

temor ás represalias contra a súa familia (como tamén conta Valenzuela) fixeron morrer no lado que eles non desexaban.

A pesar de todo, algúns fuxiron cara ao territorio leal. Tal é o caso de Ramón de Valenzuela, que me relatou un dos seus compañeiros que non quixo pasarse con el, Julio Calviño, concelleiro da Frente Popular en Lalín, a quen a posibilidade de que puidesen tomar represalias coa súa muller (coa que casara recentemente), e cos seus pais, disuadiu de participar na aventura. Temor ben fundado, que retivo a moitos que tiñan a mesma intención.

Outro silledense, Francisco Fuentes Armas, da parroquia de Taboada, pasou ao bando leal ao principio da guerra, na fronte de Asturias, aínda que logo da conquista de Xixón polos rebeldes é detido e xulgado.

Cando os sublevados se dan conta de que a guerra vai para moito, comezan os recrutamentos e levas. Vemos como o entusiasmo por alistarse non era moi grande, dada a enorme cantidade de mozos que non se presentan aos chamados, e son buscados como desertores e na súa maior parte detidos pola Garda Civil ao longo de 1937 e 1938. Esta deserción masiva nas levas que fixo o exército “nacional” en Galicia é un fenómeno que teríamos que estudar e cuantificar. Pero todo apunta a que a súa cantidade é expresiva do descontento social en Galicia sobre o “Novo Estado”, xa que os desertores coñecían o que esta acción lles implicaba, e non só a eles, senón tamén ás súas familias.

Tanto estes desertores como os mozos de reemprazamento clasificados como “desafectos” foron destinados aos batallóns de traballo (en realidade simples batallóns de traballos forzados), nunhas condicións tremendas. Tal foi o caso de Miguel Nicolás Espérante “Corcheiro”, que despois de estar detido cinco meses na prisión de Silleda, e algúns máis en San Simón, pasou polos batallóns de traballo de León, Ourense, Miranda de Ebro e Aranzuez. E Fidel Costoyas Moreiras, que logo de cumprir unha condena de catro anos ten que facer o servizo militar no Batallón Disciplinario de Soldados Trabaxadores Penados de Bilbao.

En canto aos que lograron salvarse da morte, temos contabilizadas case 200 persoas presas na Comarca (tamén aquí está sen facer unha lista completa), a maioría condenadas nos xuízos sumarísimos polo delito de auxilio á rebelión a penas de cárcere. Logo duns meses no Lazareto da illa de San Simón, son destinados ao penal de Santoña ou á prisión de Astorga (que segundo nos describe Valenzuela era unha das máis duras do Estado), aínda que a maioría envíanos ao Forte San Cristóbal, moi preto de Pamplona. Nesta prisión había uns 2500 reclusos, moitos galegos, cando un grupo comunista artella unha fuga para tentar chegar a Francia. O 22 de maio de 1938 prodúcese o motín. Na fuga participaron algúns dos silledenses alí detidos e como con-

secuencia da persecución que se desatou morreron “al resistir la acción de las fuerzas de recuperación” Antonio Costoyas Ares e Antonio Valladares González, a quen cualificaron como promotor da fuga.

Hai tamén casos de detidos que nunca foron xulgados e que chegaron a permanecer máis dun ano ata que son postos en liberdade sen ningún tipo de cargos, malia que marcados como “desafectos” ao réxime.

A REPRESIÓN ECONÓMICA

Ademais das mortes e condenas a prisión, padeceron tamén outro tipo de represión: a incautación dos seus bens por ser “responsables directos ou subsidiarios, por acción ou indución” da oposición ao *Movimiento Nacional*. O Estado será o titular e único beneficiario das confiscacións que servirán para cubrir a “responsabilidade civil” dos inculpados.

Ao longo de 1937 van aparecendo nos boletíns provinciais as listas de expedientados, coas sancións ou embargo dos seus bens: case todos os que tiñan algún tipo de propiedade, independentemente de se foran xa executados ou condenados a prisión, sufriron estes expedientes, que remataban cunha multa, e se non se pode facer efectiva, co embargo dos bens. Emilio Alonso, Daniel Sánchez Mallo, Antonio Costoyas, José Pérez Canicova, Remigio Balboa, Francisco Pichel foron algúns dos silledenses sancionados.

A partir de 1940, logo de poñerse en marcha o Tribunal de Responsabilidades Políticas, foron expedientados moitos dos que librarian da primeira onda represiva na época da guerra, entre eles os concelleiros republicanos aos que se lles impuxeron multas.

Existiu ademais unha represión económica arbitraria e extraxudicial que aproveitaba a situación de prostración dos derrotados: as multas por motivos tan diversos como berros contra o Caudillo, blasfemar, non erguer o brazo, etc. Estas multas estaban concibidas como escarmiento e como medida de presión para disuadir de meterse en política, alentando o medo ante a sanción económica ou a expropiación. Algunhas das novas autoridades chegaron a usar este sistema para o propio enriquecemento, como o xefe da Falanxe de Silleda, José Ares, que foi detido e destituído, aínda que rapidamente saíu en liberdade.

Así conseguíase que a represión se estendera ás familias dos sancionados, que ao verse privadas dos seus bens ou ter que pedir préstamos para pagar as multas quedaban moitas veces na miseria.

Outra forma de sanción económica eran as subscricións de diñeiro, ouro e alfaias, roupa e víveres para o Exército. Estas colectas, teoricamente voluntarias, pero na práctica obrigatorias, supuxeron unha sangría económica para moitas familias xa castigadas por outros motivos:

Desde que se iniciou esta revuelta, la vida en nuestro terruño no vale la pena de vivirla, lo poco que uno tiene hay que entregarlo. Ya por los diarios que desde Sis de envié (más que nada, para que por ellos comprendieses nuestra triste situación) habrás podido comprender que mucho que uno tuviese sería para entregarles. Todas las páginas de nuestra prensa gallega, como habrás visto, están ocupadas por suscripciones: Suscripción de oro para reponer las arcas de la nación; suscripciones en metálico para ayudar al “Glorioso Ejército Salvador”; suscripciones de medicamentos para los hospitales de guerra; suscripciones de ropas para los combatientes, etc., etc. Tanta suscripción no sería nada si su cumplimiento no fuese una obligación, el que no figure en estas listas “voluntariamente” ha de pagarlo con creces a fuerza de multas, pues no contribuir “voluntariamente” representa rebelión.

La vida allí está insoportable, nuestros productos no valen nada y nuestra moneda menos. Hay algo de valor y esto es el poco ganado que puedas tener y es por eso que también te lo llevan.

Allí se vive bajo la impresión de un peligro constante, cualquier denuncia es suficiente para sacarte del medio. Su cobardía llega al extremo de que cometen más víctimas en la retaguardia (donde ellos dominan por la fuerza), que en el frente donde en todo momento demostraron ser unos cobardes.

Como mucha gente no responde al sinnúmero de petitorios de esos insaciables, por miedo a morir de hambre dando lo poco que les queda, las multas están de moda y por medio de este sistema te sacan quieras que no lo poco que tengas. Como los vecinos de Laro parecen no ir muy de acuerdo con esta moda, las multas allí son más frecuentes.

Los revolucionarios no usan nuestros hombres en sus tropas porque no tienen la menor confianza en ellos, es indudable que los gallegos aun bajo ese terror seguimos pensando de igual manera y esto ellos no lo ignoran.³

A REPRESIÓN LABORAL

Os republicanos sofren tamén a marxinação laboral. A depuración por motivos políticos foi feroz na pretensión do exército sublevado de protexer como fora a retagarda das súas trincheiras. Unha das primeiras medidas que adoptan os novos alcaldes é a depuración do persoal do concello. Os traballadores que militaban nalgunha das organizacións de esquerdas ou eran acusados de ter “simpatías por el Frente Popular” foron inmediatamente cesados e a outros abríuselles expediente do que non libraron nin porque foran soldados na fronte, como o secretario do Concello de Silleda, Francisco Pichel Sánchez. Así conseguíuse neutralizar a influencia social dos des-

³ Galicia, Buenos Aires, 507, 14-2-1937.

afectos ao réxime e condenalos á marxinação. Só os funcionarios ideoloxicamente afíns manteñen os seus empregos. Os demais son substituídos por afiliados á Falanxe ou dereitistas, e máis tarde por “cabaleiros mutilados” como xeito de premiar a súa “adhesión al Movimiento”.

Este labor de limpeza política e ideolóxica continúa nos meses seguintes co resto do persoal ao servizo da Administración: cesan xuíces e fiscais municipais, carteiros, peóns de camiños.

Pero a limpeza máis exhaustiva foi a que se emprendeu contra os mestres. Nela existía tamén un elevado compoñente de represión ideolóxica, na que xogou un papel fundamental a Igrexa, que identificou sempre republicanismo con anticlericalismo e procedeu á denuncia contra os ensinantes liberais, esquerdistas ou abertos á modernidade. O novo réxime propúxose de inmediato arrincar de raíz as influencias laicas e as da Institución Libre de Enseñanza. O símbolo máis importante do cambio de poder na Galicia rural foi a reposición do crucifixo nas escolas, realizado a nivel local con grande fasto e cerimonia; ao longo do curso 1936/37 esta cerimonia celébrase en todas as parroquias, con presenza de autoridades, desfile da Falanxe, procesión...

A partir de aquí a presenza e o poder da Igrexa vaise xeneralizar en toda a vida pública: volven implantarse as festividadeas relixiosas, que agora se adornan coa fanfarrá paramilitar da Falanxe. E mesmo privada: pénsese nos casos dos matrimonios civís que son obrigados a realizar a cerimonia relixiosa para ter validez, nos nenos obrigados a ser bautizados ou nos divorciados que de repente ven anulado o seu divorcio.

A propaganda tamén se fai palpable coa imposición dos novos símbolos do réxime (entre eles os nomes das rúas que as corporacións nomeadas polos gobernadores civís deciden para os novos heroes: Franco, José Antonio, Calvo Sotelo, Mola, Capitán Bernal –que aínda perviven hoxe–) que eliminaron todo vestixio do que foi a República.

A finais de agosto de 1936 prodúcese a primeira destitución masiva de mestres de ideas esquerdistas, decretada pola Junta de Defensa Nacional. Deseguido ponse en marcha unha purga minuciosa co nomeamento da Comisión Depuradora do Maxisterio, que incoa expedientes a todos os mestres, polo que estes se ven obrigados a demostrar a súa fidelidade aos principios do réxime mediante avais.

Os cargos que se lles imputan son: ideoloxía de esquerdas, actitudes contrarias á “causa nacional”, militancia en organizacións afectas á República, irrelixiosidade ou ateísmo, nacionalismo ou separatismo...

O resultado é un gran número de sancións que van desde a expulsión do corpo ao traslado. Para o Concello de Silleda contabilizamos 19 mestres sancionados (prac-

ticamente a metade), entre eles Manuel Tobío e a súa muller Higinia Fraiz (a irmá de Victor Fraiz Villanueva, o dirixente da FTE da UXT fusilado en Vigo en setembro de 1938), Pedro Zunzunegui, mestre na Bandeira, Higinio García Blázquez, de Taboada, ou Elisa García Harguindey (a muller de Emilio Alonso Paz).

AS INCAUTACIÓNS

En setembro de 1936 comeza a confiscación dos bens e propiedades dos partidos e organizacións que apoiaron a Frente Popular, logo de ser declarados fóra da lei. O espolio fíxose seguindo nun principio instrucións dos Gobernos civís e despois xa dun xeito máis organizado cando se crea en cada capital de provincia a Comisión interministerial de incautación de bens de procedencia marxista.

Comezan cos locais das escolas laicas fundadas polos emigrantes de América: o edificio da Sociedad Pro-Escuelas en Bandeira foi requisado polo Concello. Sufriu ademais o espolio da Biblioteca e un auténtico auto de fe coa queima de parte das obras⁴, situación pola que tamén pasou a Biblioteca Popular de Silleda. Logo os das escolas de Hijos de Silleda en Freixeiro (Laro), O Marco (Siador) e A Penadauga (Escuadro)⁵. Estes edificios pasaron posteriormente ao patrimonio da Organización Sindical.

En canto ás organizacións obreiras, que non contaban con locais sociais en propiedade, tamén sufriron a incautación dos bens (mobiliario, libros, diñeiro...): en Silleda foron confiscados os das dúas sociedades máis importantes: a Unión Obrera de Ponte e o Sindicato Obreros Minas de Estaño de Fontao.

Polo que respecta aos partidos políticos, tamén se procedeu ao embargo do patrimonio dos locais de Izquierda Republicana de Silleda e Unión Republicana de Laro, o Grupo Galeguista de Abades...

A REPRESIÓN RELIXIOSA

A comunidade protestante da parroquia silledense de Vilar tamén sufriu a represión: en outubro de 1937 foron detidos nove membros da comunidade, entre eles o

4 En 1978 os representantes da Sociedade chegaron a un acordo co Concello, que naquel momento ostentaba a titularidade (xa que fora incorporado ao patrimonio municipal co carácter de ben de dominio público afecto ao servizo de ensinanza alegando prescrición adquisitiva en virtude de posesión) para convertelo nun teleclub. Actualmente o edificio é sede da Asociación Cultural Vista Alegre da Bandeira.

5 A devolución destes tres edificios foille reclamada ao Concello de Silleda en 1978 polos representantes da Sociedade pero o expediente nunca se resolveu.

pastor Celestino Puente Sánchez e dúas mulleres, acusados de “comunistas” por un sacerdote e unha mestra. A capela evanxélica e a súa escola foron clausuradas e pechadas por orde do gobernador civil de Pontevedra “por ser aquela un centro anti-patriótico y desarrollarse en la misma propaganda de carácter izquierdista”. Por sorte as denuncias non prosperaron e os detidos libraron da morte, aínda que foron condenados a diversas penas de cárcere. A algúns deles abríronlles expedientes por “responsabilidades políticas” en 1940.

A REPRESIÓN DOS FUXIDOS E DA GUERRILLA

A vaga de violencia que desencadeou o réxime orixinou a fuxida de moitos cara ao monte por meras razóns de supervivencia. Son os fuxidos, persoas que, ao sentiren ameazada a súa vida polas súas afinidades republicanas, optaron por refuxiarse en zonas de difícil acceso: grupos dispersos na serra do Faro, outros nos montes que delimitan os concellos de Rodeiro e Agolada, Rodeiro e Lalín e tamén na zona do Ulla, en Silleda e Cruces. Algúns deles acabarían organizando partidas guerrilleiras que sostiveron a loita armada contra o franquismo ata finais dos anos corenta.

A represión non rematou coa fin da guerra, senón que continuou cos fuxidos e cos que os axudaron. E baixo outras formas durante a ditadura. As condenas, os fusilamentos, a ruptura familiar e da convivencia atopábase presente. Foi imposible obviala, pero a curto prazo si resultou posible silenciala. E ese silencio foi a base do réxime franquista, que foi construíndo e calando na sociedade, impoñendo pola forza unha estrutura de dominación que contemplaba o uso masivo do terror para paralizar as mostras de desafección ou de simple indiferenza. E que logrou implantar novos hábitos de convivencia durante medio século. Porque sen a represión, sen o terror, non se poden entender nin os anos da guerra, nin a consolidación e supervivencia da ditadura franquista.

A MEMORIA DA REPRESIÓN

A memoria das vítimas da represión foi recollida en bronce nunha placa que a sociedade Unión del Partido de Lalín de Bos Aires instalou nos locais da Federación de Sociedades Galegas na rúa Chacabuco en 1954. Esa placa foi depositada alí de forma provisional e sinalan os directivos da Sociedade no momento da súa inauguración que estaba destinada a presidir o salón de plenos do Concello ou unha praza pública da vila de Lalín, cando a democracia retornara a Galicia. Parécenos que os tempos son chegados e que é necesario que desde as institucións políticas locais

(mancomunidade e concellos) se reivindicque que esa placa, que significa a memoria viva da represión franquista, se instale definitivamente onde os dezaos poidan tela presente.

Estas son as vítimas silledenses da represión que figuran nesa placa:

EMILIO ALONSO PAZ - ALCALDE
CONSTANTINO CONDE PENIDO - CARTERO
ANTONIO COSTOYAS - CARPINTERO
MIGUEL ESPERANTE NICOLAS - INDUSTRIAL
JOSE FARES - MECANICO
LUIS MUIÑOS - LABRADOR
RAMON MUIÑOS - LABRADOR
FRANCISCO NOYA VAZQUEZ - CHOFER
ARTURO REY - JOYERO
JOSE RILO BUJAN - INDUSTRIAL
ANTONIO VALLADARES - EMPLEADO
ANTONIO VAZQUEZ - LABRADOR
ANICETO VENOCELANO - MINERO
FRANCISCO PRADO - MINERO

DOUS INTELECTUAIS CUNTIENSES ASASINADOS: XOÁN XESÚS E BLANCO TORRES. ALGUNHAS REPERCUSIÓNS DA REPRESIÓN FRANQUISTA NA ACTUALIDADE

MARCOS SEIXO PASTOR

No presente ano cúmprense setenta do asasinato de Xoán Xesús, Blanco Torres e unha longa lista de intelectuais, políticos, sindicalistas ou simples militantes do esquerdismo ou do galeguismo nacionalista. Se facemos unha valoración global temos que dicir que, ao igual que aconteceu con moitos dos seus compañeiros inmolados durante os anos da guerra ou a posguerra polas súas ideas ou polas actividades intelectuais e/ou políticas, segue a estenderse un tépedo manto de silencio sobre as súas figuras, que perdura a pesar de que xa pasaron máis de trinta anos desde a morte do ditador. O pacto de silencio que se forxou no ámbito académico e político no referente á II República e ao conflito para evitar abrir vellas feridas e facer unha sosegada mudanza de réxime político durante a chamada transición, fixo que a sociedade captase, e aínda capte, a Guerra Civil como unha intervención necesaria, tal como indicaba a única historiografía divulgada sobre o tema (a franquista), e que as súas vítimas civís, mesmo aquelas de maior peso intelectual, artístico, político... foran non só esquecidas e infravaloradas, senón ademais consideradas como elementos prexudiciais que tiveron que ser eliminados porque “algo farían”, e o peor de todo, o impa-

rábel paso do tempo que causou unha gran perda documental e humana que a día de hoxe lles resta aos estudos valiosas fontes para o coñecemento dos feitos.

Moitos de nós sabemos de corrido a lista dos intelectuais asasinados: Blanco Torres, Xacinto Santiago, Lustres Rivas, Xoán Xesús González, Xaime Quintanilla, Ánxel Casal, Alexandre Bóveda, Díaz Baliño, Vítor Casas, Arturo Noguero, ‘Caramiñas’, Xoán Carballeira... Porén, a súa obra e ideario son realmente coñecidos?

A día de hoxe, e promovido case exclusivamente pola sociedade civil, comeza a rescatarse parte desta historia tantos anos silenciada. Mais a nosa función ten que ir máis aló da recuperación de nomes, cadáveres e crónicas. Temos a obriga de presionar para que se estude e se difunda a obra creativa dos nosos escritores, artistas plásticos, músicos... En caso contrario estamos colaborando cos que quixeron non só eliminalos fisicamente senón tamén impedir que o seu legado artístico ou a súa mensaxe saíran da súa campa e chegaran ao pobo polo que loitaron. E esta recuperación ten que abranguer non só a obra dos asasinados, senón tamén a dos exiliados, encarcerados... que seguen a día de hoxe sen contar coa difusión e coñecemento e, en consecuencia, co recoñecemento que merecen.

Aínda que a miña intención inicial era tratar só os casos de Blanco Torres e Xoán Xesús quixera, antes de nada, facer uns breves apuntamentos, sen ningún tipo de pretensión de minuciosidade nin rigorosidade, sobre o contexto represivo do 36 en Cuntis, xa que pode resultar de interese como modelo do que aconteceu noutras vilas do país. Algúns dos datos que fornecen a narración débollelos aos traballos de Alfonso Magariños Sueiro, así como a un folleto manuscrito titulado *Colonia penitenciaria del lazareto de San Simón* por Edilberto Lois Couso, preso político de Cuntis, 1936-37-40. Neste pequeno caderno, que me foi facilitado polo fillo do propio Edilberto, aparecen datos de interese sobre o alzamento fascista en Cuntis. O meu agradecemento tamén á familia do alcalde republicano de Cuntis, Manuel Rodríguez, polo seu valioso testemuño oral.

O 36 EN CUNTIS

O panorama cultural, económico, social e político da vila termal antes do 36 caracterizábase por un bo grao de prosperidade, especialmente durante a II República; prosperidade á que contribuíu en boa medida a eficaz executoria de quen quizais foi o mellor alcalde con que contou Cuntis na súa historia, o canteiro Manuel Rodríguez. No ambiente sociocultural é de destacar ademais dun culto e selecto ambiente organizado en torno ao Hotel Balneario (concorrido por coñecidos escritores, xornalistas, maxistrados, políticos...), o labor dunha activa e combativa xuventude que ade-

mais de chegar a fundar xornais de carácter anticaciquil e promover actividades poéticas e teatrais (especialmente no caso dalgúns mestres e estudantes), participaban moi activamente no galeguismo, no esquerdismo republicano e no movemento agrario local, enfrontados ao máis recalcitrante caciquismo representado polo Sindicato Católico Agrario, integrado polos máis reaccionarios oligarcas da vila, entre os que non podía faltar o clero, como é o caso de Santiago Abuelo, abade da freguesía de Sta. María de Cuntis, e Xosé Toubes, que aínda que era cuntese estaba ao cargo da parroquia coruñesa de S. Pedro de Mezonzo e fora fundador do xornal conservador coruñés *El Ideal Gallego*.

En maior ou menor medida toda esta mocidade da que falabamos sufriu a represión coa sublevación fascista do 18 de xullo de 1936. En todo o país, e por suposto tamén no propio Concello de Cuntis, comezara unha dura represión especialmente dirixida contra cargos públicos, intelectuais e líderes sindicais e políticos... en moitos casos simples apoderados ou interventores da Frente Popular ou votantes sen ningún tipo de actividade política. Encarceramentos, desterro, vexacións, torturas e malos tratos... malleiras, multas, embargos, depuración de funcionarios municipais e mestres, o agocho, o exilio, asasinatos, fuxidas ao monte... Na maior parte dos casos acumuláronse varias destas manifestacións represivas, que converteron a vida de moitos e moitas esquerdistas e das súas familias nun verdadeiro inferno.

- **Fuxidos:**

Á parte de Xoán Xesús, que andou fuxido unha tempada antes de ser detido e fusilado, o fuxido máis emblemático neste concello foi Sabino Sueiro. Pasou trinta e tres tortuosos meses no monte, durante os que sufriu múltiples calamidades: persecución, fame, medo, frío... Contan que unha vez a fame que tiña era tanta que entrou nun muíño e comeu a fariña a puñados. Outra das moitas historias que se narran é que un día estando o cura da parroquia de Arcos de Furcos cazando en compañía do seu criado viron ao lonxe a Sabino. O criado indicoulle ao cura que o tiñan que denunciar. Este apuntoulle coa escopeta e díxolle: “Aquí non vimos a ninguén, de acordo?”. Son moitas as historias (reais ou míticas) deste personaxe e por falta de tempo non imos entrar agora nelas. Sabino entregouse confiando nas falsas promesas do réxime, foi encarcerado durante máis de dous anos e chegou a ser condenado a morte; pena que foi conmutada pola de cadea perpetua, e quedou practicamente arruinado entre as sancións do réxime e os avogados (teñamos en conta que contaba cun bo capital froito dun esforzado traballo na emigración americana).

- **Exiliados:**

Entre estes cómpre mencionar o pintor e escultor Uxío Souto, bo amigo de Xoán Xesús e de Blanco Torres, cos que compartía o ideario galeguista e esquerdistista. Uxío salvaríase do masacre cruzando os Pireneos e permanecendo durante un penoso período de tempo nun campo de concentración en S. Ciprián de Perpiñan (Francia); experiencia que deixou unha fonda pegada na súa obra. Posteriormente conseguiu atravesar o océano e instalarse para o resto dos seus días en México, país no que a súa obra goza dun prestixio que, por motivos que todos nós podemos intuír, non se lle outorga na súa propia terra natal. Hai que recoñecer que os exiliados correron algo de mellor sorte ca os asasinados pois ademais de conservar a vida puideron continuar, aínda que en condicións precarias, as súas actividades. Con todo, a obra da maior parte deles padeceu, e mesmo padece a día de hoxe, a postergación e mesmo a indiferenza. A pesar de que autores como Alonso Ríos e Ramón Valenzuela que grazas a actos coma este no que estamos a participar comezan a saír da clandestinidade á que foron condenados durante tantos anos, mesmo xa en tempos en que estaba asentada a democracia, non levamos andado máis ca unha ínfima parte do camiño que temos que percorrer; camiño no que con frecuencia non só non topamos os lexítimos apoios necesarios, senón que ademais son moitos os obstáculos que cómpre sortear.

- **Confinamento na illa de San Simón e outros cárceres**

Avelino Ares Villaverde, Manuel Alonso Rodríguez, Antonio Aboi Torres, Francisco Porto Touceda, Pablo Baños Mariño, Xosé Pena Sayáns, Ramón Fuentes Sayáns, Ramón Ferreiro Folgar, Manuel Pisos Villar, Xosé Campos Caneda, Secundino Limeres Campos, Maximino Pardal Fabeiro e Edilberto Lois Couso... Foron enviados desde Cuntis primeiro á cadea de Caldas de Reis, onde xa estaban retidos o mestre Antonio Ríos Fernández e Pedro Carballo Blanco (sobriño de Roberto Blanco Torres, que estivera un tempo escondido na reitoral de Lores protexido polo seu tío o párroco Xermán Blanco Torres), e despois á de Pontevedra e ao antigo lazareto de San Simón –no que tamén foron recluídos os mestres Aurelio Rey García (unha persoa moi apreciada na vila termal, ao que se lle outorgou o nome do colexio, aínda durante o franquismo) e o afouto Xosé Viéitez de Soto (que exercía na aldea cuntiense de Magán)–. Este estivo preso en San Simón e cando o cebaron mandárono á fronte, onde daba auténticos mitins contra o franquismo, polo que foi detido de novo e encarcerado. En San Simón *desaparecería* Avelino Ares, sen que en principio se soubese o seu paradiro (en realidade fora *paseado* e enterrado nun cemiterio da zona de Redondela). No edificio da Deputación, en febreiro do 37, despois de numerosos interrogatorios e traslados, tivo

lugar un xuízo colectivo, cun tribunal no que actuou como relator Rivero de Aguilar (que fora fiscal na causa contra Alexandre Bóveda); como xuíz, Fco. Sanmantín Carreño e como fiscal, Otero Goyanes. No expediente pedíase a pena de morte ou reclusión a perpetuidade. Algúns dos múltiples procesados foron condenados a cadea perpetua ou apenas que oscilaban entre os 12 e os 20 anos de prisión.

- **Asasinados:**

Xa mencionamos o caso de Avelino Ares. Pero ademais temos que destacar o alcalde Manuel Rodríguez e Serxio González que foron paseados despois de entregárense inxenuamente para seren deportados á zona de Silleda, de onde non regresaron con vida. Sabino Sueiro, que tamén se tiña que entregar xunto con eles e Xoán Xesús, escoitou atormentado desde o monte como se laiaban a filla e a muller de Manuel, que quedara en fuxir con el mais a última hora acordou de quedar na casa. O fillo do alcalde Rodríguez foi enviado á fronte a loitar a carón dos *nacionais* e morreu aló en estrañas circunstancias que fan supor que tamén foi liquidado, pois o seu nome é o único que non figura na fachada da igrexa da súa parroquia xunto aos outros “caídos por la patria”, que por suposto eran só os do bando gañador.

BLANCO TORRES E XOÁN XESÚS GONZÁLEZ

Do primeiro destes persoeiros cómpre comentar que foi un recoñecido xornalista, poeta e político que comezou a súa carreira na Habana con tan só catorce anos. Alí, ademais de participar en boa parte da prensa da illa, envía colaboracións á prensa galega e á doutros países latinoamericanos. Inclusive chegou a ser o fundador e director de dúas publicacións galeguistas: *La Alborada* e *La Tierra Gallega*. Ao seu regreso, participou moi activamente no emerxente nacionalismo das Irmandades, así como no seu voceiro *A Nosa Terra*; foi ademais unha das figuras máis destacadas do Movemento Agrario da man de Basilio Álvarez.

Ocupou importantes cargos de dirección nalgúns xornais progresistas e galeguistas: *La Zarpa* de Ourense, *O Galicia*, *Diario de Vigo*, *El Pueblo Gallego* de Vigo, *El Noroeste* da Coruña, *La República* de Ourense, *El País* de Pontevedra... É autor ademais de *Orballo da media noite*, unha das xoias poéticas da literatura galega do seu tempo. Producíase o alzamento fascista cando acababa de ser elixido xefe do gabinete de prensa do Ministerio de Gobernación (xa anteriormente, nos comezos da República, ocupara o cargo de gobernador civil en Palencia). Foi detido na Peroxa (Ourense) o 22 de xullo, catro días despois do golpe militar, confinado durante máis de dous meses na Pri-

sión Provincial da cidade e despois trasladado á de Celanova, onde pasa unha noite. O tres de outubro é *paseado* xunto con Euloxio Vázquez e Rizal Villamarín Iglesias e o catro aparecían os corpos en Galez (Entrimo). Dúas balas inseridas na caluga (unha “traumática hemorragia interna”, segundo o certificado forense) poñían fin a corenta e catro intensos anos de ética e combate no plano vital, político e literario.

Pola súa parte Xoán Xesús foi tamén un excelente xornalista, político e avogado, de procedencia popular. Fora canteiro na xuventude e, asentado en Compostela, compaxinou o traballo da pedra cos estudos, ata chegar a facerse mestre, avogado e un coñecido xornalista e escritor. Foi un destacado político nacionalista e socialista, que emprendeu unha perseverante loita para que as clases traballadoras puidesen gozar dunhas condicións de vida dignas e para que Galiza deixase de ser un país humillado cultural e economicamente. Comezou o labor xornalístico na redacción de *El Compostelano* e foi redactor e colaborador doutras publicacións como *El Pueblo Gallego* de Vigo, o diario agrario ourensán *La Zarpa*, *La Concordia* de Vigo, *A Nosa Terra...* e na prensa da emigración americana. Mesmo chegou a ser fundador de xornais (*Amañecer*, *El País Gallego*), organizacións obreiras e partidos políticos nacionalistas de esquerdas como a Unión Socialista Gallega, Vanguardia de Izquierda Republicana... e conta cunha variada obra xornalística e literaria en diversos campos, especialmente no do ensaio mais tamén en poesía, teatro, narrativa..., sendo un dos principais autores da colección de novela breve de Céltiga, movida por pretensións máis divulgativas e patrióticas ca propiamente estéticas pero que tiveron unha importante repercusión na historia das nosas letras.

Co golpe de Estado militar, Xoán Xesús colabora co recentemente constituído Comité de Defensa da República en Compostela para loitar pola protección do sistema democrático republicano. Encabezou a columna de obreiros e campesiños da zona de Teo, entre eles algúns dos irmáns Liste, que se coñece popularmente como o Terzo de Calo, que desfilaron armados polas rúas de Compostela e tomaron edificios como o de Correos e Telégrafos. Mesmo chegaron a intentar asaltar un tren que viña de Vigo con armas para os insurrectos, entrando en combate coa garda civil e falanxistas. Andou fuxido algún tempo polos montes de Cuntis. Unha imprudente cita nun día de feira na vila da Estrada foi fatídica, pois alí foi detido, trasladado á prisión de Santiago, sometido a consello de guerra e fusilado o 12 de setembro de 1936 xunto con Faustino Liste, Serafín Mariño, Xosé Pose Míguez e Xosé Cousís Castro.

A REPRESIÓN DESDE A ACTUALIDADE

No ano 1998 recibiamos con agrado e sorpresa a noticia da concesión do Día das Letras Galegas para a edición de 1999 e por vez primeira para un escritor represalia-

do polo franquismo en 1936, que ademais era totalmente descoñecido para a maior parte dos galegos, mesmo para moita xente relacionada directamente co contorno da literatura e a lingua galega. Non foron poucas as voces que se indignaron, ben alegando o erro que implicaba andar a remexer no pasado ou ben indicando hipocritamente que Blanco Torres non era merecente de tal galardón por ter unha obra en galego insuficientemente extensa. O que temos claro é que terán que pasar moitos anos para que a controvertida designación, cuestionada mesmo por boa parte dos propios académicos, abra paso a outros que padeceron a ira asasina da barbarie fascista.

En todo caso foron moitos os traballos que se levaron a cabo entre os últimos meses de 1998 e os primeiros do ano seguinte, demostrando o talento poético e xornalístico así como o seu fondo compromiso coa súa terra, coas clases populares e coa democracia. Aínda que non imos entrar detalladamente na súa incesante actividade social e política no ámbito do nacionalismo, o agrarismo e o republicanismo, convén destacar a dilatada militancia nas Irmandades da Fala, na ING ou no sector galeguista de Izquierda Republicana. Tampouco imos tratar o aspecto periodístico, a pesar de que foi sen dúbida un dos mellores e máis fecundos xornalistas do seu tempo. Penso que esta profesión non conta co recoñecemento que realmente merece e neste aspecto o silencio afecta a todos os seus compañeiros de profesión, mesmo aos non represaliados. Pero non é neste punto no que quero entrar nesta ocasión, senón que vou centrarme máis ben no labor poético.

Os poemas do autor destacan especialmente pola introdución da temática filosófica ao estilo *unamuniano*, sen referente na nosa lírica, así como polos poemas de censura moral e denuncia social, pouco habituais no seu tempo, expresados nun estilo maxistralmente impregnado de recursos propios das novas tendencias da poesía de vangarda que estaban a chegar de Europa.

Algúns recoñecidos críticos manifestaron a indubidable significación da obra poética do cuntese. Así Miro Villar, que foi o encargado da edición de *Orballo da media noite* (Edicións Xerais), consideraba esta obra como un dos mellores e máis orixinais poemarios do seu tempo xunto co *De Catro a Catro* de Manuel Antonio. Mais, como era de esperar, pasado o ano de Blanco Torres todo volveu ao seu rego. O escritor volveu a converterse nun descoñecido que non é nin mencionado en case ningunha historia da literatura. Unicamente hai que exceptuar en 1999 a *Breve historia da literatura galega* de Mercedes Queixas, onde se sinala ao autor como un dos principias novecentistas, xunto a Amado Carballo, Manuel Antonio ou Bouza Brei, e onde se cita o seu poemario como un dos máis representativos da súa xeración, feito que leva consigo un valor engadido por se tratar dun estudo, aínda que rigoroso, extremadamente concentrado. Mais quizais influíu a actualidade do Día das Letras,

pois en obras posteriores máis extensas nin sequera menciona o *Orballo da media noite*. Desde logo, co que non contamos é con ningún libro de texto destinado a estudantes de ensino primario ou secundario onde se trate nin minimamente este autor e a súa obra, impedindo así o acceso do alumnado ao coñecemento da obra dun escritor que en tan grande medida contribuíu á prosperidade da nosa cultura e da nosa terra, que está sendo asasinado novamente polos comedidos estudosos da Literatura.

E como remate no que atinxe ao abandono en que se acha o escritor cómpre lembrar que o seu corpo descansa aínda a día de hoxe nunha fosa común en Entrimo, sen que aínda se fixese nada para o enterrar dignamente a carón da súa dona no cemiterio de Amido, na Peroxa, concello no que debería existir unha fundación ou institución semellante na casa onde foi detido polos falanxistas, e que de bo grado foi ofrecida pola familia para calquera fin desta índole.

Mais o de Blanco Torres non é un caso excepcional, senón que inclusive pode ser representativo do que aconteceu con boa parte da intelectualidade galega represaliada. Así, sen saírmos do propio Concello de Cuntis, topámonos co exemplo de Xoán Xesús González.

Aínda que o corpo de Xoán Xesús foi trasladado pola familia anos despois do seu fusilamento desde Compostela ao cemiterio de Cequeril (Cuntis), nin unha soa inscrición recorda, para vergonza das nosas autoridades políticas, nin alí nin en ningún outro lugar, o que fora unha das persoas que máis loitou pola liberación nacional e social da súa terra, empresa pola que lle foi arrebatada a vida. A día de hoxe, salvo breves alusións en obras de carácter histórico, case non atopamos difusión bibliográfica deste personaxe nin ningún tipo de recoñecemento oficial.

Unicamente teríamos que sinalar neste sentido a ofrenda floral celebrada pola Asociación O Meigallo de Cuntis con motivo do 66 aniversario do seu fusilamento, que contou co apoio e a intervención dos presidentes e outros representantes de entidades como a Asociación de Escritores en Lingua Galega, o Colexio Profesional de Xornalistas, Fundación Castelao, Amigos da República de Ourense, Fundación Alexandre Bóveda e diversas asociacións da provincia... Todos os presentes foron agasallados con folletos que contiñan unha breve nota biográfica, algún poema, fotografías do homenaxeado e portadas dalgunhas das súas obras. Rematou a sesión cun emotivo recital poético e coa entoación do himno. Todos lembramos moi especialmente o improvisado discurso de Pousa Antelo que aínda se acordaba con emoción de Xoán Xesús, con quen compartira tribuna no Movemento Agrario da comarca de Santiago. A homenaxe coincidía co ano da reedición da novela *A modelo de Paco Asorei*, na que Edicións Xerais amosou un espírito decidido, aberto e respectuoso co editor (que é o autor desta exposición), non só permitindo senón tamén alentando, sen ningún tipo de

fiscalización, a elaboración dun extenso estudo introdutorio sobre a biografía e obra do intelectual fusilado en Boisaca.

No ano 2005 é de salientar o labor da Comissom de Memória Histórica da Gentalha do Pichel de Compostela polas súas iniciativas na “reabilitaçom da memoria dos que sufreram represálias durante e após a Guerra Civil e o reconecimento institucional dos mesmos”. É loábel o traballo que están a facer: charlas sobre antifascistas asasinados (entre eles Xoán Xesús e Ánxel Casal), elaboración de material divulgativo, un magnífico mural e unha campaña para pedirlle ao Concello de Santiago de Compostela un lugar para erixirlles un monumento ás vítimas do franquismo...

Neste momento, co novo goberno bipartito en Galiza ábrense esperanzadoras expectativas para o estudo e recoñecemento de persoas ou colectivos que sufriron a represión, que xa están a poñerse en marcha. Agardamos que este ano 2006, institucionalmente denominado Ano da Memoria, se materialicen na medida do posíbel as ilusións que temos postas moitos de nós. Ilusións que esperemos que non sexan defraudadas, coma no caso da comisión de Cultura do Concello de Cuntis onde, ante a insistente demanda popular, acordábase por fin neste 2006 que o Goberno municipal socialista accedese a outorgarlle o nome dunha rúa a Xoán Xesús. A pesar de todo, durante o acto o concelleiro de Cultura indicaba que tiña que ficar claro que a concesión lle era conferida ao persoeiro en calidade de escritor e non pola súa fasquía política nin moito menos en calidade de vítima do franquismo.

Para finalizar quixera facer unha declaración de completa adhesión ás conclusións do I Congreso da Memoria “A Represión franquista en Galicia” celebrado en Narón en decembro de 2003, que foron consensuadas por todos os relatores que participamos e no que se reclamaba, entre outras demandas, a necesidade de dirixirse aos distintos estamentos implicados para saldar a débeda coas vítimas do franquismo, a retirada da simboloxía fascista así como a plasmación dos seus nomes no rueiro das nosas cidades e vilas, o financiamento dos traballos destinados á recuperación da nosa historia e do patrimonio artístico e literario silenciado, que ao final de contas é o aspecto no que quixen incidir dun xeito máis persistente nesta breve exposición...

AS MIÑAS COINCIDENCIAS CON RAMÓN VALENZUELA

AVELINO POUSA ANTELO

Ramón e mais eu somos da mesma quinta –a de 1935–, nacemos entrambos en 1914; eu o 14 de maio, Ramón o 3 de outubro.

Os dous militamos nas Mocidades Galeguistas, aquela xeración de rapaces que puxera toda a súa ilusión e o seu entusiasmo en loitar pola recuperación de Galiza en tódolos aspectos: histórico, cultural, económico, social e político.

Na 1ª Asamblea da Federación de Mocidades Galeguistas celebrada en Ourense en 1934 eu fun nomeado conselleiro pola comarca da Barcala, porque lograra crear alí cinco grupos nas parroquias de Aro, Barcala, Ordoeste, Corneira e Gonte.

Do libro de Manuel Igrexas *Xesús Golmar*. Edicións Fervenza 10015, páx. 45: “En 1933 publícase en Lalín o periódico *La Razón* no que colaboran os mellores periodistas do Deza naqueles anos: Ramón de Valenzuela, Alonso Ríos, etc.” Na páx. 50: “Aos poucos meses, en abril de 1935, na IV Asamblea do Partido Galeguista elíxeno (a Golmar) conselleiro suplente da zona de Lalín (como conselleiro titular foi elixido Ramón de Valenzuela)”. Cómpre sinalar que Xesús Golmar era alcalde de Lalín cando estalou a Guerra Civil.

Outra coincidencia: Ramón de Valenzuela pasou ó exército da República en Navas do Marqués (Ávila), onde estaba tamén eu, como condutor dunha ambulancia de Sanidade Militar.

Pasaron anos; souben de Ramón en Bos Aires á beira de Castelao, teño a foto onde leva o seu cadaleito.

Reatopámonos en 1977 na Feira do Libro de Vigo, el firmando exemplares de *Non agardei por ninguén e Era tempo de apandar*; eu exemplares de dous libros de cooperativismo publicados por Galaxia. Ramón dedicoume o seu libro *Non agardei por ninguén* cunha emotiva dedicatoria que di así:

Querido Avelino: xa fai tempo; xa andivo o tempo desde nós os primeiros galeguistas petabamos nas concencias como quen espalla un futuro no que creiamos e poñiamos toda a nosa fe pero que non era compartido. Predicabamos no deserto. Máis, o mesmo ca no deserto do a semente froitificou e o galeguismo vai en camiño de ser masivo.

Ogallá que nono destraguemos, impedindo o seu medrar, esquecéndonos que somos irmáns.

Unha aperta,

Feira do Libro de Vigo de 1977.

HOMENAXE A ALONSO RÍOS E RAMÓN VALENZUELA SILLEDA, 5/11/05

XOSÉ NEIRA VILAS

Queridos amigas e amigos:

Hónrase Galicia, honrando, recordando a Antón Alonso Ríos e Ramón de Valenzuela. E eu síntome especialmente compracido por tratarse de dous veciños, é dicir, de dous homes da nosa comarca do Deza, e porque ambos foron amigos meus no exilio de Bos Aires. Foron compañeiros de inqedanzas e de loitas democráticas e pola afirmación da identidade nacional de Galicia.

Nesta homenaxe ós dous mestres, que coincide co vinte e cinco aniversario do pasamento de ambos, todos os silledenses, os dezaos, os galegos sabemos algo máis da súa traxectoria exemplar. Aí están as súas familias, as casas onde naceron, o pobo do que formaron parte. Aí está o Camporrapado de Alonso Ríos e A Bandeira, Manduas, de Valenzuela.

Eu limitareime, no pouco tempo de que dispoñemos, a recordalos en Bos Aires, naquela década esplendorosa para a cultura e a reivindicación da personalidade de Galicia dos anos cincuenta do século pasado.

En 1953, tres anos despois da morte de Castelao, un grupo de mozos e mozas emigrantes, xunto con algúns mozos arxentinos de ascendencia galega, deixamos constituídas as Mocidades Galeguistas que eran algo así como a rama xuvenil da

Irmandade Galega, que viña sendo o que poderíamos chamar Partido Galeguista no exilio. Certo que nós, pola nosa idade, eramos máis radicais.

Isto ocorría o 28 de agosto daquel ano no Centro Ourensán da capital arxentina. E foi o orador principal, o que clausurou o acto, Antón Alonso Ríos. Eu sabía del, lera algúns dos seus artigos e o seu libro *Co pensamento na patria galega*, pero foi ese día que comecei a tratalo persoalmente e que sentín por el unha admiración a primeira vista. Falounos do pasado histórico do noso país, do presente de represión e escuridade e do futuro que tería de vir, así como do papel que debía desempeñar a mocidade emigrada.

Tomou parte na homenaxe que lle fixemos a Otero Pedrayo en 1959. Viámonos nos actos culturais e patrióticos galegos. A súa palabra era sempre orientadora para nós. Palabra cargada de emoción e fervor. Nunha ocasión propuxo tres fitos, tres etapas claves da periodización espiritual da historia da Galicia, baseadas en tres nomes: Mateo, Rosalía e Castelao. Despois da publicación da súa novela *Amore, arte e misticismo* chegaba a Prisciliano.

Moitas e moi enriquecedoras teñen sido as miñas conversas con el. Falábame da súa infancia en Silleda, da súa vocación de mestre, das discrepancias familiares e da emigración á Arxentina, con vinte anos. Contábame dos traballos que pasou para constituír a Federación de Sociedades Galegas e botar a andar o periódico *El Despertar Gallego*. Recordaba a emoción e o entusiasmo do retorno cando desandou o camiño en 1931, tras do triunfo da República, e toda a trasfega política daqueles anos: a súa instalación en Tomiño, coa familia, para dirixir as dúas escolas creadas polos emigrantes, e a loita na defensa dos campesiños que o levarían a unha acta de deputado nas eleccións da Fronte Popular. Logo, a guerra e a súa peripecia persoal, fuxido para salvar a vida. O mestre convertido no señor Afranio de Amaral, un mendicante en terras galegas e portuguesas. E de novo Bos Aires, a capital do exilio. Fúndase o Consello de Galiza en 1944, presidido por Castelao, e Alonso Ríos é escollido como secretario.

Foi o Consello de Galiza na persoa de Alonso o que convocou as conferencias das Irmandades da Prata, e quen nos designou ós que integrariamos a Comisión Organizadora do Primeiro Congreso da Emigración. Todo acto de significación política: (aniversario do plebiscito do Estatuto de autonomía, da morte de Castelao e do fusilamento de Bóveda (que deu lugar á creación do Día dos Mártires Galegos) era encabezado polo secretario do Consello, Antón Alonso Ríos.

Nos seus discursos reafirmaba sempre a importancia de GALEUZCA e (a presenza da nación galega como membro dun futuro Estado español de signo federal. Gustaba da filosofía e da historia e preocupábano os problemas pedagóxicos. Era un renacentista que citaba frecuentemente a Petrarca, a Dante e a Erasmo.

Agradáballe alentar xuventude e asistiu máis dunha vez ás xuntanzas das nosas Mocedades, no Centro Betanzos.

Cando Anisia e eu casamos, en 1957, fixéronme unha despedida de solteiro no Centro Ourenán. Estaban alí moitos amigos e a min sentáronme entre Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos, que pronunciaron cadanseu discurso. O de Alonso saíu un algo do ton festivo daquela xuntanza e referiuse ó significado da unión formal da parella humana e ó amor e á vida en común na que hai momentos felices e outros non tanto e que tal era a súa experiencia de home casado e feliz.

Estivo varias veces no noso fogar (que era tamén a sede da editorial e distribuidora Follas Novas). Mercaba libros chegados de Galicia e falaba dos seus triunfos e das súas derrotas, de Tomiño, e de Isaura aquela mulleriña portuguesa que tanto o axudara nos días que tivo que andar agochado.

Cando publiquei os meus dous primeiros libros, en Bos Aires, recibín cartas del, animándome. E un día propúxome algo que hoxe, cincuenta anos despois daquela iniciativa, estamos tratando de facer. “Debes escribir sobre o martiroloxio de Galicia”. Trátbase de recoller, concello a concello, os nomes de todos os inmolados durante a guerra e a posguerra. Cheguei a esbozar un plan, pero vin axiña que era unha empresa enorme e difícil de levar a cabo, e menos en tempos difíciles e a tanta distancia.

Vímolo a última vez uns tres días antes de irmos para Cuba. Tiña por alá un fillo e deunos unha carta para el, carta que nunca lle puidemos entregar porque non tiñamos enderezo ningún. Devolvémoslla por correo meses despois.

Díaz Pardo deunos a noticia da súa morte, en 1980. E cavilei moito naquel home atilado, conversador, amante apaixonado de Galicia; loitador optimista, creador, imaginativo, a quen a vida foi vencendo, como a Suárez Picallo ou Lorenzo Varela. Como tantos que viron as súas vidas tronzadas polo destino.

Era un humanista, un home cabal e honrado, un patriota. Silleda déballe esta homenaxe e algo máis: dende aquí propoño que se coloque unha placa na súa casa natal de Camporrapado e se lle dea o seu nome a unha rúa ou a un colexio deste concello.

En canto a Ramón de Valenzuela direi, de primeiras, que me é moi próximo dende sempre porque A Bandeira está a pouca distancia do meu Gres natal; e próximo, ademais, na idade pois só me levaba trece anos. O seu nome chegábame como unha referencia afastada, un balbor que viña dende a campaña a prol do Estatuto de autonomía de 1936. Por outra parte, seu pai, o médico da Viña, tiña estado na miña casa sendo eu neno.

Pero a nosa relación directa nace en Bos Aires, a onde ambos chegamos no ano 1949. Coñecémonos en 1953 na biblioteca do Centro Galego. Algunhas semanas despois falou para nós, os membros das Mocidades Galeguistas, no Centro Betanzos. Falounos de Curros Enríquez. Tocoume presentalo e referinme, naturalmente, á súa peripecia: o Partido Galeguista, o Seminario de Estudos Galegos, a guerra, dende a banda republicana, o exilio en Francia, de onde foi devolto a España polos nazis e logo xulgado e condenado a morte, os once cárceres por onde sucesivamente pasou, e o exilio posterior na Arxentina.

Asentado con Mariví e cos dous fillos en Bos Aires, seguiu loitando por Galicia en diversos campos. E foi nesa loita onde coincidimos, onde fomos amigos e compañeiros de inquedanzas.

Viámonos acotío nos actos culturais e patrióticos. Xuntos organizamos a homenaxe a Pedro Antonio Cerviño, de Campo Lameiro, comandante do Terzo de Voluntarios Galegos que resistira a invasión da capital arxentina polos ingleses en 1806. Xuntos, pola mesma agrupación e na mesma lista, fomos elixidos delegados á Asamble de Representantes do Centro Galego. Xuntos coordinamos nunha ocasión o acto de homenaxe a Alexandre Bóveda, no Día dos Mártires Galegos. Xuntos proxectamos a creación dunha Asociación de Amigos de *Galicia emigrante*, cando Seoane nos dixo que a revista non podería seguir saíndo.

Recordo aquel 17 de decembro de 1954 en que nas Mocidades Galeguistas organizamos, no Centro Betanzos, un acto de homenaxe a Pardo de Cela e enfermou o conferenciante, Liño Pérez; chamamos a Valenzuela, e cruzou toda a cidade para estar connosco e salvou a situación. Foi aquel día memorable no que dixo que el defendía a Galicia “con razón, sen razón ou contra a razón”. Recordo as sesións de teatro lido. Un sábado no noso fogar, sede de Follas Novas, representou con outros amigos, mediante lectura, a súa obra *As bágoas do demo*. Sería levada logo ó Centro Pontevedrés, onde tamén deu a coñecer as traducións d’*A camisa*, de Lauro Olmo e *O casamento do latoeiro*, de Synge. Recordo a extensa entrevista que me fixo para o periódico *A Nosa Terra* sobre a organización libreiro editorial Follas Novas, que Anisia e eu creamos en 1957. Recordo os nosos encontros nas exposicións de Seoane e de Laxeiro, e na mostra que lle dedicamos ó xornalismo galego na Arxentina, e as súas colaboracións en *Adiante*, o periódico que botamos a andar nas Mocidades. Recordo as nosas visitas ó barrio suburbano de Castelar para encontrarmos con el e con Mariví e cos fillos, nenos daquela. Recordo a cea de homenaxe que lle ofrecemos no Centro Ourensán para celebrar a publicación da súa novela *Non agardei por ningún*. Recordo a súa intervención (xunto con Suárez Picallo, Dieste, Xosé Blanco Amor e Víctor Luis Molinari) na homenaxe que Follas Novas lle brindou, en 1959, a

Otero Pedrayo. E a conferencia ou encontro das Irmandades da Prata. E o primeiro Congreso da Emigración Galega, no que foi delegado e vicesecretario e presentou un relatorio titulado “Necesidade de fomentar o teatro galego”.

Recordo, en fin, as súas clases de xeografía de Galicia, nos cursos da Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas, AGUEA. Anisia e máis eu fomos os seus alumnos. Era impresionante o seu dominio da materia e conmovedor o amor que poñía naquela tarefa, mostrando mapas e xesticulando apaixonado e citando con emoción case declamando nomes de ríos, montes, vilas, comarcas e hábitat dos galegos en xeral.

Foron moitas e moi entrañables as relacións que tivemos con Ramón e con Mari-ví. Ambos estiveron na cea de despedida que nos deron cando marchamos para Cuba, dende Bos Aires, en 1961. Ambos compartiron mesa aquela noite connosco e con Maruxa e Luis Seoane, Lala e Laxeiro, Díaz Pardo, Carmen e Rafael Dieste, Marika e Lorenzo Varela e outros amigos. Eles deixarían aquela cidade cinco anos despois. Cruzámonos algunhas cartas e reencontrámonos doce anos despois en Madrid. Foi a derradeira vez que o vimos, pero a súa obra escrita e o exemplo da súa limpa traxectoria, a súa fidelidade a Galicia e a súa solidariedade cos “pobres da terra” están presentes en nós en todo momento. Silleda e toda Galicia debíanlle esta homenaxe inicial que será, estou seguro, punto de partida para que o sigamos recordando.

RAMÓN VALENZUELA SEMPRE NA MEMORIA

HERMINIO BARREIRO

Cando penso en Ramón, penso en Galicia, penso na República, penso no socialismo e no comunismo... Porque todo iso puíden vivilo eu con Ramón, puíden aprendelo con Ramón, puíden sentilo moi a miúdo e moitas veces con Ramón Valenzuela Otero. E é que iso era xustamente Ramón: un galeguista *republicano* e *comunista*. Nesa orde exactamente. Porque nesa orde é como foi xestando, ao longo da súa vida, o seu sentimento nacional galego, a súa cultura política máis avanzada e a súa ideoloxía máis consistente e internacionalista.

E curiosamente, esa construción histórica da súa biografía persoal pode seguirse con toda precisión na súa obra literaria máis sobranceira. No libro de contos *O Naranxo* e nas novelas *Non agardei por ninguén* e *Era tempo de apandar*.

N' *O Naranxo* aparece xa toda a fondura do seu patriotismo. Nos relatos desa pequena obra mestra está todo o inmenso amor de Ramón polo seu país. Aí están A Bandeira, Silleda, Lalín. Aí está o Deza. Aí está o Ulla. Aí está o corazón de terra, herba e auga da Galicia máis fonda. Aí está o seu sentimento nacional irrenunciábel...

Sempre recordarei un comentario de Anisia Miranda, a propósito das clases de xeografía galega que Ramón daba en Bos Aires, xa no exilio, e nas que demostraba ese sentimento e os seus coñecementos como xeógrafo e historiador –a súa profesión tan querida e á que tivo que renunciar máis dunha vez por mor das duras circunstancias políticas que lle tocou vivir. Dicía Anisia que o entusiasmo de Ramón cando facía

a descrición do percorrido do río Ulla, dende o seu nacemento ata Pontecesures, era tal... Era tal o ruído das súas augas torrenciais da parte alta e tal a maxestuosidade das augas xa remansadas que chegaban á ría de Arousa, que os seus ouvintes tiñan a impresión de que aquel río do que falaba Ramón, non podía ser un río pequeno... O Ulla, nas clases de Ramón, máis ben parecía o Volga, dicía Anisia.

N’*O Naranxo* recóllese –Castelao sempre presente, como non podía ser menos– toda a riqueza antropolóxica da galeguidade. Tamén Laxeiro faría un retrato do célebre personaxe. A sombra e a inspiración maxistras de Castelao –con quen Ramón tería no exilio de Bos Aires unha estreita relación– estaban igualmente moi vivas no gusto e na paixón de Ramón polo teatro. Pero a orixinalidade de Ramón de Valenzuela e a súa concepción tan cabal das xentes da nosa terra aparecerían en todo o seu esplendor nos contos populares que el narraba marabillosamente e que mesmo lle deron moita sona a través da radio (os contos de “Pepe dos cestos”).

Formas, en fin, múltiples e moi variadas as que tiña Ramón para captar a realidade. Mestre polo famoso “graio profesional” republicano, que coroaría a carreira de Maxisterio como unha profesión militantemente republicana e misioneira –xa en vésperas da Guerra Civil (e do que el se sentía especialmente orgulloso, por certo)– e estudante de Historia en Compostela, Ramón Valenzuela foi poñendo así, naqueles anos tan tormentosos para o mundo, as lousas dunha sólida cultura.

Non agardei por ninguén é a expresión literaria da toma de conciencia política do noso homenaxeado. É aquí onde aparece o republicano comprometido, o home de esquerdas, o loitador decidido. Lembro agora que Antonio Gades dicía a miúdo que el non era un bailarín comunista senón un comunista que baila. Ser comunista non era o adxectivo senón o substantivo. Ramón, en cambio –penso–, era antes que nada un galeguista; despois, un republicano militante; por último, un home comunista, que pensaba como comunista e actuaba como tal. Nese senso, Ramón responde nidamente ás características do intelectual progresista e avanzado dos anos 30 en España; isto é, un home que vivía no corazón mesmo do século XX europeo. Porque, malia o que parece, nunca España foi tan europea nin tan moderna coma nos anos da II República. E Ramón foi sempre un home moi do seu tempo.

Era tempo de apandar é a denuncia dos primeiros e terribles anos da ditadura franquista, dos anos negros, de tódolos exilios. Que curioso! Ramón Valenzuela, que sempre foi un optimista histórico, escribe un libro realista que reflicte todo o amargor dos inicios da “longa noite de pedra”. Pero dende o fondo da súa escritura séntese a cada intre o berro da protesta e reclámase a liberdade para o pobo. Mariví Villaverde –a súa dona– relata os anos de República, guerra, exilio e retorno en *Tres tempos e a esperanza*. Dúas obras en sintonía, dúas vidas en estreitísima simbiose.

Ramón e Mariví, unha parella historicamente inseparábel e imposíbel de entender un sen o outro. Así o percibín dende o primeiro intre, nada máis coñecelos, naquel Madrid aínda sufrinte, pero xa esperanzado, dos últimos 60.

E logo viría a nosa relación, longa, multiforme, en Madrid e en Galicia, “daquil noso tempo”, como diría Uxío Novoneyra, que duraría menos anos dos que nos gustaría contar, falando con Ramón, escoitando a Ramón, tomando o caldo con Ramón, rindo con Ramón. Ramón Valenzuela nunca poderá deixar de estar con nós. Nunca.

Compostela, novembro de 2005

HOMENAXE A RAMÓN DE VALENZUELA OTERO SILLEDA 5-10-2005

CELESTINO GARCÍA BRAÑA

Coñecer a Ramón e a Mariví, súa muller, foi para min das primeiras e máis felices experiencias que tiveron a pouco de chegar desde Madrid, onde rematara os estudos de arquitectura. Con eles coñecín tamén a Fernando, que andaba realizando o seu servizo militar en Pontevedra, todo isto na primavera de 1974; meses despois atoparíame tamén con José Ramón.

O feito de preparar os debuxos para a casa que habería construírse en Portonovo, na parroquia de Adigna facilitou que tiveramos, desde o principio, un estreito contacto que considerei de amizade a partir do primeiro día, xa que os tres: Mariví, Ramón e Fernando, transmitían unha afabilidade que facilitaba, ao pronto, calquera entendemento; sen dúbida as ideas políticas que compartiamos non foron alleas a aquela inmediata simpatía.

Que doado é dicir trinta e un anos e canta distancia hai entre aqueles días e o noso presente! Imposible de explicar en poucas palabras. No que fai aos acontecementos externos, aqueles que enmarcan as nosas vidas, están á vista de todos os que hoxe nos xuntamos nestas dúas merecidas, necesarias, homenaxes.

A nosa vida constitúena unha sucesión de personaxes que, ao vivilos, foron conformando a nosa personalidade e que nos acompañarán por sempre. Acaso non nos atopamos ás veces pensando, razoando ou quizais cantando, como o neno que algún

día fomos? Non paseamos polas rúas, de cando en vez, co ritmo áxil; animados por pensamentos ou sensacións que axitaron nalgúns intres a nosa xuventude e que un bo día, impensadamente, amencen con nós de novo? Cántos recordos xorden de improviso na nosa cotianeidade transformando de súpeto, iluminando ou axitando, un determinado presente?

En cada unha destas etapas, que a vida vai sinalado na nosa personalidade, cunha serie de imaxes, circunstancias, persoas, eríxense en referencias constantes, como punto de ancoraxe da memoria. Son como as nosas regras mnemotécnicas que unha e outra vez retornan a nós, ás veces procurámolas intencionadamente con ansiedade, están ligados a determinados estados de ánimo, tamén a lugares e, desde logo, a determinadas datas sinaladas; de cando en cando, amósanse turbadoramente, avivecendo a nosa vida por instantes, tamén deixando sabores e amarguras. Todas elas son inevitables, somos nós mesmos quen non revelamos nelas, elas somos nós e nós somos elas, por isto ás veces xorden nun instante de durmevela ou aparecen no máis profundo dos soños.

Persoas hai que tamén son sinais imborrables do pasado. Para min, inevitable e felizmente, unha delas é Ramón de Valenzuela, alguén ao que lembro cando a miña memoria pasa revista a aquela etapa inesquecible da Transición: primeiro coas presentacións de persoas del coñecidas, de Ramón e Mariví, recordo tantas! Nomes incluso dos que souben polas súas conversas, antes de telos coñecido persoalmente, sobor de todo os seus amigos galego-arxentinos; de seguido, afortunadamente, os días exultantes da inmediata transición, as reunións políticas, axitadas e xubilosas, os mitins en Galicia ou en Madrid, a campaña electoral de 1977, días vibrantes que tivemos a sorte, a sorte persoal, de ter vivido de cotío e xuntos. Non podo relembralos sen que o sorriso de Ramón, cáseque permanente e a súa fina ironía sempre presente, deixen de xurdir en multiplicidade de escenas, algunhas realísimas e outras, a non dubidalo, tinxidas xa dese sutil engano que é a memoria, a persoal e a colectiva.

Nalgunha páxina do seu libro DE SENECTUTE, escribía N. Bobbio, o que fora senador vitalicio e deixara centos de libros, milleiros de artigos e moitísimas cousas importantes, ademais da súa presenza na vida política italiana, que os seus recordos máis conmovedores víñanlle dos seus anos de xuventude, das discusións cos seus axitados e axitadores amigos e das reunións familiares, nas que os seus netos convertíanse en estrelas que todo o animaban. Así, no fondo son os grandes seres humanos.

A miña relación con Ramón foi ambigua, quizais como a dun irmán maior, quizais tamén como a deses mestres dos que un aprende, non das súas leccións, que nunca llas dan, senón do trato cotiá no que xorden a reflexión serea, a historia ilustradora, iso que se chama a voz da experiencia que, aínda que pouco sonora, tan profundamente chega

a calar en nós. Para mín Ramón foi esa persoa de conversa nunca banal, a quen dese- xaba vivamente escoitar, ouvir os seus relatos, ler os seus contos ou os entusiasmados recordos vividos por el dos acontecementos arredor da campaña do Estatuto do 36, as súas historias da Guerra Civil, sempre dicía incivil, nunca míticas nin heroicas, pero sempre tinxidas da súa tenrura e ironía, dándolles a todas ese toque de humanidade que as facía tan cribles, por máis que se adiviñara no relato os seus persoais engadidos lite- rarios; ou das historias dos seus anos en Bos Aires sempre coa esperanza do regreso.

Os seus consellos éranos sempre desde a distancia, nunca directos, como non querendo entrar en demasía na túa vida, pero era tan mañoso que acababa lográndoo até a medula.

A campaña electoral das eleccións xerais de 1977, decidiu pasala na súa casa de Adigna, que había un ou dous anos que remataramos. Co pretexto que eu lle “axuda- ra” a definir as reviravoltas puntuais da cotianeidade política, que finxía non ter dema- siado ao día, propúxome que fora a durmir á súa casa, cando a axitación do momento llo permitira. Así foi e de seguido insinuoume que ensaiara con el algún dos mitins previstos. Foi na última hora do serán, imaxinen a escena: eu xesticulando e mitine- ando namentres el escoitaba e dábase instrucións: Celes aí máis alto, ese parágrafo debes recalcalo! Non, así non! Demasiado monótono! Pon máis entusiasmo, ergue as mans! E eu volta a repetir, unha e outra vez, segundo as súas indicacións que por suposto explicaba con exemplos da súa saudosa etapa do Estatuto. Nun momento determinado decidiu facer a cea, supoño que para disimular a risa que lle producía a miña actuación e a comicidade da escena; eu seguía dálle que dálle berrando e ace- nando apaixonadamente. Ao cabo dun tempinho debín entrar nun deses parágrafos soporíferos, nos que, por suposto pretendía transmitir enxundia política, el insistía unha e outra vez: debes suprimir eses parágrafos, Celestino! Cando dicía Celestino non era o mesmo que cando dicía Celes. Empezaba a preocuparme, pero resistíame: olla Ramón, aquí está a esencia de todo, explico porque nos deben votar, o acerto da nosa política. Aquilo debeu superalo, deixou o que estaba a facer na cociña e colo- couse fronte miña. Mira Celestino déixate de caralladas, o que importa nun mitin e a música e iso que dis pode que sexa importante, pero soa fatal!

Finalmente comprendín por que decidira pasar aquela campaña electoral en Adigna, o por que de invitarme a que lle matizara politicamente os seus discursos, cousa que non ocorreu xamais, de sobra sabía el onde estaba a esencia dun mitin!

Repetino en diversas ocasións, sempre que tiver a oportunidade de falar del publicamente: foi a persoa máis entrañable que coñecín. Non podo falar da súa per- soa desde o intelectual, nin sequera podo facelo desde o corazón, eu a Ramón só o recordo coas tripas.

A tarde que o despedimos alí no cemiterio de Adigna, fun logo á Lanzada, e namentres sentía o amargor pola súa desaparición, non podía, ao mesmo tempo, deixar de sorrir recordando moitos dos momentos vividos con el; no fondo, a inmensa alegría de o coñecer e a oportunidade de lembralo sempre.

E aquela tarde paseando pola praia, chorei.

ANTÓN ALONSO RÍOS, POLÍTICA E PEDAGOXÍA PARA UN POBO

XOSÉ MANUEL MALHEIRO

Para debuxar o perfil humano de Antón Alonso Ríos (1887-1980), debemos citar algunhas das súas múltiples facetas, entre as que destacan a actividade política, a actividade social e a actividade educativa como unha “trindade” que conflúe e se integra nunha única preocupación: Galiza como espazo con identidade sociocultural propia. Toda a súa vida, desde que ten “consciencia ideolóxica”, vai xirar arredor dese mundo e todas as súas enerxías estarán destinadas a alimentar ese ideal: “Mentres non obteñamos unha ampla autonomía local que lle dea personalidade á parroquia e á rexión e que nos permita encarar e resolver os problemas da economía do agro coa suma de atribucións, recursos e medios técnicos que a moderna concorrencia en procura de mercados existe e que as necesidades crecentes da vida civilizada reclaman, o noso estado de pos-tración e atraso no só continuará, senón que se agravará máis cada día que pasa”¹.

Iniciou os seus estudos de Maxisterio na Escola Normal de Compostela en 1903, con dezaseis anos, onde exercía como director o tamén silledense Víctor Fraíz Andón².

1 “En memoria de las víctimas de Sobredo”. *Galicia*, nº 240, 3/1/1932.

2 Vicente Fraíz Andón. (Silleda, 1850-Compostela, 1919). Exerceu o maxisterio na vila trasdezá durante os primeiros anos, para trasladarse máis tarde á Habana. Alí realizou o doutorado en Filosofía e Letras ao tempo que desenvolveu unha intensa actividade cultural, entre outros aspectos, organizando as ensinanzas do centro de ensino Concepción Arenal do Centro Galego. De regreso, fixa a súa residencia en Compostela, onde gaña a praza de director da Escola Normal. Desde alí organiza o Certame Pedagóxi-

En Compostela contou co apoio do pedagogo no seu desexo de realizarse como profesor, e en tres anos rematou os catro cursos, merecendo as notas máis altas polo que, en 1906, foi nomeado profesor auxiliar desta Escola Normal. Con todo, non sería ese o seu destino, pois unha enfermidade obrigouno a regresar a Silleda e, alí, a causa das pequenas liortas que mantiña con seu pai, máis interesado no futuro do seu fillo como comerciante, fai que, coma tantos mozos no seu tempo, acabe por poñer rumbo a América, camiño nunha vida mellor, ou cando menos diferente.

Na Arxentina non tardou en atopar acomodo, pois os mestres europeos, en especial os españois, tiñan boa acollida nun país ávido de profesionais docentes que lle deran prestixio, e ás poucas semanas estaba xa a traballar nunha escoliña da capital, entre Azcuénaga e Juncal, preto do cemiterio da Recoleta³. Grazas a esta primeira experiencia entrou non só en contacto co mundo do ensino arxentino, senón tamén a participar de xeito activo na sociedade civil que bulía na conformación dun novo Estado. Máis tarde trasladouse á provincia de Mendoza, unha das zonas máis deprimidas, onde tivo ao seu cargo tres escolas. Alí seguiu até o final de curso. Non vai ser esta a única experiencia docente de Alonso Ríos na Arxentina. Máis adiante traballará como profesor nun colexio privado de certa sona, o Víctor Hugo, que abandona para incorporarse ao Instituto Politécnico, onde permaneceu algún tempo.

Seguindo coa faceta educacional, non debemos esquecer o seu labor como asesor pedagóxico da Sociedade Hijos de Silleda, unha agrupación de emigrantes de ámbito municipal que nacía en Bos Aires en agosto de 1908 cunha clara identificación republicana⁴. Alonso Ríos participou activamente na súa xénese, influíndo de xeito determinante na orientación educativa. Como recorda o socio fundador e directivo Antonio Carballo⁵, nos debates iniciais para definir as accións que se habían desenvolver en Silleda polos emigrados, uns consideraban prioritario centrarse no estímulo aos labregos na mellora dos seus medios de produción a través da Sociedade de Agricultores local. Mentres, o mozo mestre trataba de convencelos de que a promoción do ensino primario, explicitamente laico, debía ocupar un lugar sobranceiro,

co de 1906 e o Congreso Nacional de Ensino Primario en 1909. Fraíz Andón publicou varios textos relacionados co ensino e colaborou en diversas publicacións pedagóxicas. Ver, Costa Rico, A.: *Escolas e mestres*. Santiago, Servicio Central de Publicacións da Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989, páx. 197.

3 ALONSO FERNÁNDEZ, B.: *Antón Alonso Ríos. Crónica dunha fidelidade*. Santiago, Edicións Laiovento, 1994, páx. 20.

4 O socio fundador Antonio Carballo salientaba en 1943 o labor realizado pola Sociedade “para desterrar la Monarquía, con todo su bagaje de parásitos que jamás hicieron nada por el pueblo como no fuera vejarlo y esquilmarlo”. Ver, *Galicia*, 11/9/1943, páx. 3.

5 “Entrevista con el federado Antonio Carballo, fundador de la Sociedad de Silleda”. *Galicia*, 11/9/1943, páx. 3.

considerando que só así se chegaría a combater e reducir o analfabetismo no concello dezao⁶ e, como consecuencia, a mellora de vida das súas xentes. El era consciente do estado lamentábel no que se atopaba a instrución primaria en toda Galiza, “pero moi particularmente entre a poboación rural, que conta cunha porcentaxe de analfabetos de máis do 50%, adoeendo o 50% restante, case na súa totalidade, de educación e instrución deficientes, por ser dirixidas dunha maneira rutineira e estraña aos principios da pedagogía moderna”⁷.

A Sociedade Hijos de Silleda promoveu varios centros escolares. O primeiro inaugurouse en Freixeiro, parroquia de Laro, o 5 de decembro de 1912. Máis tarde, contra 1917, creouse o segundo no lugar da Penadauga, en Escuadro. Por último, en 1921, adquiriuse o terceiro edificio en Siador, que se inaugurou algún tempo despois, logo dunhas reformas. A Sociedade subvencionaba, así mesmo, o alugueiro das escolas de nenas de Cortegada e Dornelas. Contaban cun inspector escolar, que comezou sendo Luciano Folgar, mestre en Freixeiro, e militante socialista natural de Santiago. En 1928, coincidindo co XX aniversario da entidade, as tres primeiras foron bautizadas respectivamente como Rosalía de Castro, Bernardino Rivadavia, e Francisco Giner de los Ríos. Foi unha forma esclarecedora de delimitar tres principios: a reafirmación galeguista do proxecto societario; as profundas convicións democráticas dos seus membros encarnadas no primeiro presidente electo arxentino de ascendencia galega e, por último, a confianza na renovación pedagóxica e a a educación como instrumento emancipador, a imaxe do modelo institucionalista⁸.

Alonso Ríos comeza, por entón, a imaxinar un cobizoso proxecto de escolarización rural que desde Silleda había estenderse ao conxunto do territorio galego. Da banda americana, unha institución que sintetizara e unificara os criterios pedagóxicos e mesmo ideolóxicos das entidades adheridas; da banda galega, unha rede de ensino laico⁹ ou cando menos neutral, que desde as terras do Deza irradiara a súa luz ao resto de Galiza, actuando de xeito coordinado con esa institución, que acabou tomando forma como Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales radicadas en

6 “Sociedad Hijos de Silleda”. *El Despertar Gallego*, 17/12/29.

7 SOCIEDADE HIJOS DE SILLEDA. *La Sociedad “Hijos de Silleda” a los Miembros de las Asociaciones similares*. Biblioteca América da Universidade de Santiago. Documento solto sen paxinar.

8 Para afondar no pensamento pedagóxico de Antón Alonso Ríos, así como nas actividades realizadas pola Federación de Sociedades no ámbito escolar, pódese consultar a nosa obra *As Escolas de Emigrantes e o Pensamento Pedagóxico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*, publicada en 2006 por Edicións do Castro.

9 Un ensino “baseado na razón que encauza a intelixencia dos nenos cara o gran libro, sempre aberto para quen sabe comprendelo, que se chama Natureza”. Ver, “Sociedad Hijos de Silleda”, *El Despertar Gallego*, 17/12/26.

América. A Sociedade de Silleda foi a semente desa Federación, un organismo que nacía en 1921 como resultado do proceso de politización progresiva daquelas sociedades. “As institucións da nosa colectividade eran núcleos carentes de ideas e de principios e a súa acción limitábase á axuda mutua, ás melloras e ao labor ‘recreativo’ rigorosamente estéril, cando non pernicioso, ao resto das demais”, lembraba anos máis tarde en *El Despertar Gallego*. Por iso, continuaba, “a aparición da nosa institución no páramo ideolóxico da colectividade ten constituído unha novidade e un grito de esperanza e de reivindicación”¹⁰. Esa será a súa teima: canalizar o potencial político dos galegos radicados en América e aproveitalo para acelerar o proceso de emancipación de Galiza.

A partir de xaneiro de 1922, a FSGAC publicou un voceiro mensual de cabeceira, *El Despertar Gallego. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales de la República Argentina*, coa fin de “defender os máis caros ideais: a patria lonxana, o amor aos nosos semellantes; a ansia de progreso, de paz, de xustiza, de liberdade, así como combater o caciquismo e alentar ao pobo galego para a súa emancipación”. Gozaba dunha tirada media de quince mil exemplares, dos que unha parte se distribuían en Galiza. En *El Despertar Gallego* vai plasmar algunhas das liñas do seu pensamento político e sociopedagóxico, como veremos, para apoiar e dirixir o rumbo do movemento agrarista galego que gozaba xa dunha certa implantación.

No que respecta ao ideario pedagóxico, os seus artigos presentan, en termos xerais, ese proxecto de escola rural debullado nunha serie de principios que teñen que ver, por exemplo, coa necesidade de promover e defender a laicidade do ensino. Cumpría, antes que nada, combater a perniciosa influencia do clero no mundo rural, e por ende na escola, moi ao fío da filosofía institucionista de Giner –“a forza e o pensamento xerador do primeiro movemento social serio que se enfrenta coa acción secular da Igrexa católica”¹¹– de quen Alonso Ríos era, por certo, un afervorado admirador. Máis adiante, xa en Galiza, presentaralle un esbozo dese proxecto ao Seminario de Estudos Galegos co nome de Padroado da Escola Rural Galega¹².

Por outro lado, era preciso artellar unha educación popular e universal, desde o ámbito privado, que fora, ao mesmo tempo, alicerce de rexeneración democrática e, en consecuencia, de emancipación social: “Multipliquemos os nosos centros de cultura con métodos e espíritos novos. Fagamos das nosas escolas particulares sementeiros de cida-

10 “Los principios y la acción”. *El Despertar Gallego* nº 94, 5/3/1927, páx. 1.

11 ALONSO RÍOS, A.: “El espíritu de Loyola declina en España”. *El Despertar Galego*, nº 157, 20/10/1929.

12 Véxase: COSTA RICO, A.: *Escolas e Mestres. A educación en Galicia. Da Restauración á Segunda República*. Santiago. Xunta de Galicia, 1989, páx. 173.

dáns; fagamos que cada escola sexa unha fonte de conciencia social e de iniciativa privada. A sociedade, así afectada no seu embrión, despertará á vida”¹³. Como afirmou en Sobreiro, anos máis tarde: ”Queremos que o mestre galego faga cidadáns galegos”¹⁴.

Este era, na súa opinión, un labor que debían liderar as sociedades de emigrantes cuns criterios claros: “A Federación de Sociedades Galegas é tamén un expoñente da iniciativa privada fronte á absorción do Estado; é unha manifestación do espírito que impulsou a Giner de los Ríos a crear a Institución Libre de Enseñanza. A nosa Federación, creando escolas e estimulando a vida social en todas as súas formas posibles, esfórzase porque a sociedade se sensibilice e recobre o dominio de si mesma e deixe de ser a escrava sumisa do Estado”¹⁵. Alonso Ríos propón unha transformación social desde a base, de xeito consciente e espontáneo. Como unha necesidade sentida pola propia cidadanía, alimentada a doses iguais de educación, conciencia cívica e mellora das condicións de vida. Un traballo planeado a longo prazo, porque “a nave do Estado é un barco de vela que fatalmente arrastra o vento da opinión: crear esta é imprimir movemento e dirección á nave. De aí que a nosa atención e esforzo deban concentrarse con particular empeño no fomento cultural e económico, e no desenvolvemento xeral da vida colectiva”¹⁶.

Son artigos nos que plasma a súa visión do futuro de Galiza integrando, por un lado, o seu sentido de pertenza ao país, a súa experiencia vital na Arxentina e a confianza na educación como motor de cambio. Pero faino desde unha óptica global, marcando unhas directrices xerais, establecidas en percepcións teóricas que tiñan moito que ver coas vivencias de infancia e xuventude nunha Galiza dominada polo atraso e as carencias máis elementais; mais tamén coa reflexión que lle proporciona a súa vida na Arxentina, como integrante dunha sociedade democrática e particularmente vital en moitos aspectos da participación cidadá. Neses anos vai acumulando experiencia e desenvolvendo as súas ideas do que debía ser unha Galiza moderna, autónoma, federal e democrática.

Logo de proclamarse a II República, Alonso Ríos foi enviado a Galiza xunto con Suárez Picallo e Blanco Amor, como representante da Federación “para loitar, no corazón mesmo da terra, polos ideais de redención e democracia sostidos durante tantos anos na inmigración, e inculcados a tantos de nós”¹⁷. Pasa os primeiros meses, de

13 “Intensificación cultural”. *El Despertar Gallego*, nº 20, 5/8/1923, páx. 1.

14 “De la histórica Asamblea de La Coruña”. *Galicia*, nº 211, 14/6/1931, páx. 1.

15 “Contra la persecución a Jiménez de Asua realizó un acto de protesta nuestra Federación”. *El Despertar Gallego*, nº 121, 22/4/1928.

16 “Bases para intensificar la acción agraria”. *El Despertar Gallego*, nº 47, 18/3/1925, páx. 1.

17 “Antonio Alonso Ríos sale para España el martes”. *Galicia*, nº 205, 3/5/1931, páx. 1.

intensa actividade política, vivindo cunha pensión a cargo da Sociedade Hijos de Silleda, pero en setembro dese ano faise cargo da dirección da escola Aurora del Porvenir, en Tomiño, creada por unha sociedade de emigrantes radicada en Río de Xaneiro, cuxa delegación bonaerense pertencía á Federación de Sociedades.

Alonso Ríos permanece en Tomiño até o mes de xullo de 1936, cando despois do golpe de Estado ten que agacharse baixo unha identidade falsa para poder fuxir das “gadoupas da morte”¹⁸. Durante ese tempo, a dura realidade do seu traballo como mestre rural amósalle que todo está aínda por facer, máis nomeadamente a procura dun modelo de ensino adaptado ás peculiaridades e demandas do país. As causas do atraso radicaban na falta dunha inspección escolar eficaz, na carencia de edificios axeitados que dispuxeran de campos de experimentación e material de ensinanza; na ausencia dun sistema de ensino graduado, no emprego de métodos arcaicos e no abandono de certas materias como a xeografía, a instrución cívica e a hixiene, fronte á preponderancia das ensinanzas relixiosas. Neste sentido, consideraba prioritario e urxente a creación do maior número de escolas, iniciando de xeito inmediato ese labor¹⁹. E escribe unha serie de artigos no xornal *El Pueblo Gallego* que veñen reafirmar os anteriores en *El Despertar Gallego*, só que agora a súa palabra goza de maior valor reivindicativo.

Centrándonos nunha serie que publica no mes de xullo de 1935, baixo o título “Defectos da nosa escola rural”, recollemos a súa preocupación por todo o que aínda queda por facer. Alonso Ríos escribe con sensibilidade, pero sen renunciar á súa característica ironía, e mesmo ás veces apoiado nun verbo contundente. Por exemplo, cando denuncia unha organización absurda do ensino, cargada de normas teóricas que a afastaban da realidade práctica cotiá: “A primeira pregunta que se lle ocorre ao mestre novo, a ese mestre que chega ao campo coa cabeza chea de métodos, procedementos e normas, que ten lido nos libros e escoitado ao profesor de Pedagogía, un día e outro día, un ano e outro ano, o primeiro que golpea o seu cerebro, que sacode todo o seu ser intelectual e moral, como se se sacudira a un olmo para que deixara caír as peras que non ten, é a posible relación entre a realidade do libro e da cátedra coa realidade alí presente diante del, na escola da aldea. A razón é moi sinxela: a Pedagogía ilóxica, como cadra á escola unitaria, descartada por irracional, porque constitúe unha monstruosidade pedagóxica. Todo o que ensina a Pedagogía, a ciencia da educación, ten a súa aplicación na escola graduada, unha aplicación ordenada, racional e lóxica,

18 Véxase o seu libro *O señor Afranio. Ou como me rispei das gadoupas da morte. Memorias dun fuxido*. Edicións A Nosa Terra, Vigo, 1996, páx. 11, con prólogo de Bieito Alonso, edición recente da orixinal que foi publicada en Vigo en 1979, hoxe esgotada, pola Editorial Castrelos.

19 SOCIEDAD HIJOS DE SILLEDA. *Libro de actas*. Bos Aires, 15 de outubro de 1912, páx. 26.

como cadra a unha aplicación científica. Nas nosas aldeas é facilísimo establecer a escola graduada. É fácil e ademais económico. As súas bases son a coeducación e o turno único para o alumno e dobre para o mestre”²⁰.

Noutro artigo desa serie, “Defectos da nosa escola rural. Réxime de vacacións inadaptable”, critica a escasa identificación entre a escola como institución e o contorno rural, que se poñía de manifesto na ilóxica organización do seu calendario e horarios: “As vacacións nun país sometido a condicións económicas tan duras que se fai imprescindible o traballo do cativo durante a idade escolar, necesariamente teñen que estar supeditadas, antes que a razón algunha, ás posibilidades dunha maior asistencia á escola. De nada vale ter a escola aberta cando os nenos non concurren a ela. Hai que aproveitar aquelas épocas do ano que deixan libres os traballos máis intensos da labranza e da recolección, nos que o labrador pode prescindir da cooperación dos menores. (...) No noso medio, o neno non vai á escola a fatigarse senón a descansar das fatigas do campo, sendo para él unha verdadeira ledicia poder concurrir ás clases. (...) Fai falta unha Pedagogía anormal para a nosa terra. Unha pedagogía que estude e prescriba as regras necesarias para a mellor educación posible de nenos normais nun medio anormal. E esta Pedagogía é a que necesita Galicia mentres dure a súa escravitude. Hai que adaptar as vacacións ao medio anque se resintan os principios da Pedagogía normal”²¹.

Así mesmo, en “Defectos da nosa escola rural. Inspección burocrática” denuncia o abandono e a burocratización en que a administración educativa, en especial a inspección –unha peza indispensable no seu modelo educativo– deixara ás escolas do rural: “Os nosos inspectores teñen demasiado quefacer para poder ocuparse de innovacións. Toda iniciativa demanda un animador, sobre todo si esta pretende arraigar no árido campo da nosa apatía social, ou ten que sacudir e aventar o pó do apoltronamento que o correr dos anos foi sedimentando no noso ambiente aldeán. Os nosos inspectores, ausentes da zona, están materialmente imposibilitados para levar a cabo ningún labor serio que dé impulso e vitalice a función educadora da escola. A súa elevada misión, fora da engranaxe administrativa, queda reducida á de simples catadores do ensino. O bo paladar segue a ser o medio de control das nosas cubas escolares, e cada bodegueiro continúa a elaborar o seu caldo segundo o vello costume”²².

Noutra ocasión denuncia a alienación instrumental padecida nas escolas rurais galegas, que se manifestaba na imposición dun idioma alleo, por mestres e mestras,

20 “Defectos da nosa escola rural. O seu carácter unitario”. *El Pueblo Gallego*, 4/7/1935.

21 “Defectos da nosa escola rural. Réxime de vacacións inadaptable”. *El Pueblo Gallego*, 6/7/1935.

22 “Defectos da nosa escola rural. Inspección burocrática”. *El Pueblo Gallego*, 10/7/1935.

en moitos casos, de fóra de Galiza. Pois ben, sobre esta cuestión escribe: “A negación nos saca de apuros: en Galicia xa non se fala galego, como non se come pan de millo: a Pedagogía sela os seus labios, os seus principios se cumpren, e se non se cumpren totalmente hoxe, xa se cumprirán co tempo, pois os nosos campesiños xa se irán acostumando a falar como Deus manda. É a natureza a que debe reformarse: de aí a posición mental do español: se non se reforma a natureza, tanto peor para ela. (...) Temos mestres exóticos, idioma exótico, material exótico. Nas nosas escolas rurais todo está disposto para a incompreensión. Se un extranxeiro se percata da enormidade e se escandaliza, se lle conta unha superchería cualquera, un conto tártaro y despois se lle leva á cidade e se lle fai ver unha graduada, na que os nenos falan e comprenden máis ou menos perfectamente o castelán; e o estranxeiro engule a píldora ou polo menos así o creen os duchos pedagogos da simulación, e todos encantados. E España segue a afirmar a súa esencia, é dicir: o non ser, ou o ser unha ficción, que é peor”²³.

Xa, para rematar, unha derradeira achega, na que Alonso Ríos expresa con contundencia, malia o sentido figurado, a súa opinión sobre a situación da escola rural e a necesidade dunha reforma en profundidade: “¿Qué demanda a nosa sociedade na orde educacional? En primeiro lugar a piqueta. A piqueta que non deixe pedra sobre pedra, desde o Ministerio de Instrucción Pública até a última escola rural. A escola oficial e non oficial non só non cumpre unha misión formativa da personalidade do neno, senón que atenta contra esa personalidade, a deforma e envilece, e ademais conspira contra os designios da nosa nacionalidade”²⁴.

Antón Alonso Ríos foi unha figura indiscutíbel na política galega do primeiro terzo do século XX, e dono dunha traxectoria intelectual que abrangueu desde o traballo como docente, tanto na Arxentina como en Galicia, até a acción política como deputado electo ao Congreso en 1936, pasando polo xornalismo e a literatura. Ademais, formou parte daquel grupo de intelectuais *trasterrados*, inquedos e comprometidos co país en implantar un réxime democrático, de base republicana e ampla representatividade social. Un réxime no que a educación das clases populares, especialmente agrarias e mariñeiras, había ocupar un lugar sobranceiro.

Comezando pola faceta política, foi o animador dun movemento societario, articulado e coherente, que se aglutinou arredor da Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales. Indica Suárez Picallo que “Alonso Ríos significou a alma, o nervo e o verbo da institución desde o mesmo día do seu nacemento. O seu nome aparece en todas as páxinas da súa historia sinalando normas, sentando doutrinas, tem-

23 “Defectos da nosa escola rural. Exotismo”. *El Pueblo Gallego*, 11/7/1935.

24 “Dúas posicións do SEG ante o presente”. *El Pueblo Gallego*, 11/9/1935.

perando vontades, erguendo espíritos desmaiados na loita, facendo agoiros optimistas para o porvir”.

Representou a Federación de Sociedades, como delegado entre 1931 e 1936, promovendo o Estatuto de autonomía por aldeas e vilas galegas. Durante ese tempo participou en dúzias de actos políticos, acabando, por fin, unha acta de deputado ao Congreso, en Madrid, en 1936. Tamén foi secretario do Consello de Galicia, xa no exilio, desde a súa constitución en 1944 até a súa disolución, e un dos impulsores das Mocidades Galeguistas. Coa morte de Castelao en 1950, é o propio Alonso Ríos quen asume a presidencia efectiva do Consello.

A actividade xornalística ocupou, así mesmo, unha parte importante da súa faceta pública. Foi director de *El Despertar Gallego*, órgano oficial da Federación de Sociedades, onde publicou numerosos artigos de temática política, agrarista e pedagóxica. Tamén colaborou en *Galicia* continuación de *El Despertar Gallego* no que asinou co nome propio e tamén probablemente co pseudónimo Antonio D’Amarante; en *Céltiga*, *La Zarpa*, *El Orensano* ou *El Pueblo Gallego*. E no conxunto da súa abondosa produción xornalística amosou “a terquedade dinámica; o estímulo; a pedra que non se deixa arrancar, pero ás veces se lanza con formidábel ímpetu, e axita e estremece” (*Galicia*, 1931).

A súa produción escrita non se limitou á actividade xornalística, sendo o autor de varias novelas e ensaios publicados despois no exilio, como *Co pensamento na Patria galega*, *Noite i amanecer de Galiza*, *Da saudade: amore, arte e misticismo*, *A cultura galega na súa dimensión american*, *Nidia*, *O señor Afranio*. Ou como *me rispei das gadoupas da morte*; e o estudo matemático *Tratado da velocidade*.

Con respecto á faceta como educador, os principios básicos que sobrancean o seu discurso –fundamentado no modelo teórico krauso-institucionista de Giner de los Ríos– reivindicaban unha escola galega partindo da renovación de todos os seus ámbitos: infraestrutura, profesorado, organización, métodos... e concretábase nunha serie de reformas que recolleu do sistema público arxentino para adaptar á realidade galega. En primeiro lugar, amosa unha gran preocupación pola infraestrutura e os medios didácticos das futuras escolas galegas; en segundo lugar, recomenda a contratación de cadros profesionalmente cualificados e dotados de sensibilidade para asumir con plenitude a función social do labor docente. En terceiro lugar, esixe unha organización escolar moderna, que adopte a graduación do ensino, a quenda única, a educación permanente entre outras reformas. Por último, promove o desenvolvemento de métodos innovadores, como a coeducación, o contacto coa natureza ou as prácticas agrícolas no contorno escolar.

Alonso Ríos mantivo durante tres décadas –entre a súa chegada a Compostela para estudar Maxisterio e a súa retirada forzosa polos tomiñeses montes de Tebra– unha intensa actividade, centrada nunha única preocupación: a redención das clases populares galegas fomentando a educación, asumindo unha conciencia social e recuperando a dignidade perdida a causa dos foros e as oblatas:

Da escola campesiña e do campo, desta fonte inagotábel de humanidade e de riqueza, é de onde hai que esperalo todo. Pero non fuxindo ás cidades para extraer desde a comodidade e esterilidade burocráticas os menguados froitos que o campesiño desamparado e depauperado arranca á terra. Hai que ir ao campo con xeneroso espírito de cooperación, co ánimo disposto a aceptar cordialmente as demandas do medio. Hai que ir ao campo dispostos a darse, no só a recibir as súas caricias e os seus froitos. Hai que ir ao campo, pero despojado da carroña señorial que embota a sensibilidade, inhibe a acción e castra a iniciativa. Hai que ir ao campo sentíndose homes, con corazón para amalo e con potencialidade xenésica para fecundalo. E se non imos ao campo, el virá a nós en inmensa onda burocrática e soldadesca, en avalancha obreira e en masa de parados. E daquela xa non será necesaria a escola campesiña.

A pesar da súa formación e experiencia, da intensa actividade social e do seu recoñecemento público, Alonso Ríos era, para os que o coñeceron, un home sobrio e modesto que nunca fixo ostentación da súa vasta preparación para vencer o adversario con desplantes fachendosos ou demostracións de superioridade.

Para os coterráneos emigrantes foi o “mestre e guía austero da xuventude galega e dos homes que ansían a redención da patria”. Para Suárez Picallo, un dos compañeiros na Federación co que tamén camiñou polos carreiros da política galega, “o cabaleiro dos espazos siderais. Sen reservas de trastenda, os seus ollos azuis son sempre a ventá da súa alma. Tal é o home, o mestre (con maiúscula). Alonso Ríos é por temperamento, por cultura e por señorío mental un demócrata”; para Blanco Amor, “dos que día a día deron á organización federal todo o que pode darse: ideas, pesos, traballo persoal e exemplo de enteireza e austeridade”. Para Castelao, o seu irmán no exilio, “o home chamado a despertar e diñificar o agrarismo, erguendo as sociedades agrarias da situación enervada e decaída en que amolecían”.

Durante os últimos anos da súa vida, continuou a participar en todos os actos da colectividade, malia a precaria situación da súa vida. A avanzada idade non lle impediu dar conferencias ou escribir artigos e libros. Pero en 1980, aos 93 anos, na soidade inxusta da vellez, decidiu pórle fin á súa vida sen ver cumprido o desexo de regresar a Galicia. Coa súa morte desapareceu, quizais, a derradeira figura representativa do compromiso dos galegos emigrados, aquel feixe de homes bos e xenerosos, que soñaron un novo amencer para Galiza.

INTERVENCIÓN ACTO DE HOMENAXE NO XXV CABODANO DE ANTÓN ALONSO RÍOS E RAMÓN DE VALENZUELA

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE

Presidente de Adellís, Asociación Socio-Cultural de Silleda

¡Outra vez, outra vez o terror!
Un día e outro día,
sen campás, sen protesta.
Galicia ametrallada nas cunetas
dos seus camiños

.....

Eu ben sei que hai un misterio na nosa terra,
máis alá da néboa,
máis alá do mar,
máis alá da chuvia,
máis alá do bosque.

Con este poema, o grande poeta galego Luís Pimentel quixo deixar constancia do significado da represión en Galiza.

Quero agradecer a presenza hoxe aquí de todos vostedes para tributar unha merecidísima homenaxe no seu XXV cabodano a quen nola tributou a nós todos en vida,

os señores Alonso Ríos e Valenzuela Otero, os cales, cos seus desvelos, o seu activismo inquebrantábel a prol da sociedade galega, fixéronnos soñar, hai setenta anos, coa Galiza máis próspera, máis feliz, menos asoballada, coa liberdade!

Só hai unha pexa que eu me atrevo a sinalar. Coido que os dous homenaxeados se sentirían optimamente ledos por este acto, mais tamén nos remarcarían de xeito rexo, que esta homenaxe se está a celebrar nunha Casa da Cultura asediada aínda, no ano 2005, na rúa José Antonio Primo de Rivera, e quen pode evitalo non fai o preciso por remedialo.

Estes actos que se veñen celebrando desde o pasado 27 de outubro, organizados pola nova Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e Adellís, asociación socio-cultural de Silleda, conclúen hoxe coa lembranza, a honra e a devoción que os intervenientes lles profesan a Antón e a Ramón. Presento a mesa por orde de intervención. Eles serán quen de facernos senlleiras descricións dos dous homenaxeados: Xosé Manuel Malheiro, Celestino García, Herminio Barreiro, Avelino Pousa Antelo, Xosé Neira Vilas, Mariví Villaverde e Luís Bará.

Case setenta anos despois quixemos con estas xornadas mostrar o noso respecto e admiración a aqueles que loitaron afoutos polos seus ideais, convitos da democracia republicana. Aquilo quebrou e aínda é hoxe o día no que se conmemora en Silleda a dous dos máis altos representantes de todo iso. Dous protagonistas daquela feliz aventura. Conxuntamente con eles lembramos nestes días a Emilio Alonso Paz, alcalde republicano de Silleda vilmente asasinado. E con eles a todos os que sufriron a cruenta represión.

A Antón sorprendeuno o levantamento fascista no Baixo Miño e logo de ter defendido o Estatuto e os labregos, con paixón, corazón e cabeza, non tivo outra que botarse ao monte para salvar o seu peullo, e así durante case tres longos anos polos montes de Pontevedra, de Ourense, pola raia portuguesa, baixo a aparencia do esmoileiro chamado señor Afránio do Amaral, até conseguir exiliarse na Arxentina para nunca máis volver.

A Ramón, o valente, recordámoslle o seu talento intelectual, o seu traballo a prol do galeguismo nesta comarca, a súa incuestionábel decisión de pasar do obrigado bando fascista ao republicano, nunha mestísima noite de néboa, o 8 de decembro de 1937, para pórse ao dispor da vontade popular. E logo dar co seu lombo nos campos de concentración, na cadea, por causa da traizón fascista do exilio.

Hoxe, xa non nos é preciso agochármonos no monte coma o señor Afranio, xa non vivimos as peripecias de Gonzalo de Ozores. Mais convennos acreditar neles e terlles devoción, e lembrar, e posuír memoria. A mesma memoria que nos leva a pedir

a máxima consideración do agro da clase política galega e do asociativismo para Antón Alonso Ríos, o último gran patriarca da galeguidade. A mesma memoria que nos conduce a demandar para Ramón de Valenzuela a máis alta distinción para un autor no noso País, as letras galegas dunha vindeira edición.

Xa non morremos nesta longa noite de pedra e os corazóns dos homes que ao lonxe espreitan xa non están feitos de pedra. Antón e Ramón foron ensinantes, ensinaron Galiza e ensinaron a verdade... Tan doce era a xuntanza miña e vosa, de todos nós co mundo.

Antón e Ramón, Ramón e Antón, voto por vós, das cabezas alzadas!

Campás da liberdade
que no corazón nos petan,
soade forte, soade
mentres que os galegos sexan!

Sodes para nós eternidade, e a eternidade é perdurábel, é eterna.

Eu sei que en cada tumba
atópase unha espada
agardando

Eu sei que en cada morto
pervive un berro
agardando

Eu sei que para aquela derrota
hai unha vitoria
agardando

Eu seino

Dinmo os vosos nomes
sobre das lousas
agardando

Agardando torres de amor do recordo.
Castelos da esperanza!

Até non hai moito foi, era, tempo de apandar. Agora, *co pensamento na patria galega, non agardamos por ningúnen.*

Moito obrigado

ARTIGOS PUBLICADOS NA PRENSA OS DÍAS DA HOMENAXE

No XXV cabodano dun galeguista

Ramón de Valenzuela: agardou por todos

Cando me dispuxen a escribir estas liñas tiven dabondo claro cal sería a mellor homenaxe que, desde a miña modesta voz, puidese calar entre os lectores e, á vez, autenticar o relevante significado da personalidade e da obra de don Ramón Valenzuela Otero. O que a seguir se relata é unha historia, coa licenza que me dá o ser un afervoador devorador das súas publicacións, en boca de Valenzuela. Un documento “autobiográfico” que pode ser o camiño para percorrer o herdo testamentado por este gran persoeiro das nosas letras, da nosa memoria e do noso país.

Valenzuela Otero, nado o 3 de outubro de 1914 na Casa da Viña en Manduas, a escasos metros da Bandeira e falecido hai vinte e cinco anos, legounos dúas novelas para a posteridade: *Non agardei por ninguén* e *Era tempo de apandar*; unha escolma de relatos baixo o título d’*O Naranxo*; unha peza teatral, *As bágoas do demo* e unha polémica conferencia despois publicada, *Historia do galeguismo político*. A partir de aí fecúndase este relato biobibliográfico na lembranza do escritor, do político, da persoa.

Non agardei por ninguén no intre de comezar a escribir, xa que o fixen só. Talvez rememorando un carácter errante que ermaba nun bando que non tiña nin pés nin cabeza, até que pasei ao contrario. Porque un cambio a tempo é unha vitoria definitiva; unha noite mesta de néboa axuda a acalmar o espírito e dános azos para continuar na andaina das nosas vidas. Pode, e de facto éo, ser o punto de inflexión nun periplo vital, que por curto até o de agora, non deixa de ser interesante aos ollos dos cultural e politicamente incorrectos.

Ao acordar, derrotado, rendido, confuso e guiado por esa noite interminábel, descubrín que era tempo de apandar co que viñese. Hoxe atopámonos nunha República, mañá na primeira liña dunha guerra inferno-fraternal, pasado, horrorizado no país galo; despois namorado, co alento nun fío sen decirdirmonos a actuar conforme o corpo o demanda.

Lonxe, xa da nación, lonxe do horror, lonxe da inquebrantábel inquisición que non permite adaptar o meu espírito ás ideas que eu levo dentro, que aínda amola os meus escasos folgos, espérame o outro lado do mundo. É o cabo do medo, onde confinan momentaneamente todos os soños pasaxeiros de camaradas, compañeiros e loitadores incansábeis nun espazo irredutíbel que nos pon en marcha.

Foron as bágoas acuguladas do demo, dun demo que nunca quixo chorar na súa terra, e vomitándonos con ardentía para fóra, coma se de pelellos óseos se tratase, nos fixo pór raíces e medrar a milleiros de quilómetros. Semella unha tolemia, comparábel á do Naranxo de Lalín, o Rei do mundo, con trillóns e trillóns de felicidades mergulladas e somerxidas na luz acesa que se nos abriu no fondo transoceánico. Trillóns e trillóns de remendos que remendei na loita diaria, na tentativa de non esmorecer o portón de ar fresco que tentamos abrir aló polo 1936.

Desde a Arxentina pensabamos en galego, viviamos Galiza cos emigrantes, cos forzados ideoloxicamente, cos exiliados e os represaliados, cos pobres, cos *capitos* e proletarios, coa vida despois da morte.

A historia da miña vida é a dunha camisa, que limpa nunca virou. A dun latoeiro, que con rigor enlatou corpo e armadura e tirou para a fronte. A dun profesor que quixo ensinar e que con el aprendesen. A dun escritor, menor para algúns, que escribiu a necesidade por necesidade. A dun home comprometido coa sociedade do seu tempo, mais esta, por ter, nin tivo tempo social para inverter o camiño imposto.

Cando eu espertei da *transterra*, volvíñ descubrir contos populares inzados do devezos que Pepe dos Cestos, que Ozores, que Ramón, que os comunistas galegos pensarán, desexaran e soñaran. Con todo, non tiven tempo para máis porque non agardei por ningún. Só por Castelao, pola Bandeira, por Galiza e pola República!

No XXV cabodano dun galeguista

A odisea do señor Afránio

O coitado e asemade audaz *señor Afránio do Amaral*, cidadán portugués, principia a súa longa e aventureira odisea polos carreiros do monte Aloia, aló polo 26 de xullo de 1936, pouco despois da sublevación franquista do 18 de xullo dese ano. É bateado so este nome a personalidade do mestre galeguista Antón Alonso Ríos (Camporrapado, Cortegada-Silleda, 15 de agosto de 1887), quen recentemente, en febreiro, fora electo deputado agrario na candidatura da Frente Popular pola provincia de Pontevedra.

Despois do ameazante lema coreado por algún *imbécil e escuro* nas rúas tudentes “ya cayó el gran zorro”; en vista do prezo imposto pola súa cabeza, 50.000 pesetas da época, cal aberta cazaría do raposo, e co corazón fendido pola desolación que lle causaran os sublevados, viles asasinios dos republicanos no troiano Aloia; o agrarista trasdezao adquire conciencia definitiva e bótase ao monte baixo o heterónimo do *señor Afránio do Amaral*.

Nace entón o esmoleiro, obrigado a fuxir polas montañas de Pontevedra e Ourense, acubillándose nas covas e nos lugares máis recónditos, famento, e agócha-se nas casas das camadas máis populares do pobo, aldeáns e vilegos, grazas, claro, á alta estima e cariño que lle profesaban por ter loitado, de xeito resolto, polos intereses dos labregos galegos. É así como vagando pola Terra, mendigando ou facendo labores de criado, co ardido pensamento de vivir cada día coma se fose o derradeiro, varudamente se enfronta a non ser represado até a fin, e zafa discreta e secretamente do xugo e as frechas falanxistas que o perseguían desde o alzamento.

Transcorrerán dous anos até atravesar a raia portuguesa pola serra da Peneda e o Xurés e, conferíndose á fraternal axuda lusa, é conducido con pasaporte falso até Lisboa, e logo cara a Casablanca marroquina, para se dirixir ao exilio infindo, arribando no porto bonaerense o 30 de xuño de 1939 a bordo do barco francés Lipari. Tres anos despois rematará a singradura e a última travesía do *ñor Afránio*, que tornaría a ser lembrado para a posteridade na real ficción literaria, narrada no libro homónimo que se publicaría corenta anos despois de fuxir das gadoupas da morte. A súa miraxe irmá, o encorado Alonso Ríos, morrería de fenda vital, baixo un convoi, o 12 de outubro de 1980, sen endexamais regresar á Ítaca galaica.

Covertouse, pois, o *ñor Afránio*, nun símbolo acaídamente recoñecido, agora, para a nosa zona e toda a terra galega; emblema do amortallamento e a traizón embriada polos intolerantes. Reflicte en primeira persoa as penurias insufladas nos seus aflitos coetáneos, existentes nunha época enloitada do negro máis escuro e derrotada no pozo máis profundo.

Representa o ñor Afránio os valores da afouteza, o denodo e a resignación de toda a nación galega, coutada pola opresión incautadora do ben máis prezado dun pobo, A LIBERDADE!

A GUERRILLA NA COMARCA DO DEZA

OS ACONTECEMENTOS DO 18 DE XULLO DE 1936 EN SILLEDA, PONTEVEDRA

ALBERTE MACEIRA

No caso do Concello de Silleda, podemos afirmar que houbo unha resistencia malograda, breve, non menos significativa, ao levantamento do exército do Xeneral Franco.

Nos días previos ao 18 de xullo, o alcalde Emilio Alonso Paz, recibe telegrama do gobernador da provincia de Pontevedra, o Sr. Acosta, indicando que algo se coce e que se faga cargo da Orde Pública. A pesar de contar con días de permiso outorgados pola corporación o alcalde republicano de Silleda, D. Emilio farase cargo da situación¹.

Do mesmo xeito, na Sociedad Unión Obrera de Ponte, sindicato formado esencialmente por obreiros do ferrocarril, afín á UXT, celébranse reunións nas que, Ramón Muíños Lorenzo -presidente da sociedade - manifesta: que se algo acontecera deberían achegarse con armas os que as tivesen e os que non, con aparellos de labranza.

O 19 de xullo co estouro do movemento crease o Comité de Resistencia. Está composto polo alcalde Emilio Alonso Paz, o tenente de alcalde Xosé Moreira Espi-

¹ Causa 49/37. Contra Emilio Alonso Paz y otros. Declaración de D. Emilio Alonso Paz. 01/10/1937.

ño, mais os concelleiros Daniel Sanchez Mallo, Antonio Valladares González e Antonio Costoyas Ares, apoiados polas sociedades *Unión Obrera de Ponte*, *Proescuelas de Bandeira*, e o *Sindicato Mineiro de Fontao*, tendo como centro de operacións a casa do concello².

As primeiras medidas adoptadas foron a requisa de varios vehículos, entre eles a camioneta de Manuel Ferreiro, así coma un aparato de radio propiedade da casa de Trabazo. Noméanse delegados por parte do comité de resistencia en Silleda, afíns á Frente Popular, con documentos asinados polo alcalde para proceder á requisa de armas e explosivos; cun dobre sentido na acción: por unha banda o desarme dos simpatizantes dereitistas; e por outra, a procura de armamento para as forzas populares que mais tarde irían a Pontevedra en defensa da capital da provincia de mans dos sublevados militares. De seguido, acordan requisar da polvoreira de D^a Matilde Ríos Neira de 1 kg de dinamita, 1741 balas e 4.032 cartuchos de caza, supervisando esta operación por Arturo Pérez Lázara e Segundo Arceo³.

Comunícase a Folga Xeral por parte das Sociedades e mais o Comité de Defensa. A creación de piquetes por parte dos mesmos, entumecen a actividade comercial de Silleda, concentrándose fronte á casa do concello.

Na Bandeira os membros da Sociedad Proescuelas colaboran coas directrices estratéxicas do comité. Participan na requisa dun automóbil e de armas nas parroquias de Manduas, Lamela, Dornelas, Abades, etcétera. Como curiosidade, na casa de D. José Villares Lamela, xuíz municipal e fervente monárquico, establécese particularmente, un sistema de seguridade composto polos seus empregados perante: *el temor y las amenazas por parte de los elementos revolucionarios marxistas del pueblo*. A este xuíz, criticárono porque o seu nomeamento verificouse ao máis puro estilo caciquil.

O 20 de xullo sae dende o concello de Silleda, cara a Pontevedra, unha camioneta conducida por Xosé Fondevila García, máis coñecido polo comunista de Bermés, cunha trintena de homes armados⁴, acompañando Arturo Perez Lázara e Xosé Moreira Espiño a expedición miliciana que viña dende Lalín. Ao chegar ás inmediacións de Pontevedra son advertidos de que se van atopar cun exército plenamente armado. Oíanse os hidroavións da escola naval de Marín sobrevoar Pontevedra. Esta advertencia frustraría a expedición. De volta son esperados pola Garda Civil e membros de Falanxe.

2 FERNANDEZ SANTANDER, C. *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia*. Ed. do Castro. 2000. p.305.

3 Causa 49/37. C.Emilio Alonso Paz. Declaracións.

4 IGREXAS RODRIGUEZ. M. idem.

Na madrugada do 21 de xullo abandonan o concello Emilio Alonso Paz, Antonio Costoyas Ares sendo Daniel Sanchez Mallo o último en fechar a porta baixo a mirada atenta dos membros da Falanxe. Pouco mais tarde, o comandante de posto da garda civil toma a casa consistorial na compañía do falanxista Julio Otero Soto e os veciños Marcelino Fernández, Manuel Varela Freire e Julio García Vázquez⁵.

Chega o desconcerto, situación da que Ramón Valenzuela fai unha interesante análise na súa novela autobiográfica “Non agardei por ninguén”, na que se poden identificar membros da Frente Popular como Xosé Parga Ansedes por boca do Ansedes, a Manuel Parga Díaz por “O Díaz”, Ouzande de Abades por “O Varela” e Felino Costoyas por “O Fiz de León”; veciños de parroquias próximas á vila da Bandeira⁶.

Pois ben, o desconcerto político municipal, finaría co nomeamento inmediato do novo delegado da orde pública Manuel García Cerviño, veciño de Rellas. Precursor da etapa franquista en Silleda⁷.

Logo do golpe de estado do Xeral Franco, inician os atestados por parte da Garda Civil en Silleda, sempre apoiados polos informes dos que se uniron á Falanxe. Comezan as detencións. Algúns nin sequera chegan ao cárcere, instalado nos baixos da casa do concello, como é o caso de Xosé Rilo Buxán do lugar de Vilaverde, Manduas; integrante do Grupo Galeguista de Abades, torturado e asasinado o 15 de agosto de 1936⁸. Os detidos sucédense. Abondan máis de corenta encarcerados no cárcere de Silleda.

Dous meses máis tarde, trasladan os presos de Silleda á Prisión Provincial de Pontevedra. A Ramón Muiños Lorenzo (Presidente da Sociedad Unión Obrera de Ponte), aplícanlle a *lei de fuga*, no traslado a Pontevedra.

Prodúcese a detención de Ramón de Valenzuela xunto co seu curmán Carnero Valenzuela. Ramón, nun intento de levantar o ánimo dos republicanos silledenses, diríxese aos que alí estaban recluídos, manifestando: *debedes estar tranquilos pois, terán que baldeirar os cárceres, para mete-los a todos eles dentro*⁹.

5 Causa 49/47. Declaración do falanxista, Julio Otero Soto, natural da parroquia de Pazos, Silleda.

6 Carta de Xosé Parga Ansedes a Remigio Balboa Iglesias. Buenos Aires 1958. Arquivo familiar Remigio Balboa.

7 FERNANDEZ SANTANDER, C. *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia*. Ed. do Castro. 2000. p.305.

8 Entrevista Emilio Rilo.

9 Referencia de Fidel Costoyas.

FUXIDA DO ALCALDE REPUBLICANO DE SILLEDA

Ante a présa con que, se desenvolven os acontecementos en Galicia ao amparo do exército sublevado o 18 de xullo 1936, todo fai presaxiar o futuro de cor escura para os que, dun principio, se opuxeron ao levantamento dalgúns militares.

Así é que, D. Emilio Alonso Paz alcalde de Silleda, en compañía do seu fillo Luis Alonso, escolle ir a Santiago de Compostela na tarde do 21 de xullo coa intención de procurar un lugar confiado. En Compostela, observa as rúas ocupadas polos militares. Non se fala doutra cousa, máis ca do movemento. O 23 de xullo é feira en Santiago, acorda volver a Silleda no coche de liña, apeándose na Bandeira. Atopa con Ramón de Valenzuela que lle aconsella fuxir. Esa mesma noite vai durmir a Laro. Despois de deambular polos lugares de Acibeiro e Grobas, o 19 de agosto sae cara Ourense. Dous días mais tarde atravesa a fronteira de Portugal preto de Verín, establecéndose uns días en Chaves (Portugal).

D. Emilio é ben acollido polos veciños portugueses, recibindo afectuosos comentarios en favor da República. Trasládase á cidade portuguesa de Vidago. Recibe telegrama da familia, indicándolle que vaia a Vila Real, alí poderá arranxar a documentación tan precisa para continuar coa fuxida por Portugal. Non vai ter tempo. O 3 de setembro foi detido e conducido á fronteira de Tui pola policía portuguesa¹⁰.

Evaristo Mosquera, no seu libro “Cuatro años a bordo de una isla” recorda a curta estada de D. Emilio Alonso Paz na illa de San Simón: *Tuvimos unos días con nosotros al que había sido Alcalde republicano de Silleda, que fue entregado por el maldito régimen de Salazar a sus aliados, que se apresuraron a conducirlo a Consejo de Guerra y a aplicarle la terrible sentencia que tenían reservada para estos casos.*

ÚLTIMOS DÍAS DE D. EMILIO ALONSO PAZ

Orixínase o Consello de Guerra a: D. Emilio Alonso Paz e outros, polo delito de Rebelión Militar. É sentenciado a morte. Neste proceso atópanse tamén os concelleiros: Daniel Sanchez Mallo de Silleda, Antonio Costoyas Ares de Negreiros, condenados a reclusión perpetua e os veciños da Bandeira José Pérez Canicobas, Remigio Balboa López á pena de 15 anos de reclusión temporal¹¹.

¹⁰ Diario persoal de D. Emilio Alonso Paz, Causa 49/37.

¹¹ Causa 49/37. Sentencia.

Preto dos días da execución da sentenza o alcalde de Silleda escribe unha carta de despedida dirixida a Daniel Sanchez Mallo e Antonio Costoyas Ares¹².

Sr. D.

Daniel Sánchez Mallo y Antonio Costoyas Ares.

Mis queridos compañeros, en estos críticos momentos preparado para el sacrificio, escribo esta nota afín de recalcaros vuestras obligaciones contraídas. Sabéis mis secretos los haréis públicos en su día y al mismo tiempo recordaos del Notario Bremon. Tu Daniel se recuerda lo que me dijo en Vigo, fijaos en los enemigos no os dejéis engañar diciendo que hicieron algo por nosotros, no creáis que la culpa la tuvo el cabo, fue obligado a ello, me entendéis, ahora se justifica las luchas entre él y Brañas, fijaos que el informe lo dio el que estaba hoy.

Ahora quiero manifestar que estoy muy animado, considero mi fin como una cosa natural tenía que terminar así, asesinado por los señoritos que sabéis, mi muerte servirá para justificar la venganza así como mis compañeros ya juzgados estoy tan entrañado ya con la muerte que duermo tranquilamente. Esta noche aún dormí desde las once hasta las ocho de la mañana con un intervalo de una hora. El triunfo está cercano y vosotros ya en vuestras casas. Quiero hacer una súplica proteger a mi familia en lo que podáis, colmar de cariños y atenciones a mi queridísima esposa que tanto quiero, cuanto hagáis por ella lo haréis en mi memoria. Esta suplica la hago extensiva a todos los amigos que me quedan por medio de vosotros.

Espero lo cumpláis, os saluda abraza y desea sedáis felices, vuestro mejor amigo. Emilio Alonso Paz. Cárcel de Pontevedra a once de marzo de 1937.

Emilio Alonso Paz foi executado o 16 de marzo de 1937, ás 18:30 nó Km 1 dá Avda. Uruguai. Monteporreiro. Pontevedra.

A GUERRILLA NA COMARCA DO DEZA E TABELIÓS

A epopea guerrilleira na comarca do Deza foi e segue sendo un segredo estritamente gardado, do que soamente falaba o pobo con certa simpatía. Os instrumentos mediatizados e propagandistas do réxime dictatorial do Xeneral Franco, non dubidan en desfigurar a guerrilla, tratando aos guerrilleiros de bandoleiros e atracadores co claro obxectivo de desfacer a afinidade que tiñan coa meirande parte das xentes neste país.

Rematada a guerra civil, a resistencia antifranquista claramente dirixida a restaurar a República, convertese en moitos casos nunha loita armada organizada e nou-tros, como a única posibilidade de supervivencia para moitos homes e mulleres.

Unha das maiores ironías coas que conta a guerrilla é o abandono por parte das forzas aliadas á resistencia armada republicana. Sorprendentemente, este desamparo foi feito polos países que contaron con tropas españolas nos seus exércitos. Por exem-

12 SANCHEZ MALLO, D. Arquivo familiar.

plo: o 25 de agosto de 1945 os primeiros tanques que entran en París, derrotando aos alemáns, os seus tripulantes son españois. Do mesmo xeito cando o Xeneral de Gaulle entra en París os guerrilleiros españois pertencen á Unidade das Forzas Francesas do Interior. Pois ben, as organizacións políticas antifranquistas en Galicia non contan coa axuda internacional dos gobernos dos aliados.

MILITANCIA POLÍTICA DOS FUXIDOS E GUERRILLEIROS

Unha das principais características que diferencian a resistencia antifranquista na comarca co resto de Galicia é a que a maioría dos fuxidos están afiliados a partidos políticos, sindicatos agrarios, sindicatos de traballadores, sociedades de emigrantes; ou ben, pola participación destes –os fuxidos– nos acontecementos en días anteriores e posteriores ao 18 de xullo de 1936.

REORGANIZACIÓN DAS ORGANIZACIÓNS POLÍTICAS

A reorganización política na comarca do Deza coincide co fundamento de establecer dende os cárceres a reorganización da oposición política antifranquista.

No mes de maio de 1939, instalados en Cuba altos dirixentes do Partido Comunista Español, como Vicente Uribe e Pedro Checa, montáronse dous centros do aparato do Partido Comunista no continente americano dependendo de Cuba. Un centro controlado por Earl Browder, en Estados Unidos, e outro en Arxentina, onde existían contactos cos grupos mariñeiros da mariña mercante e de pasaxeiros que trasladaban por convicción política ou por diñeiro, material de propaganda e de correspondencia para as estruturas clandestinas do PCE, infiltrando a bordo militantes, co obxectivo de penetrar en Portugal e logo pasar a España.

Víctor García García, alias, O Brasileño, xunto con Teixeira foron os dous enviados desde Francia pola Internacional Comunista en Cuba para reorganizar o partido, primeiro en Portugal e deseguido crear enlace con España.

Víctor García García, coñecido como “O Brasileño”, por ter sido emigrante en Brasil, regresara a España durante a Guerra Civil. Combateu na fronte, como comisario político, nun batallón das Brigadas Internacionais. A dirección do PC, consideraba a Víctor García de xeito positivo. Enviado pola IC para Portugal, actuaba esencialmente na zona norte do país veciño. Estaba formalmente subordinado a Teixeira, outro delegado da IC en Lisboa. A actuación de Víctor García no Porto onde tentaba establecer un punto de apoio para o PCE na fronteira, foi fundamental para enlazar o centro da dirección do PCE en Cuba co interior da península.

Víctor García é o responsable de evacuar o deputado comunista de Bilbao, Leandro Carro, un dos fundadores do PCE, moi importante para IC. Este deputado, o inicio da guerra civil apañoouno nunha viaxe entre Bilbao e A Coruña, tendo que se esconder no norte de Portugal. Víctor García co apoio dos comunistas de Ourense e do norte de Portugal, conseguen descubri-lo en Pedras Salgadas, e permitirlle a fuga para América en 1939.

En novembro de 1940, o punto de apoio portugués do PCP centrado en Lisboa, sobre a dirección de Teixeira, tiña montada unha tipografía clandestina do Mundo Obrero na Amora, Portugal, e había dous contactos con España, un no norte garantido por Víctor García o “Brasileño” e outro no sur por Silverio Morán.

A prisión de Teixeira por parte da Policía de Vixilancia do Estado portugués, vai facer que o Brasileño fuxa e circule entre España e Portugal, apoiado nos grupos de guerrilleiros que actuaban na fronteira.

A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA NO DEZA

Iª Etapa. 1939 – 1943

Os Fuxidos establecéronse no monte, contando co apoio dos labregos e labregas. Sobreviven nas mais duras condicións. Na miserable situación de fusilados, depurados, represaliados, deportados, mulleres co pelo ao cero, malleiras, torturas etc, comeza unha etapa histórica na comarca. As Guerrillas.

Esta primeira etapa na comarca do Deza caracterízase pola desorganización da resistencia antifranquista.

Temos novas de algúns grupos armados. Xorden ao ver como as súas vidas corren perigo, por inclinarse politicamente a favor da IIª República durante os anos da guerra civil.

Un dos grupos, estaba formado por Benjamín García Diéguez, alias “O Largo” natural de Barbeitos - Rodeiro xunto con Ramón Sánchez “O Areán”, tamén do concello de Rodeiro. Estes labregos acantonados na Serra do Faro, concentran a súa operatividade no triángulo formado polas poboacións de Vigo - Tui - A Cañiza. Son os autores da morte de Santiago Fernández e Andrés Negro Negro na parroquia de Alperiz, no concello de Rodeiro. Benjamín García Dieguez, foi capturado, ferido, no decurso dun enfrontamento que sostivo o seu grupo con forzas da Garda Civil en Pedroso, Rodeiro, o día 5 de novembro de 1939 no que tamén caía o cabo José Gar-

cía Docampo, pero algúns compañeiros seus, como Ramón Sánchez, que morreu dous anos despois cando a Garda civil localizou o seu tobo nas inmediacións de Pedroso e Salvador Moure (a) O Carolo, de Arcos de Chantada, non foron baixa ata varios anos mais tarde.

O 22 de xuño de 1941 foi detido o fuxido Celso Failde Varela do concello de Rodeiro e cinco días máis tarde foi descuberto o tamén fuxido Ramón Failde Areán de Rodeiro, que despois de ser ferido nun enfrontamento con forzas da garda civil introduciuse na provincia de Ourense coa intención de cruzar a fronteira a Portugal onde foi detido polas autoridades fronteirizas e logo fusilado.

En xaneiro de 1942 caeron os fuxidos Manuel Martínez Blanco, Eduardo Pereira Randulfe e Adolfo Rodríguez nas inmediacións do Pozo Negro, na zona de Lalín.

Paralelamente, nos comezos de 1942 constituíuse a Federación de Guerrillas de León e Galicia. Fundouse en Ferradillo próxima a Ponferrada. Dos 24 fundadores da Federación 5 eran socialistas, 4 cenetistas, 6 uxetistas e 5 sen militancia. Despois de varios congresos todo indica o bo camiño da Federación; a madurez política dalgún xeito dominada polos socialistas e cenetistas.

IIª Etapa

Segunda etapa (1943 - 1946).

En 1943 existían nas minas de volframio de Fontao-Carbia, uns 250 reclusos traballando. Coincidindo coa teoría do profesor H. Heine de que: a reorganización da loita antifranquista, nun principio concéntrase dende os cárceres, en xuño-xullo de 1943 o Partido Comunista estaba organizado nas minas de Fontao mais os concellos de Silleda, As Cruces, Lalín e A Estrada.

Esta etapa está caracterizada pola reorganización do Partido Comunista en Galicia. Convén, antes de introducirmos no miolo desta segunda etapa da guerrilla no Deza, anunciar algúns datos biográficos dos que consideramos os protagonistas da mesma. Así pois, incluíamos algúns datos de Eugenio Rueda Perosanz, e o bandeirense Miguel Nicolás Esperante.

Algúns datos biográficos de Miguel O Corcheiro

Miguel Nicolás Esperante, mais coñecido polo nome herdado da súa profesión de corcheiro: “Miguel dos Corcheiros”. Foi sen dúbida o dirixente da guerrilla na

comarca do Deza de máis sona. Un dos dirixentes guerrilleiros mais destacados da provincia de Pontevedra.

Miguel naceu no ano 1915 en Taragoña, concello de Rianxo, fillo de D. Alfonso Nicolás de Bandeira e D^a. Dolores Esperante de Taragoña, viñeron á Bandeira para facerse cargo da fabrica de cortiza que rexentaban os seus antepasados na parroquia de Chapa; por tratarse dun punto estratéxico para confeccionar as cortizas, pois contaban na comarca, con abundantes sobreiras; materia prima para levar adiante esta industria.

Miguel traballaba na fábrica de cortizas. En tempos da República, era o encargado de repartir pola Bandeira o xornal “Mundo Obrero” (órgano do Partido Comunista). O 1 de xaneiro de 1935, ingresa no Partido Comunista pertencendo á radio 14, célula 4. Naquel entón, empezaba a espertar o entusiasmo político que máis tarde o convertería, nun soado Guerrilleiro nas comarcas do Deza-Trasdeza e Tabeirós.

Co estalido da Guerra Civil, Miguel é detido o 21 de xullo de 1936, xunto con algúns membros da Frente Popular na Bandeira, acusado de participar na requisa de armas para defender a capital pontevedresa. Lévano a Silleda onde permaneceu cinco meses. Estando preso nos baixos do edificio do Concello de Silleda sacan ao presidente da Sociedad Obrera de Ponte (Ramón Muiños Lorenzo) do cárcere para pasealo, é dicir, para asinalo. Prodúcese unha angustiosa situación, da que Miguel sendo moi novo, non atinxe a esquecer.

Preso no Lazareto (Illa de san Simón), xunto cos demais compañeiros de Silleda, máis tarde é destinado ao Batallón de Tabajadores de León, axiña ao de Ourense e por último a Miranda del Ebro por atoparse e por ser da quinta do 36, polo exército de Terra. Toda esta situación prodúcese sen haber ningún tipo de farsa xudicial, circunstancia propiciada fundamentalmente pola negativa por parte do médico Muras da Bandeira, de declarar en contra do mellor amigo do seu irmán.

O oito de marzo de 1940 o pai, D. Alfonso Nicolás López realiza unha instancia (por certo, co selo da república española), solicitando a posta en liberdade do seu fillo Miguel por descoñecer de que se lle acusa e de se algo puidese aplicarlle algunha sanción , cre que ben ten saldada a pena polo deber mencionado no Batallón de Traballadores 3^a Compañía, en Aranjuez.

Xa na Bandeira, entre os fascistas e os gardas civís, facíanlle a vida imposible. Aproveitaban aqueles concorridos paseos nos días de Feira para abusar del. A garda civil entraba no baile que se celebraba na casa de Francisco Pichel, secretario do concello de Silleda que vivía na Bandeira e propinábanlle enormes malleiras, constituíndo así unha forma máis de represión. Así, día tras día. Non lle deron opción de facer unha vida normal.

Máis quen perdeu a esperanza tamén perdeu o medo, e Miguel, desesperado, pronunciou aquela famosa frase: A min non me mallan máis. Comezou a andar e botouse ao monte entre o desconcerto e a furia polos roleiros que o introducían no que pouco a pouco formaría o seu lar: “O Monte”.

Algúns datos biográficos de Eugenio Rueda Perosanz

De acordo cos datos da causa número 5678/38 da auditoría de guerra da Oitava Rexión Militar, Eugenio Rueda Perosanz, naceu o vinte e cinco de novembro de 1915 en Oviedo, no seo dunha familia traballadora dos camiños do ferro. Fillo do Ferrovionario D. Juan Rueda e de D^a María Perosanz. Mecánico Industrial de profesión, exerce a súa actividade na Fábrica de Fundición “La Amistad” de Oviedo.

Co estalido da Guerra Civil, Eugenio Rueda xunto con outros camaradas, logran formar un grupo de resistencia armada actuando no monte do “Naranco”. Máis tarde, en unión de outros grupos, compoñen o Batallón Sangre de Octubre, no barrio do Cristo preto de Oviedo. Durante o mes de setembro de 1936, participa en varios ataques á capital asturiana en mans do exercito sublevado. Un mes despois, é nomeado Tenente do Batallón Ferrovionario na posición de Tenaullán, Asturias.

En abril, deste mesmo ano, é destinado ao Batallón 265 do Exército Republicano co emprego de Tenente, participando no fronte de Biscaia mais no fronte en retirada de Santander. Na parte oriental de Asturias permanece na posición de Viedos onde o 6 de outubro, no intento de fuxir a Francia foi apresado no Vapor Cusca, en augas do Cantábrico.

Desembarcan a Rueda e trasládano a Camposancos, Tui, para ser xulgado polo delito de Rebelión Militar. Sentenciado a Pena de Morte, xunto con dez compañeiros asturianos. Cando todo parecía ter un desenlace fatal, o 23 de xuño de 1938, reciben en Camposancos notificación, do “Cuartel General del Generalísimo” da Coruña ordenando conmutarlle a pena a Eugenio Rueda Perosanz a de inferior grado. Parece ser que, a tenacidade da súa avoa, e súplicas nas portas dos despachos dalgúns militares, serviu para salvar a vida do seu neto.

Preso no acuartelamento de Camposancos, sae publicado no Diario Oficial do Ministerio de Defensa Nacional o 18 de agosto de 1938 en Barcelona, o nomeamento de Eugenio Rueda como Tenente de Infantería procedente de Milicias coa indicación de desaparecido en campaña.

Finalizada a guerra, Rueda é trasladado ao Penal de Celanova. Revisada a liquidación de pena, é conducido ao Destacamento de Minas de Fontao, concretamente para traballar na Sociedad de Estaños de Silleda en redención de pena.

Durante este período ía coñecer a que deseguido sería a súa muller D^a Laura Nicolás Esperante irmá de Miguel “O Corcheiro” da Bandeira.

O 20 de decembro de 1943 pasa da situación de prisión atenuadaá a de liberdade condicional, tendo que incorporarse ao exército, por pertencer á quinta de 1937. Condición que rexeita, porque en Oviedo sabían que fora condenado a morte, e perigaba a súa vida. Moitos homes nestas mesmas circunstancias, xa foran axustizados no exército.

En 1943 existían nas minas de volframio de Fontao, uns 250 reclusos traballando. Coincidindo coa teoría do profesor H. Heine de que: a reorganización da loita antifranquista, nun principio concéntrase dende os cárceres, en xuño-xullo de 1943 o Partido Comunista estaba organizado nas minas de Fontao maillos concellos de Silleda, As Cruces, Lalín e A Estrada.

No mes de decembro dese mesmo ano, chegou ás minas de Fontao un militante procedente de Santiago, Isidro Díaz, quen, xunto doutro camarada chamado Tino (Ourense), empezou a reconstruír o Comité Rexional, que non quedaría definitivamente formado ata a aparición Víctor García, O Brasileño como secretario xeral, Tino, Isidro Díaz, Belarmino Alvarez e José Cerveró, en abril-maio de 1944.

Son dúas circunstancias ben diferenciadas, as que en 1943-4 orixinan a creación da agrupación de guerrilleiros coñecidos popularmente como Os Corcheiros. Por unha banda Miguel, recién posto en liberdade, ante as malleiras da garda civil e a represión sometida por parte dos membros da falanxe na Bandeira, decide fuxir, farto destes abusos e torturas. Por outra banda Eugenio Rueda Perosanz concluída pena imposta no Destacamento de Minas de Silleda en Fontao (Vila de Cruces) recibe orde de incorporarse ao exército en Oviedo por pertencer á quinta do 37. Eugenio Rueda rexeita esta condición sabedor de que no exército tamén se liquidaba aos republicanos. Se ben son dúas circunstancias ben diferenciadas o motivo e o mesmo: A Represión.

De xeito moi intelixente establécese o criterio ou estratexia de que unha cousa é o Partido e outra a organización guerrilleira, aínda que a dirección guerrilleira a leve a cabo o partido.

As primeiras actuacións consisten en tratar de obstaculizar o traslado do mineral de Wolfran cara aos portos Galegos de Vigo e A Coruña tan solicitados pola industria de guerra da Alemania Nazi. A falla de medios e armas impiden conseguir as primeiras intencións.

Prodúcese un período no que se suceden numerosos asaltos co fin de recadar o diñeiro para a propia subsistencia dos guerrilleiros. A presión que se exerce por parte das forzas franquistas aos familiares e amigos, administradores dos víveres aos gue-

rilleiros, obriga a cambiar de táctica, *decidindo cargar o peso económico sobre os mesmos responsables, aos que se desarmaba e obrigaba a entregar diñeiro para a nosa subsistencia.*

Nesta liña, son coñecidos o asalto ao coche de pasaxeiros que ía á Feira dos Carballiños en Vilatuxe, Lalín; a sabotaxe ao coche de liña na estrada do Monte da Rocha, Silleda. O reparto de propaganda clandestina en días sinalados, como os días de feira na comarca.

A esta etapa corresponde tamén a morte dun garda civil José Salgueiro Rey, natural de Carboeiro, Silleda, nun enfrontamento o 14 de xuño de 1944, no lugar de Ponte Retorta, Manduas, Silleda, paso obrigado do camiño mais curto entre a Bandeira e as Minas da Brea, Fontao. A Consecuencia disto foron detidos e máis tarde executados, Diego Valero González, e Luis Blanco López. O guerrilleiro Manuel Ponte, insinuáballe de xeito irónico ao embaixador británico de visita en Galicia se: *entre los agasajos que le brindaron en su visita a Galicia figuró la asistencia al acto de ahorcar el día 3 de septiembre en Pontevedra a Luis Blanco y Diego Valero. Tal vez extasiado por las bellazas del paisaje gallego y embriagado por la cariñosa acogida que le brindaron los ejecutores de esos crímenes, no le haya dejado tiempo par detenerse ante hechos, para usted triviales.*

No mesmo mes de xuño de 1944, ante este duro golpe, Víctor García, traslada o Comité Rexional do Partido Comunista de Fontao para Vigo. Na comarca do Deza, prodúcese un período de asentamento da estrutura guerrilleira, consistente en afianzar os enlaces e contribuír a divulgar a propaganda antifranquista, que traía Miguel Nicolás Esperante dende Vigo.

Víctor García dá un gran impulso aos comités provinciais do PC en Lugo e Ourense.

Ese mesmo ano, aumentan os problemas e as tensións no intre en que Víctor García envía ao seu man dereita Chema Urquiola ao congreso da Federación de guerrillas nas proximidades das minas de Casayo coa pretensión de que a Federación se unise á Unión Nacional. Mais os guerrilleiros desconfían dos políticos comunistas rexeitando a proposta de Urquiola establecendo un enfrontamento discordante da Federación co recién creado Ejercito Guerrillero de Galicia controlado polo PC. As diferencias aumentan a medida que se celebran os congresos para reunificar os dos exércitos guerrilleiros. Foi no congreso de 1946 onde se racha definitivamente a reunificación.

En xaneiro de 1945 recibe un duro golpe a organización. Cae detido Chema Urquiola, o man dereita do Brasileño, mais grazas á enteireza de Urquiola fronte á

policía, logran salvarse moitos militantes. A dirección do PC en Madrid, decide cesar a Víctor García o Brasileño de secretario do Comité Rexional e recibe a orde de se unir aos guerrilleiros. Mais, O Brasileño, rexeita e manifesta á dirección en Madrid, que el considera mellor empregado a súa laboría na reorganización do partido ca no monte como guerrilleiro. Madrid reacciona expulsando do partido a Víctor García. Víctor non fai caso e segue contando da confianza da maioría dos comités provinciais. O Brasileño cae en desgraza.

IIIª Etapa 1946 - 1948

Na primavera de 1946 chegan a Galicia a nova dirección política formada por **Antonio Seoane Ramos, Antonio Sánchez Segovia y José Isasa Olaizola encabeizando como novo secretario xeral do Comité Rexional a José Gómez Gayoso.** Unha das misións prioritarias que traen os novos dirixentes, á parte de estender o movemento guerrilleiro por toda Galicia, é a de desfacer o poder que ten Víctor García, O Brasileño, sobre os comités provinciais do Partido Comunista en Galicia. Polo tanto comeza a caza do Brasileño. Por medo a ser eliminado, O Brasileño, volve á comarca do Deza, onde axudado polo grupo volante de guerrilleiros *Os Corcheiros*, escóndeno nunha casoupa propiedade do enlace comunista Francisco Pichel da Bandeira. O Brasileño é bautizado co nome do Francés. **Eugenio Rueda Perosanz** fora reclamado pola nova cúpula do Comité Rexional de José Gayoso. Eugenio foi o encargado de traer a orde de terminar co Brasileño. O Brasileño foi asasinado na primavera de 1948 na parroquia de Moalde. Soterrado sen placa baixo a pequena fiestra da sancristía da igrexa da mesma parroquia onde apareceu o cadáver.

Ata o presente, a agrupación guerrilleira dos “Corcheiros” obra baixo a disciplina dos grupos volantes da IVª Agrupación de Guerrilleiros de Galicia.

En maio de 1948 son detidos pola garda civil os paisanos do concello da Estrada Manuel Rozados Marque, Manuel Agra Jorge e Antonio Carracedo Villar, como enlaces, encubridores e integrantes da Vª Agrupación de Guerrilleros de Galicia.

Manuel Rozados Marque: Natural e veciño Feitoso, Fraiz, concello de A Estrada, de labrego de profesión. Recoñece que na súa casa durmían e comían Julio Branganza alias o Miope, Benigno Andrade, Foucellas e Eugenio Rueda Perosanz, todos eles membros da Guerrilla.

Antonio Carracedo Villar. Natrual de Feitoso , Olives concello de A Estrada de profesión canteiro, que tamén recoñece ter na súa casa a Foucellas, Rueda, Ricardito, Constantino Mendez, Vicente Lopez, Miguel o Corcheiro todos eles membros da Guerrilla.

Manuel Agra Jorge, labrego, veciño do Feitoso concello de A Estrada.

A garda civil na comarca contaba con numerosos postos nos concellos de Agolada, Rodeiro, Silleda, Lalín e Carbia ao mando do Comandante da Garda Civil, Xefe do Sector Interprovincial de Lalín D. Manuel Montero Galvache. Unha das estratexias máis acertadas por parte da Garda civil foron a creación das contrapartidas, dependendo dos servizos de Información do 39 Tercio de Lalín; son membros da garda civil que vestidos de paisano lograban conectar coa xente tratando de recadar información sobre os do monte. Este servizo de información apoiados de confidentes da garda civil logran capturar a Benito González do lugar de Bustelo da parroquia de Lebozán do concello de Lalín, que tentaba conseguir armas e estaba á espera da entrega no muíño pequeno de Bustelo, baixo o contrasinal de *Hurra!* e contestación *Ra!*.

En xullo de 1947 regresa á comarca do Deza Adolfo Fernández Asorey, (a) *Alemparte*, membro do Partido Radical Republicano durante a IIª República en Agolada. En 1941 estivera detido polo suposto delito de encubrir a fuxidos, saíndo en liberdade o 28 de novembro do mesmo ano. O Alemparte pertencía ao destacamento guerrilleiro “Paco Barreiro” de Vigo. Volverá ao lugar de orixe tras a caída de Xamote en Lavadores en xuño de 1947. Catorce días máis tarde O Alemparte morreu furado polas balas no Muíño Pequeno, do lugar de Merlín, Agolada, polas forzas da garda civil ao mando do Brigada Barahona. Entre as súas pertenzas destacamos un Regulamento de Juventud republicana Radical e un libro da Constitución da república española de 1931.

No remate de 1947 créase a Vª Agrupación de Guerrilleiros fundada por Seoane, xefe militar da Guerrilla en Galicia, integrando a Benigno Andrade “Foucellas” como xefe da agrupación guerrilleira que actúa no norte da provincia de Pontevedra¹³. Foucellas xa era coñecedor da zona norte da provincia de Pontevedra, empregaba a casa dos Corcheiros como lugar de parada. Pasaba dúas noites e logo desaparecía tamén pola noite¹⁴. Nos principios de 1948 Miguel o Corcheiro, recibe unha carta con carimbo do Ejercito Guerrillero de Galicia, IV Agrupación. Destacamento Santiago Álvarez., onde se invita a ter unha entrevista cos membros do destacamento, con saúdos guerrilleiros, el *Jefe Foucellas*.

As ordes pronunciadas por Antonio Seoane, Xefe militar da Guerrilla en Galicia, son ben claras. Trátase de dar golpes cada vez máis soados coa intención de chamar a atención e por conseguinte desviar a atención da represión a outros puntos de Galicia¹⁵.

13 HARMUT H. A guerrilla Antifranquista en Galicia. Xerais, 1980.

14 NICOLAS ESPERANTE, A.

15 HARMUT H. A guerrilla Antifranquista en Galicia. Xerais, 1980.

As accións máis destacadas na comarca por parte da Vª Agrupación son as multas impostas a membros da Falanxe, como o caso de Marcelino González González veciño de Palio - Lalín, ex-sarxento do exercito franquista, esixíndolle a cantidade de cincuenta mil pts., como contribución á organización.

Outra das accións é o axustizamento de Xesús Cuñarro Mosteiro o 10 de febreiro de 1948 na parroquia de Cercio acusado pola agrupación de participar nos “paseos” durante o “Movimiento”.

Nesta liña de actuacións, unha das intencións eran poñer en práctica as execucións dos falanxistas Benito Rivas Fondevila e Pena de Fonteboa de Silleda. Segundo a agrupación guerrilleira foron os organizadores dos “paseos” en Silleda. Precisamente, o 9 de abril de 1948, no asalto á casa de Rivas en Siador, Miguel “O Corcheiro” é ferido polos disparos de escopeta producidos por Benito Rivas, poñendo practicamente fin da actividade guerrilleira na Comarca. O cadáver de Miguel presentaba máis feridas das que podía facer o Rivas e segundo a historia local, Miguel foi rematado polos propios compañeiros. Na autopsia o cadáver presenta máis de cinco feridas de arma curta. Á parte das cousas persoais aparece unha carta de Benigno Andrade que di así.

Cuando es elevado el espíritu de la lucha , la moral ha de ser proporcional a aquel puesto que nuestro interés combativo hacia la liberación de España y bien claro y sólo nosotros los camaradas hermanados tanto en el dolor como en las alegrías debemos criticarnos en nuestras acciones al objeto de formar bien sentado nuestro proceder por cualquier sitio donde pasemos.

En nuestros ratos de ocio, cuando nuestra mentalidad empieza a bajar, debemos procurar desterrar estos pensamientos malos y cultivar y perfeccionar con ejercicios de capacitación a nuestra manera de pensar y de obrar.

Desterrremos de nuestra mente los malos pensamientos y las malas acciones, pensemos cosas puras claras y saludables que el hombre es como piensa, yo invito a todos los camaradas a perfeccionar nuestro proceder puesto que... nos lleve hacia una sociedad mejor y más perfecta.

Benigno.

Por outra banda, Eugenio Rueda Perosanz, man dereita de Seoane, xunto con este último, detéñenos aos dous na Coruña, ao regreso dunha viaxe de Pamplona na procura de explosivos. A policía tiña moita información polo que seguro tiña localizada a casa de Seoane. Eugenio Rueda Perosanz foi executado na parroquia de Ombre en Pontedeume ás 7 da mañanciña do 16 de agosto de 1948.

As condicións da loita armada contra o Réxime de Franco non pararon de deteriorarse dende o remate da IIª guerra mundial. Existe un gran pesimismo dentro dos guerrilleiros e o peor é que o Partido Comunista e a Guerrilla son o mesmo.

Este libro, *Homenaxe a Antón Alonso Ríos
e Ramón de Valenzuela*, rematouse de imprimir
nos talleres de GrafinoVA, S.A.
de Santiago de Compostela,
o día 15 de decembro de 2006,
Día Internacional das
Relacións Humanas.

